



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 27 de agosto de 2020(863/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Abel Losada Álvarez
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e corenta e cinco minutos do día vinte e sete de agosto de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(661).- APROBACIÓN ACTAS: ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 06/08 E EXTRAORDINARIAS E URXENTES DE DATAS 10/08, 18/08 E 21/08 DE 2020.

Apróbanse as actas da sesión ordinaria do 6 de agosto e extraordinarias e urxentes de datas 10, 18 e 21 de agosto de 2020. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(662).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO MANTEMENTO DOS SISTEMAS DE SELADO DE TEMPO (TSU) E DE CLAVES CENTRALIZADAS (CKC) EN HSM. EXPTE. 9149/113.

Visto o informe xurídico do 05/08/2020 e o informe de fiscalización do 10/08/2020, dáse conta do informe-proposta de data 05/08/2020, asinado pola adxunta ao xefe do servizo de Admon. Electrónica, polo xefe do servizo, pola concelleira de área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda:

“ANTECEDENTES

1. En data 16/04/2020 iniciase o expediente para a contratación do mantemento dos sistemas de selado de tempo e de claves centralizadas en HSM
2. No dito expediente consta entre outra a seguinte documentación:
 - Informe de necesidade e idoneidade, asinado pola adxunta ao Xefe do servizo de Administración Electrónica e polo Xefe do servizo de Administración electrónica en data 14/04/2020, e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal de data 15/04/2020.
 - Memoria económica de data 21/05/2020, e memoria económica corrixida de data 20/07/2020, asinadas nas mesmas datas pola adxunta ao xefe do servizo e o Xefe do servizo de Administración Electrónica, e conformada pola Concelleira delegada de Xestión Municipal.
 - Prego de prescricións técnicas particulares, de data 25/05/2020, asinado pola adxunta ao xefe do servizo e polo Xefe do servizo de Administración Electrónica
 - Memoria xustificativa de data 20/07/2020, asinado pola adxunta ao xefe do servizo e polo Xefe do servizo de Administración Electrónica e co conforme da Concelleira delegada na mesma data.
 - Informe do Servizo de Contratación, de data 21/07/2020, sobre a realización das comprobacións necesarias
 - Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) para a contratación do servizo por procedemento negociado sen publicidade, asinado en data 04/08/2020 pola Técnica de Administración Xeral de Contratación por ausencia da Xefa do servizo de Contratación.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada polos decretos de delegación de Alcaldía de 18 e 26 de xuño de 2019 e acordo da



Concello de Vigo

Xunta de Goberno Local do 20 de xuño de 2019 nos concelleiros de Área. A concelleira delegada de Xestión Municipal mediante resolución, asinada o 16/04/2020, autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 17 da LCSP, tramitase como un contrato de servizo.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria económica xustifícase o prezo do contrato, o orzamento base de licitación e o valor estimado do contrato (artigo 102 LCSP), así como o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril). Na memoria xustificativa exprésanse as xustificacións relativas a: o procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP), a non división en lotes (artigo 99.3 LCSP), a insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP), o prazo de duración do contrato (artigo 29 LCSP), a solvencia esixida (artigos 87 a 91 LCSP), os criterios de adjudicación (artigo 145.1 LCSP) e das fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP), a non necesidade de fixar prazo de garantía (artigo 67.2.t RLCAP), e as tarefas críticas que non poden ser obxecto de subcontratación (artigo 215 LCSP).

O procedemento elixido para a contratación é negociado e a forma de tramitación do expediente a ordinaria.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Séptimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorpore o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Xa foron incorporados ao expediente os documentos económicos das retencións de crédito. O informe da fiscalización será incorporado pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Octavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de

contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento negociado ordinario, coa finalidade de realizar a contratación do mantemento dos sistemas de selado de tempo (TSU) e de claves centralizadas (CKC) en HSM:

- Informe de necesidade e idoneidade, asinado pola adxunta ao Xefe do servizo de Administración Electrónica e polo Xefe do servizo de Administración electrónica en data 14/04/2020, e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal de data 15/04/2020.
- Memoria económica de data 21/05/2020, e memoria económica corrixida de data 20/07/2020, asinadas nas mesmas datas pola adxunta ao xefe do servizo e o Xefe do servizo de Administración Electrónica, e conformada pola Concelleira delegada de Xestión Municipal.
- Prego de prescricións técnicas particulares, de data 25/05/2020, asinado pola adxunta ao xefe do servizo e polo Xefe do servizo de Administración Electrónica
- Memoria xustificativa de data 20/07/2020, asinado pola adxunta ao xefe do servizo e polo Xefe do servizo de Administración Electrónica e co conforme da Concelleira delegada na mesma data.
- Informe do Servizo de Contratación, de data 21/07/2020, sobre a realización das comprobacións necesarias
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) para a contratación do servizo por procedemento negociado sen publicidade, asinado en data 04/08/2020 pola Técnica de Administración Xeral de Contratación por ausencia da Xefa do servizo de Contratación.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 36.300,00€, que inclúe un IVE de 6.300,00€, dende o 01/09/2020, que se imputará as seguintes partidas por exercicio:

exercicio	concepto	partida	base	ive	total
2020	Mantemento da TSU	9207.2279900	4.500,00 €	945,00 €	5.445,00 €
2020	Mantemento do Sistema de CKC en HSM	9207.2279900	7.500,00 €	1.575,00 €	9.075,00 €
<i>Subtotal por partida en 2020:</i>			<i>12.000,00 €</i>	<i>2.520,00 €</i>	<i>14.520,00 €</i>
2020	Incremento 200 licenzas no sistema CKC	9207.2279902	6.000,00 €	1.260,00 €	7.260,00 €
<i>Total exercicio 2020:</i>			<i>18.000,00 €</i>	<i>3.780,00 €</i>	<i>21.780,00 €</i>



Concello de Vigo

2021	Mantemento da TSU	9207.2279900	4.500,00 €	945,00 €	5.445,00 €
2021	Mantemento do Sistema de CKC en HSM	9207.2279900	7.500,00 €	1.575,00 €	9.075,00 €
<i>Total exercicio 2021:</i>			<i>12.000,00 €</i>	<i>2.520,00 €</i>	<i>14.520,00 €</i>

TOTAL CONTRATO:	30.000,00 €	6.300,00 €	36.300,00 €
------------------------	--------------------	-------------------	--------------------

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(663).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN DIRECTA PARA O DESENVOLVEMENTO EN 2020 DO PROXECTO: “VIGO POR EL CONGO (ORFANATO KIMBONDO)”. EXPTE. 197759/301.

Visto o informe de fiscalización do 13/08/2020, dáse conta do informe-proposta de data 28/07/2020, asinado polo xefe de área de Benestar Social, polo asesor xurídico adxunto da área, pola concelleira-delegada de Política de Benestar Social e polo concelleiro-delegado de orzamentos e Facenda:

“I. ANTECEDENTES

I.1. En datas 03.03.2020 (Código solicitude W422188-1968; Docum. nº 200035856), 23.04.2020 (Códigos solicitudes W428762-8261, W428758-4008 e W428757-2450; Docums núms. 200051149, 200051137 e 200051120), 04.06.2020 (Código solicitude W436328-8929; Docum. nº 200101475) e 24.07.2020 (Certificado positivo AEAT), a «ASOCIACIÓN MALEMBE» presentou no Rexistro electrónico do Concello de Vigo unha solicitude de subvención para o desenvolvemento do proxecto: “Vigo por el Congo (Orfanato Kimbondo)”, co que se pretende levar a cabo no ano 2020 un programa educativo dirixido ós/ás nenos/as que viven en acollida na “Maison Foyer” do Orfanato Kimbondo, en Kinshasa (RDC).

I.2. Achegouse tamén (ou consta xa en poder desta Admón.) a documentación administrativa necesaria para a concesión da subvención: datos identificativos da entidade, Proxecto/Memoria xustificativa, certificacións administrativas de cumprimento das obrigas tributarias e coa SS.SS., escritura de constitución da Asociación, estatutos sociais, acreditación da representación, CIF, certificación bancaria actualizada, declaración de non estar inhabilitada nin incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións públicas, etc.

I.3. Mediante Resolución do 04.05.2020, a Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social ordenou a incoación de expediente administrativo para a tramitación e resolución de subvención a favor da «ASOCIACIÓN MALEMBE» para a execución dese proxecto.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- Declaración Universal de Dereitos humanos, 10 de decembro de 1948.

- Pacto Internacional de Dereitos Civís e Políticos, 19 de decembro de 1966.
- PIDESC (Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais, 19 de decembro de 1966).
- Convención internacional sobre os dereitos do neno, adoptada pola Asemblea Xeral da ONU o 20 novembro de 1989.
- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- Carta Europea de Autonomía local, Estrasburgo 15.10.1986 (BOE nº 47, 24.02.1989).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LO.2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostibilidade financeira.
- L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de Cooperación internacional para o desenvolvemento.
- L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado.
- L.3/2003, do 19 de xuño, de Galicia, de Cooperación para o desenvolvemento.
- D.29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- TRRL (RDLEX. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- RD.749/2010, do 16 de xuño, polo que se regulan as subvencións e axudas no ámbito da cooperación internacional que se concedan pola Admón. do Estado.
- TRLRFL (RDLEX. 2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- Orde EAH/3565/2008, do 3 de decembro, modificada pola Orde HAP 419/2014, do 14 de marzo, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades locais.
- RD.130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a BDNS e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.
- Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal sobre aplicación da L.5/2014.
- Nota informativa do 16.03.2016 da Intervención xeral municipal sobre a BDNS.

III. INFORME

III.1. Tal como resulta da documentación achegada, a «ASOCIACIÓN MALEMBE» foi constituída no ano 2017 ó abeiro da LO.1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación (Acta



Concello de Vigo

fundacional do 19.12.2017). Xustifica estar inscrita no “Registro Nacional de Asociacións” (nº 615542; 25.04.2018) e consta tamén a súa inscrición no Rexistro municipal de Asociacións da Concellería de Participación cidadá (nº 135-48; 27.09.2018).

III.2. De acordo cos Estatutos que rexen esta Asociación “*de carácter cultural y no lucrativo*”, os seus fins son:

«I.- Suplir las necesidades materiales, ya sea en el ámbito escolar o sanitario de los niños y jóvenes del Orfanato Mama Koko (Kimbondo, Kinshasa, RD Congo). II.- Procurarles una formación adecuada tras un seguimiento individualizado en términos educativos. III.- Llevar a cabo una labor de concienciación entre la juventud, respecto a la situación y mentalidad congoleñas, frente a su deber moral de preocuparse por su entorno. IV.- Establecer puentes culturales entre los jóvenes de los dos países, a través de programas de intercambio» (Art. 1 Estatutos).

III.3. O cumprimento dos seus fins poderá levalos a cabo a través de diferentes medios e instrumentos, entre os que se citan expresamente as eventuais subvencións que a Asociación poida obter dos organismos oficiais (Art. 11 Estatutos).

III.4. Segundo se informa no proxecto presentado ó Concello de Vigo pola «ASOCIACIÓN MALEMBE» (p.11 Prox. “*Vigo por el Congo*”):

«El proyecto consiste en darle continuidad a una parte del PROYECTO VIGO POR EL CONGO 2019. En concreto a la parte dedicada a dotar a la Maison Foyer, vivienda de los niños y niñas beneficiarios, de becas escolares de: educación especial, refuerzo y altas capacidades; a través de tres grupos dirigidos por profesorado contratado para ello. Y todo ello coordinado por un maestro vigués que está desplazado en RD Congo. Este programa educativo se lleva a cabo en coordinación con el programa pedagógico existente en el Orfanato (Anexo IX) y con personal experto de la Universidad Pedagógica Nacional de RD Congo, con quienes hemos firmado un convenio de colaboración (Anexo II).

En consonancia con el 4º objetivo de los Objetivos de Desarrollo Sostenible promovidos por la ONU, queremos financiar la educación de estos 50 menores, así como actuar de educadores integrales conviviendo con ellos en su misma vivienda ODS Objetivo 4: Garantizar una educación inclusiva, equitativa y de calidad y promover oportunidades de aprendizaje durante toda la vida para todos. Vamos incluso más allá realizando un seguimiento exhaustivo personalizado del desarrollo personal y la integración social de cada niña y niño...».

III.5. O proxecto da «ASOCIACIÓN MALEMBE» está dirixido a 32 nenos e 18 nenas orfos/as ou en acollida que viven no orfanato Kimbondo (Maison Foyer), nas aforas de Kinshasa, con idades comprendidas entre os 6 e os 13 anos.

Os obxectivos específicos deste programa son: «*Reforzar la alimentación de los niños y niñas del orfanato mejorando su calidad educativa con igualdad de oportunidades dando continuidad a las aulas de educación especial, refuerzo y altas capacidades*» (p.21 Prox. “*Vigo por el Congo*”).

O obxectivo da Asociación, a longo prazo, é o de garantirlles un futuro académico e profesional, acompañándoos/as ata que cumpran a maioría de idade.

III.6. O orzamento estimado pola «ASOCIACIÓN MALEMBE» para levar a cabo este proxecto humanitario en 2020 ascende a 15.102,83€ e nos vixentes orzamentos municipais está prevista a concesión dunha subvención nominativa por importe de 10.000 € (DEZ MIL EUROS) a favor desa Asociación con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.16 (“Malembe”).

III.7. A posibilidade da súa concesión directa á entidade designada nos orzamentos está prevista expresamente nos Arts. 22.2.a) da LXS e no Art. 19.4.a) da LSG. Para estes efectos, teñen a consideración de «*subvencións previstas nominativamente nos orzamentos municipais*» aquelas cuxo obxecto, dotación orzamentaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do orzamento.

Ademais, a Disposición adicional 2ª da LSG, posta en relación co seu Art. 19.4, posibilita tamén a concesión directa das subvencións en materia de cooperación para o desenvolvemento reguladas na L.3/2003, do 19 de xuño, que inclúe entre os obxectivos desa cooperación a atención ás situacións de emerxencia das poboacións máis desfavorecidas que precisen da cooperación externa, tanto mediante axuda humanitaria como mediante accións dirixidas á reconstrución e ó restablecemento institucional.

Con todo, faise constar que, a fin de promover a publicidade e a concorrència no outorgamento de axudas municipais á cooperación internacional que deben presidir esta materia, os servizos técnicos e xurídicos do Servizo de Benestar Social redactaron no ano 2016 unhas Bases que rexerían a concesión de subvencións a Organizacións Non Gubernamentais de Desenvolvemento (ONGD) para a realización de proxectos de cooperación internacional, que foron informadas favorablemente polo Asesor xurídico da Área (22.07.2016) e pola Intervención xeral municipal (30.08.2016), aínda que finalmente non foron aprobadas pola XGL (Exp. nº 129097/301).

III.8. O procedemento para a concesión destas subvencións iniciárase de oficio polo centro xestor do crédito orzamentario ó que se imputa á subvención ou por instancia do interesado e rematará coa resolución de concesión ou coa formalización do correspondente convenio.

A concesión desta subvención estará suxeita, especificamente, ás condicións e compromisos establecidos na propia Resolución de concesión (Art. 26 LSG, Art. 28 LXS, Art. 67 RD.887/2006 e Base 38 das de execución dos orzamentos xerais): obxecto, beneficiarios, crédito orzamentario, compatibilidade/incompatibilidade con outras subvencións, pagamento e xustificación, etc.

III.9. As competencias municipais en materia de cooperación internacional descentralizada atopan fundamento tanto na lexislación de réxime local (Arts. 2 e 25 LRBRL, 80.1 LALGA...) como, especificamente, na lexislación sectorial estatal e autonómica. Así:

□A L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de Cooperación internacional para o desenvolvemento, habilita expresamente para que desde as entidades locais se leven a cabo accións e programas incluíbles no concepto de “*cooperación para o desenvolvemento*”, expresión solidaria da sociedade local que, en todo caso, basearase nos principios de autonomía orzamentaria e autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución (no marco da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento) e no de colaboración entre Admóns. Públicas, tocante ó acceso e participación da información e máximo aproveitamento dos recursos públicos. A lei inclúe entre os obxectivos da política de cooperación internacional a prevención e atención das situacións de emerxencia mediante a prestación de accións de axuda humanitaria (Arts. 3 e 20).



Concello de Vigo

□A L.3/2003, do 19 de xuño, de Galicia, de Cooperación para o desenvolvemento, recoñece tamén esa mesma capacidade municipal para intervir en materia de cooperación internacional, considerando ás entidades locais como *“axentes da cooperación internacional para o desenvolvemento”* (Art. 23.1.a)).

□Finalmente, a L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado, reafirma que as entidades locais poden actuar no eido da cooperación internacional para o desenvolvemento e expresa que a Acción exterior neste sector orientarase a contribuír á erradicación da pobreza, ó desenvolvemento humano sostible e ó pleno exercicio dos dereitos, mediante a consolidación dos procesos democráticos e o Estado de Dereito, a redución das desigualdades, o fomento dos sistemas de cohesión social, a promoción dos dereitos das mulleres e a igualdade de xénero, dando unha resposta de calidade ás crisis humanitarias.

A seguir, enumera entre os suxeitos da Acción Exterior do Estado ás Admóns. Públicas (entre as que, loxicamente, inclúese a Admón. local) e prescribe o deber dos órganos constitucionais, as CCAA, as Cidades Autónomas, *«as entidades que integran a Administración Local»* e os organismos, entidades e institucións delas dependentes de manter informado ó Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación das súas propostas sobre actuacións con proxección exterior, para que este departamento poida informar e, de ser o caso, emitir recomendacións motivadas sobre a adecuación da proposta de actuación ás directrices, fins e obxectivos da Política Exterior fixados polo Goberno e os instrumentos de planificación establecidos por esta lei (Arts. 5, 11 e ccdtes.).

Esta atribución competencial realizada pola lexislación sectorial en materia de cooperación internacional para o desenvolvemento ten fundamento mediato na propia CE/1978 (Preámbulo, Título Preliminar, Arts. 9.2, 10, 137...) e resulta congruente co contido do Art. 10.3 da Carta Europea de Autonomía local, ratificada por España, que establece que as entidades locais poderán, nas condicións eventualmente previstas pola Lei, cooperar coas entidades doutros Estados.

Outra cousa é o alcance do exercicio desta competencia, que estará necesariamente supeditado ás directrices da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento e delimitado pola aplicación dos principios de colaboración, autonomía orzamentaria, autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución e cumprimento da lexislación en materia de estabilidade e sostibilidade orzamentaria.

III.10. No proxecto presentado ó Concello de Vigo pola «ASOCIACIÓN MALEMBE» inclúese un apartado específico relativo á xustificación da súa coherencia coa política de acción humanitaria da CA de Galicia.

En efecto, «IV Plan Director da Cooperación Galega 2018 – 2021» sinala que *«A erradicación da pobreza en todas as súas dimensións, en todos os lugares e na xeración actual e futura constitúe a principal arela, centro da política pública de cooperación e da Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible, e deberá operar como a prioridade e o horizonte do conxunto das actividades da cooperación galega»*.

Podemos engadir que tamén estaría en coherencia coas políticas de acción humanitaria do Estado contidas no actual «V Plan Director da Cooperación Española 2018 – 2021» (Apdo. 1.2. *“Retos de la Cooperación Española”*; subapdo. 1.2.1. *“Retos globales de desarrollo”*).

Igualmente, xustifícase a súa adecuación á consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da ONU: ODS 1, Fin da Pobreza; ODS 2, Fame 0; ODS 3, Saúde e Benestar; ODS 4, Educación de calidade e ODS 5, Igualdade.

A República Democrática de Congo ocupa o posto nº 179 dun total de 189 países no Índice de Desenvolvemento Humano (IDH) e figura entre os máis pobres do mundo. Como se informa no proxecto presentado:

«El 43 % de la población adulta no está alfabetizada y el 45% del total de niños y niñas que se matriculan en educación primaria acaban abandonando la escuela. Además, muchas familias no pueden hacer frente a las cuotas escolares (90\$/año); si bien esto está cambiando, pues están en pleno proceso político de hacer gratuita la educación obligatoria...» (p.16 Prox. “Vigo por el Congo”).

III.11. Toda vez que ten transcendencia económica, antes da súa aprobación polo órgano competente (XGL), o expediente deberá ser sometido a informe preceptivo de fiscalización previa pola Intervención xeral municipal (Art. 214 TRLRFL), a fin de verificar a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender ás obrigas de contido económico derivadas da concesión da subvención.

III.12. O informe xurídico dáse por evacuado nos termos contidos no presente informe-proposta, redactado e asinado polo Asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar social (Resolución Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal do 07.02.2013).

IV. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local (Art. 127.1.g) LRBRL, Art. 31 LSG e ccdtes.), previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Conceder á «ASOCIACIÓN MALEMBE» unha subvención directa (nominativa) por importe de 10.000€ (DEZ MIL EUROS) para o desenvolvemento en 2020 do proxecto: “Vigo por el Congo (Orfanato Kimbondó)”, de acordo coa documentación e a proposta presentadas ó Concello de Vigo (Exps. núms. 197759/301 e 196943/301).

SEGUNDO.- Aprobar e autorizar o gasto de 10.000€ con cargo á aplicación nº 2310.480.00.16 (“Malembe”) dos orzamentos vixentes, a favor da «ASOCIACIÓN MALEMBE», CIF G27855220.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión

CUARTO.- A concesión desta subvención rexerese polas seguintes Estipulacións:

1ª.- *Obxecto*: o obxecto desta subvención será a execución no ano 2020 do programa educativo da «ASOCIACIÓN MALEMBE»: “Vigo por el Congo (Orfanato Kimbondó)”, dirixido ós/ás nenos/as que viven en acollida na “Maison Foyer” do Orfanato Kimbondó, en Kinshasa (RDC) e



Concello de Vigo

co que se pretende reforzar a súa alimentación e mellorar a calidade educativa con igualdade de oportunidades, dando continuidade ás aulas de educación especial, reforzo e altas capacidades.

2ª.- *Beneficiarios/as e modalidades de axuda:* as persoas beneficiarias directas da axuda municipal serán 32 nenos e 18 nenas orfos/as ou en acollida que viven no orfanato Kimbondó (Maison Foyer), con idades comprendidas entre os 6 e os 13 anos.

3º.- *Crédito orzamentario:* o gasto que representa para o Concello de Vigo esta subvención (10.000€) poderá financiarse con cargo á aplicación nº 2310.480.00.16 ("*Malembe*") dos vixentes orzamentos municipais.

4º.- *Pagamento:* tendo en conta as características humanitarias do proxecto (enmarcable nas axudas de cooperación ó desenvolvemento), realizarase un pagamento anticipado polo 100% do importe concedido, que se xustifica legalmente na necesidade de acadar unha maior eficacia e eficiencia na xestión dos fondos públicos destinados á cooperación para o desenvolvemento, tal como se indica na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da L.9/2007 (LSG), que permite arbitrar nas bases reguladoras da subvención "sistemas específicos de pagamentos anticipados de ata o 100% da subvención concedida" («Réxime especial das axudas en materia de cooperación exterior»).

Dacordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, Regulamento da Lei xeral de subvencións e a propia Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG, non será esixible a constitución de garantías.

5º.- *Compatibilidade:* esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

6ª.- *Xustificación:* ó abeiro do previsto na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG, establécese un réxime especial de xustificación.

A documentación xustificativa da subvención deberá achegarse necesariamente **antes do 01.11.2020** a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela.

A entidade beneficiaria deberá presentar un informe final que constará de dúas partes:

1ª) Xustificación técnica: indicará co máximo detalle posible as actividades realizadas, obxectivos acadados e resultados obtidos.

2ª) Xustificación económica: comprenderá toda a documentación que acredite os gastos efectuados con cargo á subvención concedida e realizárase mediante conta xustificativa que incluíra a declaración das actividades realizadas e o seu custo, coa desagregación de cada un dos gastos realizados.

A xustificación técnica incluíra:

- a) Certificación da persoa que ostente a representación legal da entidade beneficiaria acreditativa da total realización do proxecto e da aplicación dos fondos ó fin destinado.
- b) Informe final de execución sobre os obxectivos, actividades e resultados acadados polo proxecto. Deberá estar asinado pola persoa responsable da xestión técnico-económica do proxecto.

A xustificación económica comprenderá toda a documentación que acredite os gastos efectuados con cargo á subvención concedida. A conta xustificativa será con entrega de informe de auditor/a, que incluíra:

- a) Certificación dos gastos polo importe total do proxecto, asinada pola persoa que ostente a representación legal da entidade beneficiaria.
- b) (De ser o caso) Declaración responsable do representante legal da entidade, complementaria e actualizada, doutras axudas solicitadas, pendentes de resolución, outorgadas ou recibidas para o proxecto subvencionado.
- c) Relación de todos os gastos efectuados, con indicación da data e do número da factura ou do documento xustificativo do gasto, identificación do emisor das mesmas, data e forma de pagamento e descrición do gasto co seu importe en moeda local e o seu equivalente en euros.
- d) Informe do/a auditor/a de contas, que deberá estar inscrito/a como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas (ROAC) no caso de ser realizada por persoal sometido á lexislación española. Tamén poderá ser realizada por auditores/as exercentes no país onde se leve a cabo o proxecto, sempre que no país de referencia exista un réxime de habilitación para o exercicio da actividade de auditoría de contas.

A presentación da auditoría coma forma xustificativa do gasto non exime á entidade beneficiaria da subvención do mantemento do soporte documental de acordo cos prazos estipulados pola normativa aplicable.

A beneficiaria deberá facilitar, de ser o caso, a información complementaria que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

7ª.- *Protección de datos*: en cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos



Concello de Vigo

persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto desta Resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial aplicable. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

8ª.- *Réxime xurídico aplicable:* A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexeráse, ademais de polas anteriores estipulacións, pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006; as Bases de Execución dos orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente para os intereses municipais."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(664).- RECOÑECEMENTO DO ABONO A CONTA DA INDEMNIZACIÓN POLOS DANOS E PERDAS CAUSADOS POLA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DA CASA DAS MULLERES . EXPTE. 6453/241.

Visto o informe de fiscalización do 25/08/2020, dáse conta don informe-proposta de data 24/08/2020, asinado pola xefa do servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de área, que di o seguinte:

“LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSF).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer freto ao impacto económico e social do COVID-19 (RDL 8/2020).
- Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.
- Real Decreto 514/2020, de 8 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionado polo COVID-19.
- Orde SND/399/2020, de 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da Fase 1 do Plan para a transición cara unha nova normalidade.
- Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020, de ampliación do primeiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 14 de marzo de 2020, do terceiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 15 de marzo de 2020, do cuarto paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de data 11 de maio de 2020, do vixésimo noveno paquete de medidas do COVID-19.



Concello de Vigo

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 25 de outubro de 2018, a Xunta de Goberno local (en adiante, XGL), adjudicou a Xermolo Dinamización Sociocultural S.L., o procedemento aberto para a contratación da xestión e dinamización da Casa das Mulleres (expediente 8398-224).

Segundo.- En data 23 de marzo de 2020, XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. presentou escrito no que solicita a imposibilidade de execución do contrato como consecuencia do Covid-19 así como a indemnización dos danos e perdas.

Terceiro.- En data 9 de abril de 2020, a XGL acordou:

“1º.- Declarar a imposibilidade total de execución do contrato de servizos para a XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DA CASA DAS MULLERES (8.398-224), formalizado con XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19.

2º.- A suspensión terá efectos desde o 14 de marzo de 2020, data na que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. Para estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión”.

Cuarto.- A Xunta de Goberno local, na sesión ordinaria do 5 de xuño de 2020, acordou:

“1º.- Reanudar a execución totaldo contrato de servizos para a XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DINAMIZACIÓN DA CASA DAS MULLERES (expte. 8398-224) o luns 8 de xuño de 2020, nos termos e condicións establecidos nos pregos, adaptando a organización do centro á normativa vixente, e ás normas e instrucións que diten as autoridades sanitarias en cada momento, en coordinación coa Concellería de Igualdade. A atención ao público e as actividades de dinamización e participación social pasará a desenvolverse telefonica e telematicamente en tanto non se proceda á atención presencial cando as condicións o permitan.”

Quinto.- En data 14 de xuño de 2020, a entidade XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., achega a través do Rexistro Electrónico do Concello (documento número 200105807) escrito de solicitude de indemnización dos danos e perdas consecuencia da suspensión do contrato administrativo de xestión e dinamización da Cada das Mulleres (expte. 8.398-224), de acordo co establecido no artigo 34 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, polo período do 14 de marzo ao 7 de xuño de 2020. Esta solicitude complementa a formulada o 23 de marzo. Con data do 26 de xullo de 2020 a empresa presenta nova documentación acreditativa.

Sexto.- En data 28 de xullo de 2020, a xefa do Servizo de Igualdade informa favorablemente esta solicitude.

Sétimo.- En data 7 de agosto de 2020, a Intervención Xeral, solicita a ampliación da documentación achegada pola empresa.

Oitavo.- En data 10 de agosto de 2020, XERMOLLO achega a documentación solicitada.

Noveno.- En data 12 de agosto de 2020, o servizo xestor informa o seguinte:

"I. Con data 14 de xuño de 2020, a entidade Xérmolo, Dinamización Sociocultural SL (empresa adxudicataria do contrato vixente para a xestión e dinamización da Cada das Mulleres , Expte 8398-224) presenta no Rexistro Xeral do Concello de Vigo solicitude de indemnización polo periodo de tempo no que o contrato adxudicado estivo suspendido, periodo comprendido entre o 14/03/2020 e o 07/06/2020 . Mediante documento nº 200105807 presenta solicitude ao órgano de contratación do Concello de Vigo para que se validen os danos e prexuízos relacionados co expediente adxudicado por importe de 3.244,69 € (IVE incluído). Estes gastos comprenden gastos salariais, porcentaxe de garantía definitiva, porcentaxe de gastos relativos aos equipos adscritos directamente ao programa e porcentaxe de gastos correspondentes á poliza de seguros prevista no prego de condicións e vinculadas ao obxecto do contrato (FEC 13.A: seguro de responsabilidade civil).

Coa dita solicitude achega a seguinte documentación:

- nómina do mes de febreiro de 2020 da traballadora adscrita ao contrato .*
- pago de data 16-10-2018 da garantía definitiva do contrato adxudicado expte 8398-224*
- pago de data 07-10-2019 da póliza do seguro de R.C.G*

En data 18.07.2020 mediante documento nº 200130203 a entidade presenta no Rexistro Xeral do Concello documentación complementaria solicitada por este órgano xestor:

- nóminas da traballadora adscrita ao contrato dos meses de marzo, abril, maio e xuño, asinadas electrónicamente pola empresa e pola traballadora.*
- xustificante de pago dos seguros sociais do período marzo, abril e maio (último mes pagado)*
- xustificante de pago do seguro de Responsabilidade Civil para o período outubro 2019 a outubro 2020.*

En data 26.07.2020 mediante documentos nº 200135377 e nº 200135382 a entidade presenta no Rexistro Xeral do Concello nova documentación complementaria solicitada por este órgano xestor:

- Xustificantes de pagos das nóminas da traballadora adscrita ao contrato do periodo comprendido entre os meses de marzo, abril, maio e xuño de 2020.*
- Xustificante de pago dos seguros sociais realizados do período comprendido entre os meses de marzo, abril e maio. Aporta xustificación do seguro social de xuño pero non a xustificación do pago realizado, comunicando que a entidade bancaria cursa o recibo a finais do mes de xullo. Sen embargo, mediante declaración asinada comprométese a poñer a disposición do*



Concello de Vigo

Concello a documentación necesaria e requirida tan pronto dispoña da mesma.

- *Declaración xurada de data 26.07.2020 na que a adxudicataria declara atoparse ao corrente do Imposto da Renda das Persoas Físicas retido á traballadora nas súas nóminas e das cotas da Seguridade Social, e que se compromete a manter o cumprimento de ditas obrigas de pago polo tempo de suspensión dos contratos, pondo a disposición do Concello de Vigo a documentación que así o acredite tan pronto dispoña da mesma ou cando sexa requirida.*
- *Tamén declara que o ordenador adscrito ao servizo non foi empregado para outros fins na medida en que está depositado nas instalacións do servizo e só se emprega para este proxecto.*

En data 29.07.2020 o servizo de Contratación envía o expediente a Intervención Xeral para a súa fiscalización. Se ben, mediante dilixencia de data 07.08.2020 Intervención Xeral devolve o expediente ao servizo de Igualdade co obxecto de que, por parte deste servizo xestor, se proceda a revisar e cuantificar novamente o importe das indemnizacións a aprobar, pois a proposta contén conceptos (amortización do ordenador, xuros legais, IVE) non recollidos expresamente na lista pechada dos danos e prexuízos polos que os contratistas poderán ser indemnizados segundo o establecido no artigo 34.1 do Real Decreto Lei 8/2020, de aplicación aos contratos públicos de servizos de prestacións sucesivas, como é o presente caso. Asemade, solícítase que a empresa adxudicataria amplíe a declaración responsable ao respecto das seguintes cuestións:

- *"Que a traballadora adscrita ao contrato non desfrutou do permiso retribuído recuperable ao que fai mención o Real Decreto 10/2020, a desfrutar entre el 30 de marzo y 9 de abril de 2020, polo que non ten horas que recuperar por ese concepto.*
- *Que a traballadora adscrita ao servizo, durante a suspensión do mesmo, no foi destinada pola empresa a outros traballos alleos aos asociados ao servizo contratado".*

En base ao anteriormente exposto, en data 07/08/2020, este servizo xestor requírelle á adxudicataria documentación complementaria, que esta presenta en data 09/08/2020 a través do Rexistro Electrónico Municipal, mediante documento nº: 200144258 e que consta da seguinte documentación:

- *Solicitud de ao órgano de contratación do Concello de Vigo para que se validen os danos e prexuízos relacionados co expediente adxudicado por importe de 2.636,09 euros. Estes gastos comprenden gastos salariais e porcentaxe de gastos correspondentes á poliza de seguros prevista no prego de condicións e vinculadas ao obxecto do contrato (FEC 13.A: seguro de responsabilidade civil).*
- *Declaración responsable asinada por representante legal da entidade en data 09/08/2020 en relación as seguintes cuestións:*

- *Que a empresa non presentou solicitude de ERTE que afecte as traballadoras adscritas ao contrato desde a declaración do estado de alarma e ata a reanudación do servizo.*
- *Que a traballadora adscrita ao contrato non desfrutou do permiso retribuído recuperable ao que fai mención o Real Decreto 10/2020, a desfrutar entre el 30 de marzo e 9 de abril de 2020, polo que non ten horas que recuperar por ese concepto.*
- *Que a traballadora adscrita ao servizo, durante a suspensión do mesmo, no foi destinada pola empresa a outros traballos alleos aos asociados ao servizo contratado.*
- *Que a empresa Xermolo Dinamización Sociocultural SL atópase ao corrente do Imposto da Renda das Persoas Físicas retido á traballadora nas súas nóminas e das cotas da Seguridade Social, e que se compromete a manter o cumprimento de ditas obrigas de pago polo tempo de suspensión dos contratos, pondo a disposición do Concello de Vigo a documentación que así o acredite tan pronto dispoña da mesma ou cando sexa requirida.*

II. Unha vez analizada a documentación achegada, coa que a funcionaria que subscribe, responsable técnica do contrato, manifesta a súa conformidade, valórase procedente a indemnización á adxudicataria Xermolo, Dinamización Sociocultural SL con CIF B27762681, pola suspensión do contrato para a xestión e dinamización da Casa das Mulleres durante o período comprendido entre o 14.03.2020 ao 07.06.2020 polo importe total de 2.636,09 euros distribuído nos seguintes conceptos de gasto:

Gastos salariais: 2.602,02 €

Gastos relativos á poliza de seguros R.C: 34,07 €

Total: 2.636,09 €

III. O importe desta indemnización aplicarase con cargo ao crédito comprometido para a xestión deste contrato contabilizado co número de operación AD 202000003636 da partida 2311 2279910 "Dinamización Casa das Mulleres" do orzamento vixente da Concellería de Igualdade".

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

RECOÑECEMENTO DO DEREITO A SER INDEMNIZADO POLOS DANOS E PERDAS CAUDADOS POLA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19

No artigo 34 RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo regúlanse as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19, entre as que se regula a suspensión total ou parcial



Concello de Vigo

daqueles contratos públicos de servizos e de subministro de prestación sucesiva, á entrada en vigor do Real Decreto, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público, cuxa execución debeña imposible como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.

Dita suspensión terá efectos desde que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. Para estes efectos, entenderase que a prestación pode reanudarse cando, cesando as circunstancias ou medidas que a viñeran impedindo, o órgano de contratación notificara ao contratista o fin da suspensión.

Asemade cando se produza a suspensión dun contrato público, a entidade adxudicadora deberá aboar ao contratista os danos ou prexuízos efectivamente sufridos por este durante o período de suspensión, previa solicitude e acreditación fidedigna da súa realidade, efectividade e contía polo contratista.

Os danos e perdas polos que o contratista poderá ser indemnizado serán unicamente os seguintes:

1.º Os gastos salariais que efectivamente abonara o contratista ao persoal que figurara adscrito na data 14 de marzo de 2020 á execución ordinaria do contrato, durante o período de suspensión. Ditos gastos incluírán os relativos ás cotizacións de Seguridade Social que corresponderan.

En caso de que entre o persoal que figurara adscrito á execución ordinaria do contrato na data 14 de marzo de 2020, durante o período de suspensión, se atope persoal afectado polo permiso retribuído recuperable previsto no Real Decreto Lei 10/2020, de 29 de marzo, o abono pola entidade adxudicadora dos correspondentes gastos salariais terá o carácter de abono a conta pola parte correspondente ás horas que sexan obxecto de recuperación nos termos do artigo 3 de dito Real Decreto Lei, a ter en contra na liquidación final do contrato.

2.º Os gastos por mantemento da garantía definitiva relativos ao período de suspensión do contrato.

3.º Os gastos de alugueres ou custos de mantemento de maquinaria, instalacións e equipos relativos ao período de suspensión do contrato, adscritos directamente á execución do contrato, sempre que o contratista acredite que estes medios non puideron ser empregados para outros fins distintos durante a suspensión do contrato.

4.º Os gastos correspondentes ás pólizas de seguro prevista no prego e vinculadas ao obxecto do contrato subscritas polo contratista e que estean vixentes no momento da suspensión do contrato.

Dita indemnización soamente procederá cando o órgano de contratación, a instancia do contratista apreciara a imposibilidade de execución do contrato como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.

Non se aboarán indemnizacións por extinción ou suspensión dos contratos de traballo nin o 3 por 100 do prezo das prestacións que deberá haber executado o contratista durante o período de suspensión consonte ao previsto no programa de traballo ou no propio contrato.

-II-

PROCEDIMENTO PARA O RECOÑECIMENTO DO DEREITO A SER INDEMNIZADO POLOS DANOS E PERXUÍZOS CAUDADOS POLA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19

No devandito artigo 34 do RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo,regúlase o seguinte procedemento para o recoñecemento do dereito a ser indemnizado polos danos e perxuízos causados pola suspensión da execución do contrato como consecuencia do coronavirus COVID-19 :

1.- Solicitud: o contratista deberá solicitar a declaración de imposibilidade de execución ao órgano de contratación reflectindo as razóns polas que a execución do contrato deveu imposible; o persoal, as dependencias, os vehículos, a maquinaria, as instalacións e os equipos adscritos á execución do contrato nese momento; e os motivos que imposibilitan o emprego polo contratista dos medios citados noutro contrato.

2.- Declaración de imposibilidade de execución do contrato como consecuencia do COVID-19: o órgano de contratación a instancia do contratista deveu apreciar a imposibilidade de execución como consecuencia do COVID-19 e, en consecuencia a suspensión da execución do contrato.

3.- Resolución: o órgano de contratación resolverá a solicitude de indemnización formulada polo contratista no prazo máximo de tres meses contados desde a data de entrada da solicitude no Rexistro electrónico do Concello de Vigo, elo de conformidade co artigo 21.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. O transcurso de dito prazo sen que a Administración resolva determinará a desestimación da solicitude por silencio. Non entanto, a Administración poderá adoptar unha resolución expresa posterior ao vencemento do prazo non vinculada ao sentido do silencio, tal e como dispón o artigo 24.3.b) da LPAC.

O dereito a reclamar a indemnización prescribe ao ano contado desde que o contratista recibe a orde de reanudar a execución do contrato consonte ao artigo 208.2.c) da LCSP.

Nos contratos de servizos e de subministracións de prestación sucesiva que estean suspendidos o órgano de contratación poderá conceder a instancia do contratista un anticipo a conta do importe estimado da indemnización que lle puidera corresponder. O abono do anticipo poderá realizarse nun solo pagamento ou mediante pagamentos periódicos. Este importe anticipado descontarase, no seu momento, da liquidación definitiva dos danos e perdas ocasionados pola suspensión do contrato.

No caso que nos ocupa o contratista presenta solicitude de indemnización polo período 14 de marzo a 7 de xuño de 2020.

A lei permite ó órgano de contratación esixir para efectuar o anticipo que este se asegure mediante calquera das formas de garantía previstas na LCSP. Máis esta Administración opta por non esixir estas garantías.

A solicitude presentada polo contratista en relación ao recoñecemento do dereito a ser indemnizado polos danos e perdas causados como consecuencia da suspensión da execución do contrato cumpre cos requisitos esixidos na normativa aplicable e foi informada favorablemente polo servizo xestor.



Concello de Vigo

En consecuencia, e de conformidade cos informes obrantes no expediente procede acordar o recoñecemento do dereito a ser indemnizado polos danos e perdas causados como consecuencia da suspensión da execución do contrato de xestión e dinamización da Cada das Mulleres (expediente 8.398-224) formalizado con XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., declarada mediante acordo da Xunta de Goberno local de data 9 de abril de 2020 con efectos desde o 14 de marzo de 2020 ata o 7 de xuño de 2020 (día previo ao da reanudación do servizo) por un importe total de 2.636,09 euros desagregado nos seguintes conceptos de gasto:

- Gastos salariais: 2.602,02 €
- Gastos relativos á poliza de seguros de responsabilidade civil: 34,07 €

-III-

COMPETENCIA

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

ACORDO

“1º.- Recoñecer o dereito de XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. a ser indemnizado polos danos e perdas causados como consecuencia da suspensión da execución do contrato de xestión e dinamización da Cada das Mulleres (expte. 8.398-224), declarada mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de abril de 2020 con efectos desde o 14 de marzo de 2020 ata o 8 de xuño de 2020 (data na que se reanuda o servizo), por un importe total de 2.636,09 euros, o cal se desagrega nos seguintes conceptos:

- *Gastos salariais: 2.602,02 €*
- *Gastos relativos á poliza de seguros de responsabilidade civil: 34,07 €*

O importe da indemnización aplicarase con cargo ao crédito comprometido para a xestión deste contrato contabilizado co número de operación AD 202000003636 da aplicación orzamentaria 2311 2279910 "Dinamización Casa das Mulleres" do orzamento vixente da Concellería de Igualdade”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(665).- RECOÑECEMENTO DO ABONO A CONTA DA INDEMNIZACIÓN POLOS DANOS E PERDAS CAUSADOS POLA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN E RECURSOS FEMINISTAS. EXPTE. 6454/241.

Visto o informe de fiscalización do 25/08/2020, dáse conta don informe-proposta de data 24/08/2020, asinado pola xefa do servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de área, que di o seguinte:

“LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSF).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer freto ao impacto económico e social do COVID-19 (RDL 8/2020).
- Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.
- Real Decreto 514/2020, de 8 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionado polo COVID-19.
- Orde SND/399/2020, de 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da Fase 1 do Plan para a transición cara unha nova normalidade.
- Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020, de ampliación do primeiro paquete de medidas COVID-19.



Concello de Vigo

- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 14 de marzo de 2020, do terceiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 15 de marzo de 2020, do cuarto paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de data 11 de maio de 2020, do vixésimo noveno paquete de medidas do COVID-19.

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 31 de outubro de 2018 a Xunta de Goberno local (en adiante, XGL) adjudicou a Xermolo Dinamización Sociocultural SL., o procedemento aberto para a contratación da xestión e dinamización do Centro de Documentación e Recursos Feministas de Vigo (expediente 8568-224).

Segundo.- En data 23 de marzo de 2020, XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., presentou escrito no que solicita a imposibilidade de execución do contrato como consecuencia do Covid-19 así como a indemnización dos danos e perdas.

Terceiro.- En data 9 de abril de 2020, a XGL acordou:

“1º.- Declarar a imposibilidade total de execución do contrato de servizos para a XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN E RECURSOS FEMINISTAS DO CONCELLO DE VIGO (8568-224), formalizado con XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19.

2º.- A suspensión terá efectos desde o 14 de marzo de 2020, data na que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. Para estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión”.

Cuarto.- A Xunta de Goberno local, na sesión ordinaria do 5 de xuño de 2020, acordou:

“1º.- Reanudar a execución totaldo contrato de servizos para a XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN E RECURSOS FEMINISTAS DO CONCELLO DE VIGO (8.568-224) o luns, 8 de xuño de 2020 nos termos e condicións establecidos nos pregos, adaptando a organización do centro á normativa vixente, e ás normas e instrucións que diten as autoridades sanitarias en cada momento, en coordinación coa Concellería de Igualdade. As actividades de dinamización e extensión cultural realizaranse polo momento de forma telefónica e telemática, en tanto non se poidan realizar de maneira presencial cando as condicións o permitan”.

Quinto.- En data 14 de xuño de 2020, a entidade XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., achega a través do Rexistro Electrónico do Concello (documento número 200105809) escrito de solicitude de indemnización dos danos e perdas consecuencia da suspensión do contrato administrativo de xestión e dinamización do Centro de Documentación e Recursos Feministas (expte. 8.568-224), de acordo co establecido no

artigo 34 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, polo período do 14 de marzo ao 7 de xuño de 2020. Esta solicitude complementa a formulada o 23 de marzo. O 26 de xullo de 2020 a empresa presenta nova documentación xustificativa (documentos nº 200135378 e 200135384).

Sexto.- En data 27 de xullo de 2020, a xefa do Servizo de Igualdade informa favorablemente esta solicitude.

Sétimo.- En data 7 de agosto de 2020, a Intervención Xeral, solicita a ampliación da documentación achegada pola empresa.

Oitavo.- En data 10 de agosto de 2020, XERMOLLO achega a documentación solicitada.

Noveno.- En data 12 de agosto de 2020, o servizo xestor informa o seguinte:

“1. Con data 14 de xuño de 2020, a entidade Xérmolo, Dinamización Sociocultural SL (empresa adxudicataria do contrato vixente para a xestión e dinamización do Centro de Documentación e Recursos Feministas, Expte 8568-224) presenta no Rexistro Xeral do Concello de Vigo solicitude de indemnización polo período de tempo no que o contrato adxudicado estivo suspendido, período comprendido entre o 14/03/2020 e o 07/06/2020 . Mediante documento nº 200105809 presenta solicitude ao órgano de contratación do Concello de Vigo para que se validen os danos e prexuízos relacionados co expediente adxudicado por importe de 2.948,77 € (IVE incluído). Estes gastos comprenden gastos salariais, porcentaxe de garantía definitiva, porcentaxe de gastos relativos aos equipos adscritos directamente ao programa e porcentaxe de gastos correspondentes á póliza de seguros prevista no prego de condicións e vinculadas ao obxecto do contrato (FEC 13.A: seguro de responsabilidade civil).

Coa dita solicitude achega a seguinte documentación:

- nómina do mes de febreiro de 2020 da traballadora adscrita ao contrato .*
- pago de data 16-10-2018 da garantía definitiva do contrato adxudicado expte 8568-224*
- pago de data 07-10-2019 da póliza do seguro de R.C.G*

En data 18.07.2020 mediante documento nº 200130206 a entidade presenta no Rexistro Xeral do Concello documentación complementaria solicitada por este órgano xestor:

- nóminas da traballadora adscrita ao contrato dos meses de marzo, abril, maio e xuño, asinadas electrónicamente pola empresa e pola traballadora.*
- xustificante dos seguros sociais do período marzo, abril e maio (último mes pagado)*
- xustificante de pago do seguro de Responsabilidade Civil para o período outubro 2019 a outubro 2020.*



Concello de Vigo

En data 26.07.2020 mediante documentos nº 200135378 e nº 200135384 a entidade presenta no Rexistro Xeral do Concello nova documentación complementaria solicitada por este órgano xestor:

- xustificantes de pagos das nóminas da traballadora adscrita ao contrato do período comprendido entre os meses de marzo, abril, maio e xuño de 2020.
- xustificante de pago dos seguros sociais realizados do período comprendido entre os meses de marzo, abril e maio. Aporta xustificación do seguro social de xuño pero non a xustificación do pago realizado, comunicando que a entidade bancaria cursa o recibo a finais do mes de xullo. Sen embargo, mediante declaración asinada comprométese a poñer a disposición do Concello a documentación necesaria e requirida tan pronto dispoña da mesma.
- Declaración xurada de data 26.07.2020 na que a adxudicataria declara atoparse ao corrente do Imposto da Renda das Persoas Físicas retido á traballadora nas súas nóminas e das cotas da Seguridade Social, e que se compromete a manter o cumprimento de ditas obrigas de pago polo tempo de suspensión dos contratos, pondo a disposición do Concello de Vigo a documentación que así o acredite tan pronto dispoña da mesma ou cando sexa requirida.
- Tamén declara que o ordenador adscrito ao servizo non foi empregado para outros fins na medida en que está depositado nas instalacións do servizo e só se emprega para este proxecto.

En data 29.07.2020 o servizo de Contratación envía o expediente a Intervención Xeral para a súa fiscalización. Se ben, mediante dilixencia de data 07.08.2020 Intervención Xeral devolve o expediente ao servizo de Igualdade co obxecto de que, por parte deste servizo xestor, se proceda a revisar e cuantificar novamente o importe das indemnizacións a aprobar, pois a proposta contén conceptos (amortización do ordenador, xuros legais, IVE) non recollidos expresamente na lista pechada dos danos e prexuízos polos que os contratistas poderán ser indemnizados segundo o establecido no artigo 34.1 do Real Decreto Lei 8/2020, de aplicación aos contratos públicos de servizos de prestacións sucesivas, como é o presente caso. Asemade, solicítase que a empresa adxudicataria amplíe a declaración responsable ao respecto das seguintes cuestións:

"Que a traballadora adscrita ao contrato non desfrutou do permiso retribuído recuperable ao que fai mención o Real Decreto 10/2020, a desfrutar entre el 30 de marzo y 9 de abril de 2020, polo que non ten horas que recuperar por ese concepto. Que a traballadora adscrita ao servizo, durante a suspensión do mesmo, no foi destinada pola empresa a outros traballos alleos aos asociados ao servizo contratado".

En base ao anteriormente exposto, en data 10/08/2020, este servizo xestor requírelle á adxudicataria documentación complementaria, que esta presenta en data 10/08/2020 a través do Rexistro Electrónico Municipal, mediante documento nº: 200144582 e que consta da seguinte documentación:

- Solicitud ao órgano de contratación do Concello de Vigo para que se validen os danos e prexuízos relacionados co expediente adxudicado por importe de

2.392,95 euros. Estes gastos comprenden gastos salariais e porcentaxe de gastos correspondentes á poliza de seguros prevista no prego de condicións e vinculadas ao obxecto do contrato (FEC 13.A: seguro de responsabilidade civil).

- Declaración responsable asinada por representante legal da entidade en data 10/08/2020 en relación as seguintes cuestións:
 - Que a empresa non presentou solicitude de ERTE que afecte as traballadoras adscritas ao contrato desde a declaración do estado de alarma e ata a reanudación do servizo.
 - Que a traballadora adscrita ao contrato non desfrutou do permiso retribuído recuperable ao que fai mención o Real Decreto 10/2020, a desfrutar entre el 30 de marzo e 9 de abril de 2020, polo que non ten horas que recuperar por ese concepto.
 - Que a traballadora adscrita ao servizo, durante a suspensión do mesmo, no foi destinada pola empresa a outros traballos alleos aos asociados ao servizo contratado.
 - Que a empresa Xermolo Dinamización Sociocultural SL atópase ao corrente do Imposto da Renda das Persoas Físicas retido á traballadora nas súas nóminas e das cotas da Seguridade Social, e que se compromete a manter o cumprimento de ditas obrigas de pago polo tempo de suspensión dos contratos, pondo a disposición do Concello de Vigo a documentación que así o acredite tan pronto dispoña da mesma ou cando sexa requirida.

II. Unha vez analizada a documentación aportada, coa que a funcionaria que subscribe, responsable técnica do contrato, manifesta a súa conformidade, valórase procedente a indemnización á adxudicataria Xermolo, Dinamización Sociocultural SL con CIF B27762681, pola suspensión do contrato para a xestión e dinamización do Centro de Documentación e Recursos Feministas durante o período comprendido entre o 14.03.2020 ao 07.06.2020 polo importe total de 2.392,95 € (IVE incluído) distribuído nos seguintes conceptos de gasto:

Gastos salariais: 2.363,80 €

Gastos relativos á poliza de seguros R.C: 29,15 €

TOTAL: 2.392,95 €

III. O importe desta indemnización aplicarase con cargo ao crédito comprometido para a xestión deste contrato contabilizado co número de operación AD 202000004236 da partida 2311 2279906 "Plan municipal de igualdade de oportunidades" do orzamento vixente da Concellería de Igualdade".

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

RECOÑECEMENTO DO DEREITO A SER INDEMNIZADO POLOS DANOS E PERDAS CAUDADOS POLA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19



Concello de Vigo

No artigo 34 RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo regúlanse as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19, entre as que se regula a suspensión total ou parcial daqueles contratos públicos de servizos e de subministro de prestación sucesiva, á entrada en vigor do Real Decreto, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público, cuxa execución debeña imposible como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatalo.

Dita suspensión terá efectos desde que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. Para estes efectos, entenderase que a prestación pode reanudarse cando, cesando as circunstancias ou medidas que a viñeran impedindo, o órgano de contratación notificara ao contratista o fin da suspensión.

Asemade cando se produza a suspensión dun contrato público, a entidade adxudicadora deberá aboar ao contratista os danos ou prexuízos efectivamente sufridos por este durante o período de suspensión, previa solicitude e acreditación fidedigna da súa realidade, efectividade e contía polo contratista.

Os danos e perdas polos que o contratista poderá ser indemnizado serán unicamente os seguintes:

1.º Os gastos salariais que efectivamente abonara o contratista ao persoal que figurara adscrito na data 14 de marzo de 2020 á execución ordinaria do contrato, durante o período de suspensión. Ditos gastos incluírán os relativos ás cotizacións de Seguridade Social que corresponderan.

En caso de que entre o persoal que figurara adscrito á execución ordinaria do contrato na data 14 de marzo de 2020, durante o período de suspensión, se atope persoal afectado polo permiso retribuído recuperable previsto no Real Decreto Lei 10/2020, de 29 de marzo, o abono pola entidade adxudicadora dos correspondentes gastos salariais terá o carácter de abono a conta pola parte correspondente ás horas que sexan obxecto de recuperación nos términos do artigo 3 de dito Real Decreto Lei, a ter en contra na liquidación final do contrato.

2.º Os gastos por mantemento da garantía definitiva relativos ao período de suspensión do contrato.

3.º Os gastos de alugueres ou custos de mantemento de maquinaria, instalacións e equipos relativos ao período de suspensión do contrato, adscritos directamente á execución do contrato, sempre que o contratista acredite que estes medios non puideron ser empregados para outros fins distintos durante a suspensión do contrato.

4.º Os gastos correspondentes ás pólizas de seguro prevista no prego e vinculadas ao obxecto do contrato subscritas polo contratista e que estean vixentes no momento da suspensión do contrato.

Dita indemnización soamente procederá cando o órgano de contratación, a instancia do contratista apreciara a imposibilidade de execución do contrato como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatalo.

Non se aboarán indemnizacións por extinción ou suspensión dos contratos de traballo nin o 3 por 100 do prezo das prestacións que deberá haber executado o contratista durante o período de suspensión consonte ao previsto no programa de traballo ou no propio contrato.

PROCEDIMIENTO PARA O RECOÑECEMENTO DO DEREITO A SER INDEMNIZADO POLOS DANOS E PERXUÍZOS CAUDADOS POLA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19

No devandito artigo 34 do RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, regúlase o seguinte procedemento para o recoñecemento do dereito a ser indemnizado polos danos e perxuízos causados pola suspensión da execución do contrato como consecuencia do coronavirus COVID-19 :

1.- Solicitud: o contratista deberá solicitar a declaración de imposibilidade de execución ao órgano de contratación reflectindo as razóns polas que a execución do contrato deveu imposible; o persoal, as dependencias, os vehículos, a maquinaria, as instalacións e os equipos adscritos á execución do contrato nese momento; e os motivos que imposibilitan o emprego polo contratista dos medios citados noutro contrato.

2.- Declaración de imposibilidade de execución do contrato como consecuencia do COVID-19: o órgano de contratación a instancia do contratista deveu apreciar a imposibilidade de execución como consecuencia do COVID-19 e, en consecuencia a suspensión da execución do contrato.

3.- Resolución: o órgano de contratación resolverá a solicitude de indemnización formulada polo contratista no prazo máximo de tres meses contados desde a data de entrada da solicitude no Rexistro electrónico do Concello de Vigo, elo de conformidade co artigo 21.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. O transcurso de dito prazo sen que a Administración resolva determinará a desestimación da solicitude por silencio. Non entanto, a Administración poderá adoptar unha resolución expresa posterior ao vencemento do prazo non vinculada ao sentido do silencio, tal e como dispón o artigo 24.3.b) da LPAC.

O dereito a reclamar a indemnización prescribe ao ano contado desde que o contratista recibe a orde de reanudar a execución do contrato consonte ao artigo 208.2.c) da LCSP.

Nos contratos de servizos e de subministracións de prestación sucesiva que estean suspendidos o órgano de contratación poderá conceder a instancia do contratista un anticipo a conta do importe estimado da indemnización que lle puidera corresponder. O abono do anticipo poderá realizarse nun solo pagamento ou mediante pagamentos periódicos. Este importe anticipado descontarase, no seu momento, da liquidación definitiva dos danos e perdas ocasionados pola suspensión do contrato.

No caso que nos ocupa o contratista presenta solicitude de indemnización polo período 14 de marzo a 7 de xuño de 2020.

A lei permite ó órgano de contratación esixir para efectuar o anticipo que este se asegure mediante calquera das formas de garantía previstas na LCSP. Máis esta Administración opta por non esixir estas garantías.



Concello de Vigo

A solicitude presentada polo contratista en relación ao recoñecemento do dereito a ser indemnizado polos danos e perdas causados como consecuencia da suspensión da execución do contrato cumpre cos requisitos esixidos na normativa aplicable e foi informada favorablemente polo servizo xestor.

En consecuencia, e de conformidade cos informes obrantes no expediente procede acordar o recoñecemento do dereito a ser indemnizado polos danos e perdas causados como consecuencia da suspensión da execución do contrato de xestión e dinamización do Centro de Documentación e Recursos Feministas (expte 8.568-224) formalizado con XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., declarada mediante acordo da Xunta de Goberno local de data 9 de abril de 2020 con efectos desde o 14 de marzo de 2020 ata o 7 de xuño de 2020 (día previo ao da reanudación do servizo) por un importe total de 2.392,95 euros, que se desglosa nos seguintes conceptos:

- Gastos salariais: 2.363,80 €
- Gastos relativos á poliza de seguros de responsabilidade civil: 29,15 €

-III-

COMPETENCIA

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

ACORDO

“1º.- Recoñecer o dereito de XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. a ser indemnizado polos danos e perdas causados como consecuencia da suspensión da execución do contrato de xestión e dinamización do Centro de Documentación e Recursos Feministas (expte. 8.568-224), declarada mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de abril de 2020 con efectos desde o 14 de marzo de 2020 ata o 8 de xuño de 2020 (data na que se reanuda o servizo), por un importe total de 2.392,95 euros euros, o cal se desagrega nos seguintes conceptos:

- ***Gastos salariais: 2.363,80 €***
- ***Gastos relativos á poliza de seguros de responsabilidade civil: 29,15 €***

O importe da indemnización aplicarase con cargo ao crédito comprometido para a xestión deste contrato contabilizado co número de operación AD 202000004236 da aplicación orzamentaria 2311 2279906 "Plan municipal de

igualdade de oportunidades" do orzamento vixente da Concellería de Igualdade".

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(666).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN DE OBRA MUNICIPAL PARA O CONTROL E SEGUIMENTO DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REMODELACIÓN DO ENLACE DO P.K. 5+000 DA AUTOPISTA AP-9V. EXPTE. 476/441.

Visto o informe de fiscalización de data 24/08/2020, dáse conta do informe-proposta emitido pola Mesa de Contratación en data 21/08/2020:

"11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras de "Remodelación do enlace do P.Q. 5+000 da autoestrada AP-9V. tramos: conexión estación intermodal-AP-9, túnel Lepanto-AP-9 e instalacións e balizamentos" (476-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras de "Remodelación do enlace do P.Q. 5+000 da autoestrada AP-9V. tramos: conexión estación intermodal-AP-9, túnel Lepanto-AP-9 e instalacións e balizamentos" (476-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 14 de maio de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do SERVICIO DE DE ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN DE OBRA



Concello de Vigo

MUNICIPAL PARA O CONTROL E SEGUIMENTO DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE "REMODELACIÓN DEL ENLACE DEL P.K. 5+000 DE LA AUTOPISTA AP-9V. TRAMOS: CONEXIÓN ESTACIÓN INTERMODAL-AP-9, TÚNEL LEPANTO-AP-9 E INSTALACIONES Y BALIZAMIENTOS".

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos en data 14.02.2020.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación en data 11.03.2020.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **TRESCENTOS SETENTA E NOVE MIL CENTO NOVENTA E SETE CON SESENTA E SETE CÉNTIMOS (379.197,67 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 65.811,17 .

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1532.609.00.90 (2a ANUALIDADE ACCESO A ESTACIÓN DO AVE).

Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

2020	160.601,36 €
2021	218.596,31€
TOTAL	379.197,67 €

Quinto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 136,11%.

Sexto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 30 de xullo de 2020 adoptou a seguinte resolución:

""Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras de "REMODELACIÓN DO ENLACE DO P.Q. 5+000 DA AUTOESTRADA AP-9V. TRAMOS: CONEXIÓN ESTACIÓN INTERMODAL-AP-9, TÚNEL LEPANTO-AP-9 E INSTALACIÓNS E BALIZAMENTOS" na seguinte orde descendente:

	<i>Empresas</i>	<i>Puntuación</i>
1	PROYFE-ZUBIA LEPANTO UTE	67,07
2	UTE URBING, PROYECTOS DE URBANISMO E ING. CIVIL, S.L. - INCO, ESTUDIO TÉCNICO S.L.	65,61
3	UTE CONSULTORA DE INGENIERÍA Y EMPRESA S.L. - INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS S.L.	65,05
4	UTE EPTISA - K2	64,30
5	GOC, S.A	64,26
6	UTE GALAICONTROL S.L. -GPO INGENIERIA , S.L.	63,40
7	GRUSAMAR INGENIERIA Y CONSULTING, S.L.U	61,27
8	UTE DE VIARIOS -INGENIA ACTIVIDADES DE INGENIERÍA Y OBRA CIVIL	59,43
9	UTE INRUPRE - VISOIN	58,72
10	TPF GETINSA EUROESTUDIOS, S.L.	57,99
11	UTE TEMHA - NOEGA	57,88

*Cuarto.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar, **PROYFE-ZUBIA LEPANTO UTE**, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares. ”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE PROYFE – PROYECTOS Y OBRAS DE INFRAESTRUCTURAS E INSTALA, S.L. (ZUBIA), o día 31 de xullo de 2020, que presenta a documentación requirida o 6 de agosto de 2020, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa que por acordo do 13 de agosto de 2020, na data 17 de agosto de 2020, se concedeu un prazo de tres días a UTE PROYFE – PROYECTOS Y OBRAS DE INFRAESTRUCTURAS E INSTALA, S.L. (ZUBIA) para que emendase a documentación relativa á solvencia técnica. O anterior licitador presentou a documentación requirida en prazo.

Quinto.- No apartado 16.I do Anexo I -FEC- do PCAP se establecía que, a adxudicación do servizo de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento das obras de “Remodelación do enlace do P.Q. 5+000 da autoestrada AP-9V. Tramos: conexión estación intermodal-AP-9, túnel Lepanto-AP-9 e instalacións e balizamentos” estará condicionada á formalización da Adenda modificativa ao Convenio suscrito o 31.05.2018, segundo o establecido no apartado 2 da disposición adicional terceira da LCSP.



Concello de Vigo

Sexto.- En data 12 de agosto de 2020 anéxase ao expediente a addenda modificativa ao Convenio subscrito o 31 de maio de 2018 asinada en data 3 de agosto de 2020

Sétimo.-A Mesa de Contratación na sesión do 21 de agosto de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar UTE PROYFE – PROYECTOS Y OBRAS DE INFRAESTRUCTURAS E INSTALA, S.L. (ZUBIA), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UTE PROYFE – PROYECTOS Y OBRAS DE INFRAESTRUCTURAS E INSTALA, S.L. (ZUBIA), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 16 de xullo de 2020 e 27 de xullo de 2020, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *Adxudicar a UTE PROYFE – PROYECTOS Y OBRAS DE INFRAESTRUCTURAS E INSTALA, S.L. (ZUBIA) o procedemento aberto para a contratación dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras de "Remodelación do enlace do P.Q. 5+000 da autoestrada AP-9V. tramos: conexión estación*

intermodal-AP-9, túnel Lepanto-AP-9 e instalacións e balizamentos” (476-441) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 291.126,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 50.526,00 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER). Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(667).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA DA APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DE EXACCIÓN UNIFICADAS DE INDUSTRIAIS, (LIXO COMERCIAL E VADOS).DO EXERCICIO 2020. EXPTE. 52665/516.

Dáse conta da seguinte Resolución, asinada polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda en data 28/07/2020:

“DECRETO

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Resolucións de Delegación de Alcaldía de datas 18 e 26 de xuño de 2019 así como o artigo 63.2 da Ordenanza Fiscal Xeral).

De conformidade co Informe-Proposta da Dirección de Ingresos de 27 de xullo de 2020,

RESOLVO:

1.- Aprobar o Padrón Fiscal de Exaccións Unificadas de Industriais do ano 2020 (taxa de lixo industrial e comercial e taxas por entradas de vehículos e reserva especial de aparcamento) por importe total de 5.521.669,71 Euros (CINCO MILLÓN CINCOCENTOS VINTE E UN MIL SEISCENTOS SESENTA E NOVE CON SETENTA E UN), segundo relación nominal de suxeitos pasivos que comeza pola inscrición nº 59909 que figura a nome de “104 CUBES SL”, e remata coa inscrición nº 8479 que figura a nome de “ZUÑIGA RODRIGUEZ OLIVA”, cun total de 23.064 inscricións (23.035 recibos) e correspondendo a:

- Taxa de lixo comercial	4.267.144,57.- Euros
- Entrada vehículos	1.223.166,14. - Euros



Concello de Vigo

- Reservas aparcamento 31.359,00.- Euros

2.- Aprobar a redución extraordinaria Covid-19 na Taxa de Recollida do Lixo a 12.374 inscricións que reúnen as condicións establecidas no presente informe proposta en relación co artigo 26.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo por importe total de 863.426,18€.

3.- Aprobar a redución extraordinaria Covid-19 na Taxa por Entrada de Vehículos a través de beirarrúas e/ou terreos de uso público municipal a 5.152 inscricións que reúnen as condicións establecidas no presente informe proposta en relación co artigo 26.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo por importe total de 390.263,17€.

4.- Dar conta a XUNTA DE GOBERNO LOCAL do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2. da Ordenanza Fiscal Xeral.

5.- Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días naturais, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.”

A Xunta de Goberno Local queda informada.

8(668).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL. EXPTE. 2698/500.
Examinadas as actuacións do expediente, visto o ditame favorable do Tribunal Económico Administrativo do 17/08/2020 e o informe de fiscalización do 19/08/2020, dáse conta do informe-proposta do 14/08/2020, asinado pola técnica xurídica de Dirección de Ingresos e xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“1.NORMATIVA APLICABLE:

- Constitución española de 27 de decembro de 1978.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de réxime local de Galicia.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (en adiante, LXT).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (en adiante, LPAC).
- Real Decreto 939/205 de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, modificado polo Real Decreto 1071/2017 de 29 de decembro (en adiante, RXR).
- Lei 3/2011 de 30 xuño de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
- Regulamento UE 2016/679 do 27 de abril do Parlamento Europeo e do Consello.

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Mediante Acordo plenario de data 4 de setembro de 2019 aprobouse definitivamente a modificación de determinados artigos da presente Ordenanza Fiscal Xeral relativos a materia recadadora.

Segundo.- O Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de modificación en data 3 de agosto de 2020.

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS.

Para a aplicación dos tributos, a administración municipal ten que rexirse pola normativa propia de cada tributo, pero tamén ten que seguir as normas de xestión, liquidación, inspección, recadación e revisión establecidas en normativa legal e desenvolvidas nesta Ordenanza fiscal xeral.

A través da Ordenanza Fiscal Xeral, o Concello de Vigo adapta a normativa tributaria ao réxime de organización e funcionamento interno propio, tal e como establece o artigo 12.2 do TRLRFL.

I. A presente modificación consiste na adaptación do texto da ordenanza á normativa xeral de aplicación, en particular, ao contido actualizado da Lei 58/2003 Xeral Tributaria e Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas:

-Introdúcese no artigo 15 un novo apartado 3: Posibilidade de practicar unha redución nos recargos por declaración extemporánea sen requerimento previo, adaptando deste xeito a Ordenanza á regulación contida no artigo 27 da LXT.

-Modifícase a redacción do apartado h) do artigo 19.4. A nova redacción que se propón pretende coordinar as actuacións de xestión e inspección tributarias coa normativa de aplicación xeral en materia de documentación administrativa e de actuación dos rexistros públicos. Por esta razón, faise constar na ordenanza o modo de xestionar e tramitar os documentos presentados en papel por aqueles interesados que non estiveran obrigados a relacionarse coa Administración a través de medios electrónicos, na liña fixada polo artigo 16.5 da LPAC e polos artigos 26 e seguintes da mesma.

-Propónse, unha nova redacción ao apartado 1 do artigo 19 Bis, eliminando do texto da ordenanza a data de entrada en vigor das prescricións aludidas na disposición final sétima da LPAC, debido a incerteza sobre a data da súa efectiva entrada en vigor.

-Introdúcese nun novo apartado 5 do artigo 19 Bis o recoñecemento xurídico dunha importante canle de comunicación entre a cidadanía e o Concello de Vigo, que xa leva varios anos en funcionamento: A Oficina Virtual Tributaria. Asígnaselle unha dirección web, cunha denominación simple, para que os contribuíntes poidan acceder de modo sinxelo e directo á Oficina Virtual Tributaria (<https://hoxe.vigo.org/oficinatributaria>). Deste xeito, búscase mellorar na consecución dos principios de servizo efectivo, claridade e proximidade



Concello de Vigo

aos cidadáns, avanzando na senda da modernización administrativa. Ademais, consagra o dereito da cidadanía a comunicarse coa Administración e realizar un elevado número de trámites por esta oficina tributaria a través de medios electrónicos, contemplado nos artigos 13 e seguintes e 53 da LPAC.

-Engádese un novo apartado 6, no mesmo artigo 19 Bis, co fin de facer constar o compromiso da Administración tributaria do Concello co cumprimento estricto do Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril, do Parlamento Europeo e o Consello, relativo á Protección de datos persoais das persoas físicas, e da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e Garantía dos dereitos dixitais, garantindo así a plena efectividade do dereito fundamental recollido no artigo 18 da constitución española de 1978. O novo ecosistema xurídico regulador desta materia inspírase nos principios de protección máxima dos datos persoais, coordinados cunha actuación dilixente e responsable dos “responsables e encargados do tratamento”, con suxeición plena das actividades de tratamento de datos persoais aos principios e disposicións do RXPD.

-Introdúcese un parágrafo terceiro no apartado 2º, do Artigo 47 para a súa adaptación ao artigo 67 da LXT.

-Introdúcese un novo apartado 3 no artigo 5.3., en base á modificación no artigo 99 da LXT introducida pola disposición final 1.1 do Real decreto-lei 22/2020, de 16 de xuño de realizar actuacións de aplicacións dos tributos, contemplando a posibilidade de que a Administración tributaria do Concello poida prestar información e asistencia tributaria a través de novos mecanismos de emisión e recepción de imaxen e son. Búscase, deste xeito, avanzar no concepto de servizo público e modernización administrativa, evolucionando os esquemas de traballo existentes, coa máxima proximidade aos contribuíntes, coa intención de lograr o máximo nivel de satisfacción da cidadanía coa actuación desta Administración. Séguese o modelo da AEAT, caracterizada desde fai anos por ser pioneira na introducción de novas técnicas de xestión administrativa, que nos últimos meses xa puxo en funcionamento distintas ferramentas dirixidas a actividades tales como a resolución de consultas.

-Engádese un novo apartado 8, no artigo 57, coa finalidade de engadir a nova regulación incorporada no artigo 99.9 da LXT. Isto posibilita a realización de actuacións da Administración e dos obrigados tributarios nos procedementos de aplicación dos tributos, a través de sistemas dixitais que, mediante a videoconferencia ou outro sistema similar, permitan a comunicación bidireccional e simultánea de imaxe e son. Pemite unha gran modernización e comodidade no procedemento de xestión tributaria así como, a realización de procedementos de inspección desde lugares xeográficamente afastados con utilización de medios telemáticos que garanten a transmisión e recepción seguras dos documentos que, no seu caso, recollan o resultado das actuacións realizadas.

-Engádese un novo apartado 6 no Artigo 68.1, recolléndose a posibilidade de realizar actuacións no marco dun procedemento de inspección tributaria desde calquera lugar, cando se realicen a través dos sistemas dixitais previstos no artigo 57.8 desta ordenanza. Con esta nova redacción, o artigo 68 da Ordenanza queda adaptado á nova regulación dos lugares das actuacións inspectoras, contida no artigo 151 da LXT.

-Engádese un parágrafo na letra f) no Artigo 78 para introducir unha nova infracción no marco da regulación do procedemento sancionador en materia tributaria, en consonancia co Artigo 199.2 da LXT.

Deste xeito, faise constar na Ordenanza a infracción tributaria na que incorren os suxeitos pasivos que incumpran a obriga determinada no Artigo 14 LPAC e Artigo 19 Bis desta Ordenanza, de relacionarse coa Administración a través de medios electrónicos, así como a sanción que corresponde.

II. Por motivos de economía no procedemento, introdúcense como disposición adicional a esta ordenanza unha modificación de contido técnica na ordenanza fiscal nº 16.

Resulta necesario realizar determinadas correccións de tipo técnico no Artigo 4 da Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola recollida do lixo:

-Precisar a aplicación de grados de discapacidade no parágrafo cuarto do Artigo 4.1., incluír no Apartado 1.6 do Artigo 4.1 prestacións de orfandade e remitir o concepto “familia monoparental” á definición do Artigo 13 da “Lei 3/2011 de 30 xuño de apoio á familia e á convivencia de Galicia”, precisar data de inicio do cómputo de 22 meses para a aplicación do coeficiente correspondente á situación de desemprego.

-Regular o Apartado 5 do Artigo 4 atendendo aos problemas que na realidade social e familiar xurden e constitúen cambios nas persoas integrantes nunha vivenda. Trátase de acomodar a concesión do beneficio fiscal a cambios producidos entre a solicitude da exención e a aprobación do Padrón Fiscal de cada ano.

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

Para os efectos do disposto no artigo 129.7 da Lei 39/2015, cómpre indicar que a presente modificación regula aspectos procedimentais e técnicos sen repercusión dende o punto de vista das previsións nas correspondentes partidas orzamentarias do exercicio 2021.

5. INFORME SOBRE O IMPACTO DE XÉNERO.

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a quen teña a condición de contribuínte. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

6. INNECESARIEDADE DO TRÁMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, *“cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública”* a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

Segundo informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de 2018: “o



Concello de Vigo

trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia”.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 15 de xuño de 2018, «unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”.

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudo e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudo e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á

Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modificase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».

Á vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno local a adopción do seguinte,

ACORDO:

1º) Aprobar a seguinte:

**“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL XERAL” (1),
QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:**

ARTIGO 15.- RECARGOS POR DECLARACIÓN EXTEMPORÁNEA SEN REQUIRIMENTO PREVIO.

3. O importe dos recargos a que se refire o apartado 2 anterior, reducirase nun 25% sempre que:

-se realice o ingreso total do importe restante do recargo, no prazo do apartado 4 do artigo 36 desta ordenanza, aberto coa notificación da liquidación de dito recargo e sempre que se realice o ingreso total do importe da débeda resultante da autoliquidación extemporánea ou da liquidación practicada pola Administración derivada da declaración extemporánea, ao tempo da súa presentación ou no prazo do apartado 4 do artigo 36 desta ordenanza, respectivamente

-ou sempre que se realice o ingreso no prazo ou prazos fixados no acordo de aprazamento ou fraccionamento de dita débeda que a Administración tributaria concedera con garantía de aval ou certificado de seguro de caución e que o obrigado ao pago tivera solicitado ao tempo de presentar a declaración extemporánea ou con anterioridade á finalización do prazo fixado no artigo 36.4 desta ordenanza, aberto coa notificación da liquidación resultante da declaración extemporánea.

Cando os ingresos non se realizasen nos prazos previstos no apartado anterior, esixirase o importe da redución practicada sen máis requisito que a súa notificación.

ARTIGO 19.- OBRIGADOS TRIBUTARIOS: CONCEPTO E CLASES.



Concello de Vigo

5. Constitúen dereitos dos obrigados tributarios, entre outros, os seguintes:

h) Dereito a non achegar aqueles documentos xa presentados por eles mesmos e que se atopen en poder desta Administración, sempre que o obrigado tributario indique o día e procedemento no que os presentou.

Os documentos presentados polos interesados en soporte papel deberán ser dixitalizados, conforme ao disposto no artigo 27 da Lei 39/2015, para a súa incorporación ao expediente administrativo.

ARTIGO 19 BIS.- RELACIÓNS ELECTRÓNICAS COAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS.

1. Sen prexuízo da demora prevista na disposición final sétima da Lei 39/2015, estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración tributaria deste Concello, para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo:

-As persoas xurídicas

-As entidades sen personalidade xurídica

-Quen exerza unha actividade para a que se requira colexiación obrigatoria, para os trámites e actuacións derivados de dita actividade profesional (incluídos os Notarios e Rexistradores)

-Quen represente a un interesado que estea obrigado a relacionarse electrónicamente coa Administración.

5. A cidadanía terá dereito a relacionarse electrónicamente coa Administración Tributaria do Concello a través da Oficina Virtual Tributaria, que se atopa dentro da sede electrónica do Concello de Vigo.

O acceso á Oficina Virtual Tributaria realizarase a través da dirección electrónica

<https://hoxe.vigo.org/oficinatributaria>

6. En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril, do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á Protección de datos persoais das persoas físicas, e da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e Garantía dos dereitos dixitais, o Concello de Vigo, como responsable do tratamento, aplicará en calquera tratamento de datos realizado no marco dun procedemento de Xestión e Inspección Tributarias, os principios recollidos en ditas normas.

ARTIGO 47.- PRESCRICIÓN.

2. O prazo de prescrición comezará a contarse:

-No caso a), dende o día seguinte a aquel en que remate o prazo regulamentario para presentar a correspondente declaración ou autoliquidación.

Nos tributos de cobro periódico por recibo, cando para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación non sexa necesaria a presentación de declaración ou autoliquidación, o prazo de prescrición comezará o día da devindicación do tributo.

ARTIGO 53. DEBER DE INFORMACIÓN E ASISTENCIA ÓS OBRIGADOS TRIBUTARIOS.

3. A Administración Tributaria poderá prestar asistencia e facilitar información tributaria mediante a utilización de programas ou aplicacións de emisión/recepción simultáneas de imaxe e son, que permitan a máxima inmediatez entre a cidadanía e a Administración.

ARTIGO 57.- FASES DOS PROCEDEMENTOS TRIBUTARIOS.

8. As actuacións da Administración e dos obrigados tributarios nos procedementos de aplicación dos tributos poderán realizarse a través de sistemas dixitais que, mediante a videoconferencia ou outro sistema similar, permitan a comunicación bidireccional e simultánea de imaxe e son, a interacción visual, auditiva e verbal entre os obrigados tributarios e o órgano actuante, e garanticen a transmisión e recepción seguras dos documentos que, no seu caso, recollan o resultado das actuacións realizadas. A utilización destes sistemas producirase cando o determine a Administración tributaria e requirirá a conformidade do obrigado tributario en relación co seu uso e coa data e hora do seu desenvolvemento.

ARTIGO 68.- LUGAR DAS ACTUACIÓNS INSPECTORAS.

1.

e) Nos lugares sinalados nas letras anteriores ou noutro lugar, cando ditas actuacións se realicen a través dos sistemas dixitais previstos no artigo 57.8 desta ordenanza. A utilización destes sistemas requirirá a conformidade do obrigado tributario.

ARTIGO 78.- CLASES DE INFRACCIÓNS TRIBUTARIAS.

f)

Se se presentan autoliquidacións, declaracións ou outros documentos con trascendencia tributaria por medios distintos aos electrónicos, informáticos e telemáticos cando exista obriga de facelo por ditos medios, a sanción consistirá en multa pecuniaria fixa de 250 euros.

DISPOSICIÓN FINAL:

Esta ordenanza comenza a aplicarse o 1 de xaneiro de 2021, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa

DISPOSICIÓN ADICIONAL

MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA RECOLLIDA DO LIXO. 2021



Concello de Vigo

ARTIGO 4 BENEFICIOS FISCAIS.

MODIFÍCANSE OS SEGUINTE PARÁGRAFOS:

Parágrafo cuarto do artigo 4.1 quedando redactado como segue:

No caso dunha persoa cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65%, computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grao de discapacidade fose igual ou superior ao 33% e inferior ao 65% computarase como 1,5.

Substitúese o epígrafe 1.6 do artigo 4.1. polo seguinte texto:

1.6. No caso do que nunha vivenda resida unha familia monoparental, na que só percibe ingresos o/a proxenitor/a, custodio/a e os fillos foran menores de 18 anos, aplicarase ao ingreso bruto o coeficiente 0,55.

Poderá aplicarse este coeficiente no caso de que os fillos perciban prestacións de carácter público por motivo de discapacidade, invalidez, orfandade e similares.

Considerase familia monoparental aos efectos desta ordenanza, a definida no artigo 13 da lei 3/2011 de 30 de xuño de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Substitúese o epígrafe 1.7 do artigo 4.1 polo seguinte texto:

1.7. No caso de persoas que tendo cargas familiares, levasen en situación de desemprego mais de 22 meses ininterrompidos, aplicarase aos seus ingresos un coeficiente do 0,50.

O cómputo dos 22 meses para a aplicación deste coeficiente iniciarase o 1 de xaneiro do ano anterior ao da solicitude.

Substitúese o apartado 4 do artigo 4.4 polo seguinte texto:

4. As solicitudes de exención deberán ser presentadas entre o 1 de outubro e o 31 de decembro de cada ano e, no caso de resultaren estimadas, produciran efectos para o exercicio seguinte a aquel no que foran formuladas.

De presentarse algunha solicitude de exención entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro, tamén será tramitada, producindo efectos para o exercicio seguinte a aquel no que fora formulada.

Substitúese o apartado 5 do artigo 4.5 polo seguinte texto:

5. No caso de que con posterioridade á solicitude de exención, se producira cambio de domicilio do conxunto familiar ou cambios nas persoas integrantes da vivenda obxecto do beneficio fiscal, estes deberán ser comunicados no prazo máximo de 5 días hábiles para continuar a tramitación da solicitude. De non seren comunicados estes cambios, archivarase sen mais tramite.

DISPOSICIÓN FINAL

Estas modificacións entrarán en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2021, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

2º) Someter a ditame do Tribunal económico-administrativo do Concello.

3º) Aprobación provisional en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(669).- MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DE PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, ALCANTARILLADO-REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS. EXPTE. 2689/500.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20/08/2020, dáse conta do informe-proposta do 19/08/2020, asinado pola técnica xurídica de Dirección de Ingresos e xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“1.NORMATIVA APLICABLE.

- Constitución española de 27 de decembro de 1978.
- 1.Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local (en adiante, LRBRL).
- 2.Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL).
- 3.Lei 5/1997, de 22 de xullo, de réxime local de Galicia.
- 4.Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (en adiante, LXT).
- 5.Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas (Lei 39/2015).
- 6.Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (LOEOSF).
- 7.Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade do goberno local.



Concello de Vigo

- 8.Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello.(Directiva marco da Auga)
- 9.Lei 9/2010 de 4 de novembro de Augas de Galicia e Decreto 1/2015, de 15 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento desta Lei.
- 10.Lei 9/2019 de 11 de decembro de medidas de garantía de abastecemento nos episodios de seca e nas solucións de risco sanitario da Comunidade Autónoma de Galicia.
- 11.Decreto 136/2012 de 31 de maio polo que se aproba o Regulamento do canon de auga e do coeficiente de verquido a sistemas públicos depuración de augas residuais.

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Mediante acordo plenario de data 5 de setembro do 2018 foi aprobado o vixente texto da *“Ordenanza reguladora das prestacións patrimoniais de carácter público non tributario polos servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais”*.

O citado acordo plenario consistiu en adaptar a vixente ordenanza de *“taxas”* ao novo concepto de *“prestacións patrimoniais de carácter público non tributario”*, de conformidade co artigo 20.6 do RDL 2/2004 que aproba o TRLRFL. Naquel acordo non se variaron as tarifas, estando vixentes as actuais dende 1 de xaneiro de 2018.

Segundo.- A Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello constitúe o marco de referencia da Lei 9/2019 de 11 de decembro da C.A. de Galicia que establece no seu artigo 12 a necesidade de eliminar das tarifas de abastecemento de auga *“mínimos exentos que desincentiven o “consumo responsable da auga”, determinando no seu apartado 3 que as administracións públicas responsables revisarán as súas ordenanzas ou normas reguladoras dos distintos servizos co obxecto de acadar unha estrutura tarifaria axustada aos principios de uso eficiente da auga, consumo responsable, equidade, transparencia e recuperación de custes.*

Terceiro.- Con data 10 de xuño de 2020 o Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda ordena o inicio da tramitación de adaptación das tarifas de auga á normativa vixente.

Cuarto.- Con data 17 de xullo de 2020 a Xunta de Goberno Local acorda a apertura do trámite de consulta pública previsto no artigo 133 da Lei 39/2015 para a adaptación das tarifas I,II,III e IX do artigo 5 da ordenanza.

Quinto.- Durante o período de 20 días, en que este trámite estivo aberto, recibíronse seis suxerencias/consideracións /aportacións cuxo contido valórase neste expediente na medida en que resulta coaduvante á que a estrutura e contía das tarifas propostas garanticen a consecución dos mencionados principios de *uso eficiente da auga, consumo responsable, equidade, transparencia e recuperación de custes.*

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS.

3.1. De conformidade cos principios contidos na Directiva marco da auga 2000/60/CE e recollidos no artigo 12 da *Lei 9/2019 de 11 decembro de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario da Comunidade Autónoma de Galicia*, as tarifas a aplicar aos usuarios dos servizos incluídos no *“ciclo*

integral da auga” deben cumprir os seguintes requisitos: uso eficiente da auga, consumo responsable, equidade, transparencia e recuperación de custes.

As tarifas vixentes no Concello de Vigo, responden xa, na actualidade, ao cumprimento dos citados principios, en maior grado o “principio de equidade” e, en grado medio os de “transparencia” e “recuperación de custes”. Respecto do obxectivo de “consumo responsable”, compre facer constar que a media do consumo na cidade de Vigo sitúase por debaixo da media estatal.

No obstante o anterior, á vixente tarifa autoriza, polo mesmo importe ou cota bimestral, un consumo de ata 30m³ ao bimestre, sistema que se ven denominando “mínimo exento” e que, segundo o artigo 12 da Lei 9/2019, debe eliminarse.

Como cuestión previa,compre referir que os importes fixos que os usuarios veñen pagando por poder consumir un numero variable de m³ - ata un máximo de 30 ao bimestre - están destinados, nunha contía moi elevada, a sufragar, entre todos os abonados, os custes fixos do servizo. Partimos, en consecuencia, dunha tarifa moi equitativa no reparto dos custes fixos.

3.2. Segundo as instrucións recibidas pola Dirección de Ingresos dende as Concellerías de Facenda e de Fomento, presentase a modificación da estrutura da tarifa vixente dacordo cos principios mencionados no parágrafo primeiro desde informe-proposta e a instrucción expresa de que a tarifa realice unha recuperación de custes non superior á do exercicio de 2019.

O establecemento dunha tarifa alternativa, sen consumo mínimo exento, progresiva segundo tramos de consumo de auga, recuperando idéntica cantidade de ingresos que en 2019, sen dúbida, deberá resultar máis favorable que a vixente para os usuarios con pequeno consumo e máis desfavorable para usuarios con consumos elevados. Só así se acada o principio de “*uso eficiente da auga*” e aforro do recurso “*consumo responsable*”.

- Esta nova estrutura, establece para consumos domésticos ou de familias, os tramos de consumo por persoa fronte á anterior que atendía a tramos de consumo por vivenda. Este cambio vai destinado ao cumprimento do *principio de equidade* ao permitir aplicar un prezo moi baixo aos primeiros 6m³ por persoa e bimestre, un prezo baixo aos seguintes 4m³ por persoa e bimestre e prezos superiores nos consumos máis altos ou excesivos. Interesa sinalar que o primeiro tramo de consumo doméstico de 6m³/persoa/bimestre corresponde ao consumo de 100 litros por persoa e día que a Organización Mundial da Saúde considera un consumo óptimo para cubrir condicións de hixiene e saúde.

Para que a nova tarifa resulte máis *transparente* que a anterior debemos establecer cotas fixas diferenciadas para cada un dos servizos do ciclo da auga (abastecemento, alcantarillado e depuración) facendo visible que estamos diante de servizos con altísimas cifras de custes fixos de mantemento, operación e investimento en instalacións. Dito noutros términos, no prezo do m³ de auga consumida, evacuada e depurada deben estar incluídos os custes fixos. Ata tal punto resulta imprescindible o financiamento dos custes fixos que, a mera disponibilidad do servizo debe implicar o abono de cotas fixas de servizo ou aboamento por abastecemento, alcantarillado e depuración, de forma similar ao que sucede nas facturas doutros servizos como electricidade e gas.



Concello de Vigo

Resulta oportuno mencionar, neste punto, a consideración segunda das realizadas no trámite de consulta pública pola Asociación de Consumidores y Usuarios del Agua (ACUA) na que se solicita que a “revisión da ordenanza 60 atenda ao principio de *recuperación de custes*, mesmo a incluir no estudo económico correspondente as previsión de investimentos” As dúas cuestións aparecen amplamente documentadas e calculadas no presente expediente.

- As Cotas fixas de aboamento ou cotas fixas de servizo quedan fixadas na Tarifa I do Artigo 5 diferenciadas para cada un dos tres servizos de abastecemento, alcantarillado e depuración e, en cada servizo, diferenciadas para abonados domésticos e non domésticos.

Para unha mellor comprensión do alcance dos custes fixos que deben ser financiados entre todos os abonados - consuman ou non -, especificase no propio articulado da ordenanza que:

--A cota fixa de abastecemento “corresponde aos custes fixos de operación, mantemento e reposición das captacións -Presa de Eiras e embalse de Zamáns - , adución – Canais de Eiras O Casal, Zamans-Valadares e cinturón perimetral O Casal-Valadares-, mantemento e reposición das ETAPS do Casal e Valadares, sistemas de bombeo, depósitos de almacenamento, redes de transporte, redes de distribución e acometidas ata a chave de rexistro da acometida situada obrigatoriamente en vía pública diante da propiedade do abonado.”

--A Cota fixa de alcantarillado “ corresponde aos custes fixos derivados de operacións, mantemento e reposición de redes de alcantarillado, colectores -Lagares, de marxe de Ría , de Oia e Saians e de Teis-Chapela-, interceptores, instalacións de bombeo de augas residuais, tanques de tormenta e emisario submarino”.

--A cota fixa de depuración “corresponde aos custes fixos derivados de operación, mantemento e reposición das EDARS do Lagares e Teis.”

- A continuación establécense como Tarifas II, III e IV as cotas variables ou por consumo para os tres servizos considerados, tamén diferenciando consumo doméstico e non doméstico. Como xa se apuntou anteriormente e, tamén figura na aportación terceira de ACUA, unha tarifa baixo o *principio de equidade* debe ter en conta o número de persoas que consumen estes servizos no momento de aplicarlle a unha determinada vivenda un tramo de consumo ou outro. De aí que os tramos das tarifas variables de aplicación a consumos domésticos teñan prezos unitarios para consumos por persoa ao bimestre. O primeiro tramo de 6/m³/persoa/bimestre terá unha tarifa moi reducida : 7 céntimos/m³ para abastecemento, 5 céntimos/m³ para alcantarillado e 5,24 céntimos/m³ para depuración.

Un segundo tramo de máis de 6 ata 10 m³ por persoa e bimestre tamén con prezos baixos. A continuación, dous tramos máis con prezos superiores onde se fai efectivo o incentivo aforrador do recurso.

No caso de abonados non domésticos propóñense cinco tramos aplicando para os primeiros 18/m³/bimestre prezos moi baixos, idénticos ao primeiro tramo de consumos domésticos.

- Polo seu interese, transcríbese a continuación a forma de aplicar os diferentes tramos de consumo doméstico e auga quente centralizada que consta no apartado H). do Artigo 5:

“1. Como norma xeral aplicarase a tarifa do primeiro tramo aos primeiros 18 m³ de consumo ao bimestre, a tarifa do segundo tramo aos seguintes 12 m³ de consumo ao bimestre, a tarifa do terceiro tramo aos seguintes 30 m³ de consumo ao bimestre, e a tarifa do último tramo ao consumo que exceda estas cantidades.

2. Para as vivendas nas que o número de empadroados fose 4 ou máis estenderase a aplicación da tarifa do primeiro tramo a razón de 6m³ por persoa que exceda o número de 3 na vivenda considerada, a tarifa do segundo tramo a razón de 4 m³ por persoa que exceda o número de 3 na vivenda considerada, e a tarifa do terceiro tramo a razón de 10 m³ por persoa que exceda o número 3 na vivenda considerada.

Para a aplicación desta extensión dos tres primeiros tramos, os servizos tributarios do concello facilitarán á sociedade concesionaria a información de empadroados nas vivendas con 4 ou máis persoas a 20 de maio de cada ano.

No caso de que con posterioridade ao 20 de maio houberse variación no número de ocupantes da vivenda, os usuarios deberán facilitar á sociedade concesionaria o correspondente volante ou certificado de empadramento.

Para que surta efectos a información padroal que aporten os usuarios no correspondente padrón bimestral, esta deberá ser aportada durante o primeiro mes do bimestre considerado. En caso contrario, surtirá efectos no bimestre inmediato posterior.

3. Para a aplicación das tarifas no caso de auga quente centralizada, terase en conta o número de vivendas ás que se da servizo, considerando a todas elas con tres ocupantes. Aos metros cúbicos de auga quente asignados a cada vivenda aplicarase a tarifa correspondente ao tramo segundo de uso doméstico. Se houberse excesos sobre 10 m³/bimestre/persoa aplicaranse as tarifas dos tramos seguintes que correspondan. Para a aplicación de tramos tamén se considerará unha ocupación de tres persoas para todas e cada unha das vivendas do edificio”.

Razóns de eficiencia y economía administrativa aconsellan o tratamento xeral favorable aos usuarios de “supoñer que na xeneralidade das vivendas hai tres persoas, puidendo aplicárselles así a 18 metros cúbicos a tarifa máis reducida (Apartado 1 anterior). Segundo a información estatística municipal complementada coa información existente no Padrón da taxa de lixo vivendas, máis do 80% do total das vivendas están ocupadas por ata 3 persoas.

Segundo o anteriormente transcrito Apartado 2, a unha vivenda con 4 persoas aplicaráselle a tarifa do primeiro tramo ata os 24 m³/consumo bimestre, se os ocupantes son 5 poderán consumir ata 30m³ ao prezo do primeiro tramo e así sucesivamente. Téndose estudado os consumos reais das comunidades con auga quente central ao longo do exercicio 2019, podemos deducir coa posta en aplicación do Apartado 3 anterior, que todas tributarían os seus consumos na tarifa do segundo tramo o que significará respecto das facturas vixentes, aforros de entre un 30 a un 70%.



Concello de Vigo

- Regúlase no Apartado 2 do Artigo 8 unha opción voluntaria de factura mensual que, implicaría para quen o solicite, recibir nos meses pares facturas por importe das cotas fixas de servizo que terían o carácter de ingreso a conta da facturación total bimestral.
- Por último, introdúcese no Artigo 10 a aplicación dunha redución no 50% das cotas fixas dos servizos de abastecemento, alcantarillado e depuración establecidas nos Apartados I.1, I.2 e I.3 do Artigo 5 desta ordenanza, para usuarios domésticos que, por motivos de escasa capacidade económica e circunstancias que implican vulnerabilidade, veñen resultando exentos da Taxa de lixo vivendas.

Inclúese no propio Artigo 10 desta ordenanza o contido do Artigo 4 Ordenanza Fiscal reguladora das taxas da recollida do lixo que servirá para determinar os usuarios aos que lles corresponderá a redución nas cotas fixas dos servizos de abastecemento, alcantarillado e depuración.

Por motivos de xestión e eficiencia, a aplicación deste beneficio irá dende o bimestre xullo-agosto dun ano ao bimestre maio-xuño do seguinte, sendo os Servizos Tributarios do Concello quen faciliten á concesionaria do servizo a relación de usuarios aos que aplicar as cotas reducidas.

- Establécese un réxime transitorio con vixencia, ata que se volva modificar o texto da ordenanza, consistente en limitar a un máximo de 36,97 € determinadas facturas bimestrais. Este réxime transitorio aplicarase a todos os usuarios domésticos para consumos inferiores o iguais a 6 m³/persoa/bimestre. Esta limitación pode resultar necesaria nas vivendas onde hai 5 ou máis ocupantes e vai destinada a evitar un salto significativo en usuarios domésticos que na actualidade estiveran consumindo 30 m³ ou máis metros cúbicos e fosen familias extensas.

4. INFORME SOBRE O IMPACTO DE XÉNERO.

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme aos artigos 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de bases de réxime local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO:

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA DE PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, ALCANTARILLADO- REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS” (60), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:

ARTIGO 2. OBXECTO DA CONTRAPRESTACIÓN.

- a) Servizo de subministración ou abastecemento de auga potable.
- b) Servizo de alcantarillado e redes de sumidoiros (saneamento).
- c) Servizo de depuración de augas residuais.
- d) A realización ou execución de obras, a competencia das cales estea atribuída (con carácter exclusivo) á entidade concesionaria do servizo.
- e) En xeral, calquera outro servizo que sexa obxecto da presente Ordenanza e, sendo competencia da entidade local, teña carácter obrigatorio en virtude da disposición legal ou regulamentaria.

ARTIGO 5. TARIFAS.

A). TARIFA I.- COTAS FIXAS DE ABOAMENTO OU COTAS FIXAS DE SERVIZO.

Deberán facer efectivo este concepto tarifario todos os usuarios que, dispoñendo do correspondente contrato de subministración, ou alcantarillado ou depuración, utilicen as redes de subministración de auga potable e/ou os servizos de rede de alcantarillado e depuración de augas residuais.

As cotas fixas de servizo correspondentes aos tres servizos mencionados liquidaranse en períodos bimestrais conxuntamente coa facturación dos consumos rexistrados.

Os importes e a súa xustificación por constituír custes fixos dos diferentes servizos son os seguintes:

I.1. Cota fixa de abastecemento.

Uso doméstico :

19,57€/usuario/ bimestre

Uso non doméstico :

28,64€/usuario/ bimestre

Corresponde este importe aos custes fixos de operación, mantemento e reposición das captacións -Presa de Eiras e embalse de Zamáns-, adución – Canais de Eiras O Casal, Zamans-Valadares e cinturón perimetral O Casal-Valadares-, mantemento e reposición das ETAPS do Casal e Valadares, sistemas de bombeo, depósitos de almacenamento, redes de transporte, redes de distribución e acometidas ata a chave de rexistro da acometida situada obrigatoriamente en vía pública diante da propiedade do abonado.

I.2. Cota fixa de alcantarillado.

Uso doméstico:

5,55€/usuario/ bimestre.



Concello de Vigo

Uso non doméstico:
9,56€/usuario/ bimestre .

Corresponde este importe aos custes fixos derivados de operacións, mantemento e reposición de redes de alcantarillado, colectores -Lagares, de marxe de Ría , de Oia e Saians e de Teis-Chapela-, interceptores, instalacións de bombeo de augas residuais, tanques de tormenta e emisario submarino-.

I.3. Cota fixa de depuración.

Usuario doméstico
3,5€/usuario/ bimestre.

Usuario non doméstico
9,79€/usuario/ bimestre.

Corresponde este importe aos custes fixos derivados de operación, mantemento e reposición das EDARS do Lagares e Teis.

B). COTA FIXA DE ABOAMENTO/SERVIZO DE ABASTECIMENTO EN ACOMETIDAS CONTRA INCENDIOS.

Aboará unha cota fixa de abastecemento de uso doméstico sinalada no apartado I.1 da tarifa I deste artigo 5 cada edificio que dispoña de acometida para uso contra incendios.

Aboará unha cota fixa de abastecemento de uso non doméstico sinalada no apartado I.1 da tarifa I deste artigo 5 cada local, nave ou instalación que dispoña de acometida para uso contra incendios.

C). TARIFA II.- COTA VARIABLE DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN / ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE PARA USOS DOMÉSTICOS E NON DOMÉSTICOS.

Para o cálculo da cota variable ou cota de consumo do servizo de abastecemento seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos de consumo e facturando ao usuario o resultante da suma de todos eles.

ABASTECIMENTO TARIFA

A) Uso doméstico:

Por persoal/bimestre

De 0 a 6 m3	0,0700 €/m3
Máis de 6 a 10 m3	0,2100 €/m3
Máis de 10 a 20 m3	1,030 €/m3
Máis de 20 m3	1,2210 €/m3

B) Uso non doméstico:

De 0 a 18 m3	0,0700 €/m3
Máis de 18 a 30 m3	0,3050 €/m3

Máis de 30 a 60 m3	0,9490 €/m3
Máis de 60 a 100 m3	1,4580€/m3
Máis de 100 m3	1,5268€/m3

D). TARIFA III.- COTA VARIABLE DO SERVIZO DE ALCANTARILLADO E SUMIDOIROS.

Para o cálculo da cota variable ou cota de consumo do servizo de alcantarillado e rede de sumidoiros seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos e facturando ao usuario o resultante da suma de todos eles.

ALCANTARILLADO	TARIFA
A) Uso doméstico:	
Por persoa/bimestre	
De 0 a 6 m3	0,0500 €/m3
Máis de 6 a 10 m3	0,2137 €/m3
Máis de 10 a 20 m3	0,6828 €/m3
Máis de 20 m3	0,8246€/m3
B) Uso non doméstico:	
De 0 a 18 m3	0,0500 €/m3
Máis de 18 a 30 m3	0,3137 €/m3
Máis de 30 a 60 m3	0,6828 €/m3
Máis de 60 a 100 m3	0,8246€/m3
Máis de 100 m3	0,8760€/m3

E).TARIFA IV.- COTA VARIABLE DO SERVIZO DE DEPURACIÓN DAS AUGAS RESIDUAIS.

Para o cálculo da cota variable ou cota de consumo do servizo de depuración de augas residuais seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos e facturando ao usuario o resultante da suma de todos eles.

DEPURACIÓN	Tarifa
A) Uso doméstico:	
Por persoa/bimestre	
De 0 a 6 m3	0,0524 €/m3
Máis de 6 a 10 m3	0,1880 €/m3
Máis de 10 a 20 m3	0,8402 €/m3
Máis de 20 m3	0,9713 €/m3
B) Uso non doméstico:	
De 0 a 18 m3	0,0524 €/m3
Máis de 18 a 30 m3	0,5156 €/m3
Máis de 30 a 60 m3	0,8402 €/m3
Máis de 60 a 100 m3	0,9713 €/m3
Máis de 100 m3	1,0101 €/m3



Concello de Vigo

F).COTA VARIABLE DE ALCANTARILLADO E DEPURACIÓN PARA USUARIOS SÓ SANEAMENTO.

Para os usuarios dos servizos de alcantarillado e depuración de augas residuais que non dispoñan de contador, por non ser usuarios do servizo de abastecemento, o seu consumo determinarase en base a unha dotación de 151 litros por habitante e día, a mesma cifra que se establece no plan hidrolóxico de Galicia-Costa.

Elimínase parágrafo

SUPRÍMESE CONSUMO MÍNIMO

G) FORMA DE CÁLCULO DO CONSUMO.

Como norma xeral a determinación do consumo que realice cada usuario concretarase mediante diferenza entre a lectura do contador de medida de dous períodos consecutivos de facturación.

H) FORMA DE APLICAR OS DIFERENTES TRAMOS DE CONSUMO DOMÉSTICO E AGUA QUENTE CENTRALIZADA.

1. Como norma xeral aplicarase a tarifa do primeiro tramo aos primeiros 18 m³ de consumo ao bimestre, a tarifa do segundo tramo aos seguintes 12 m³ de consumo ao bimestre, a tarifa do terceiro tramo aos seguintes 30 m³ de consumo ao bimestre, e a tarifa do último tramo ao consumo que exceda estas cantidades.

2. Para as vivendas nas que o número de empadroados fose 4 ou máis estenderase a aplicación da tarifa do primeiro tramo a razón de 6m³ por persoa que exceda o número de 3 na vivenda considerada, a tarifa do segundo tramo a razón de 4 m³ por persoa que exceda o número de 3 na vivenda considerada, e a tarifa do terceiro tramo a razón de 10 m³ por persoa que exceda o número 3 na vivenda considerada.

Para a aplicación desta extensión dos tres primeiros tramos, os servizos tributarios do concello facilitarán á sociedade concesionaria a información de empadroados nas vivendas con 4 ou mais persoas a 20 de maio de cada ano.

No caso de que con posterioridade ao 20 de maio houberse variación no número de ocupantes da vivenda, os usuarios deberán facilitar á sociedade concesionaria o correspondente volante ou certificado de empadramento.

Para que surta efectos a información padroal que aporten os usuarios no correspondente padrón bimestral, esta deberá ser aportada durante o primeiro mes do bimestre considerado. En caso contrario, surtirá efectos no bimestre inmediato posterior.

3. Para a aplicación das tarifas no caso de auga quente centralizada, terase en conta o número de vivendas ás que se da servizo, considerando a todas elas con tres ocupantes. Aos metros cúbicos de auga quente asignados a cada vivenda aplicarase a tarifa

correspondente ao tramo segundo de uso doméstico. Se houberse excesos sobre 10 m³/bimestre/persoa aplicaranse as tarifas dos tramos seguintes que correspondan. Para a aplicación de tramos tamén se considerará unha ocupación de tres persoas para todas e cada unha das vivendas do edificio.

I). CONEXIÓN OBRIGATORIA ÁS REDES DE SUBMINISTRACIÓN E SANEAMENTO.

Idem texto vixente.

J). TARIFA V.- EXECUCIÓN DE ORZAMENTOS DE ENGANCHE E PROLONGACIÓNS DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO, CON CARGO AOS USUARIOS.

Idem texto vixente.

K). TARIFA VI.- COTAS UNIFICADAS DE ENGANCHE ÁS REDES, NAS QUE SE DISPOÑA DE ACOMETIDA, BEN POR SER REALIZADA POLA ENTIDADE CONCESIONARIA (PLAN DE INVESTIMENTOS), POLA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL DIRECTAMENTE OU QUE A SÚA IMPLANTACIÓN SE DERIVE DUN PROXECTO FINANCIADO POLA COMUNIDADE AUTÓNOMA OU OUTROS ORGANISMOS DE CARÁCTER PÚBLICO.

Idem texto vixente.

L). TARIFA VII .- FORMALIZACIÓN DE ALTA E SOLICITUDE DE ORZAMENTO.

Idem texto vixente.

M). TARIFA VIII.- CONSUMOS ESPECIAIS

Idem texto vixente.

N). TARIFA IX.- REPOSICIÓNS DE SUBMINISTRACIÓNS

Idem texto vixente.

O). TARIFA X.- UTILIZACIÓN DE CONTADORES DE MEDIDA

1. *Idem texto vixente.*

2. *Idem texto vixente.*

3. COTA DE MANTEMENTO DO MODULO DE LECTURA REMOTA DE CONSUMO, VÍA RADIO.

No caso de usuarios cuxo contador individual se atope no interior da vivenda ou local deberán optar por cambiar a ubicación do contador ao exterior da vivenda ou local de forma que permita a súa lectura sen acceder ao interior ou incorporar ao contador un sistema que permita a lectura remota, de forma que a empresa subministradora teña acceso aos datos de consumo rexistrados sen acceder ao interior da vivenda ou local

No caso de que a opción fose a instalación do modulo de lectura remota, aplicarase a seguinte cota de mantemento para cubrir os custes de mantemento e renovación -10 anos- de dito modulo:



Concello de Vigo

Cota de mantemento do modulo de lectura remota de consumo vía radio: 0,77€/contador/mes.

Todas as tarifas, previstas neste artigo, non inclúen os importes que correspondan en concepto de Imposto sobre o valor engadido (IVE)

ARTIGO 8. PERÍODO DE FACTURACIÓN.

1. O período de facturación coincidirá co bimestre natural e a el referiranse as cotas dos servizos cuxa prestación orixine unha liquidación de carácter variable (consumo de abastecemento, alcantarillado e depuración).

2. CONTA FÁCIL 12:

Os obrigados ao pagamento desta prestación patrimonial de carácter público non tributario poderán solicitar desdobrar a factura bimestral en dúas mensuais.

Para usuarios domésticos, a factura correspondente ao mes impar será polo importe da metade das cotas fixas bimestrais de abastecemento, alcantarillado e depuración (14,31€) co correspondente IVE, a cota mensual de aluguer de contador (0,385€) co correspondente IVE e, no seu caso, a cota mensual de mantemento do módulo de lectura remota de consumo vía radio co correspondente IVE.

Para usuarios non domésticos a factura correspondente ao mes impar será polo importe da metade das cotas fixas bimestrais de abastecemento, alcantarillado e depuración (24€) co correspondente IVE, a cota mensual de aluguer de contador co correspondente IVE e, no seu caso, a cota mensual de mantemento do módulo de lectura remota de consumo vía radio co correspondente IVE.

Esta factura de mes impar será “ingreso a conta” da correspondente factura bimestral.

A factura correspondente ao mes par conterá a metade das cotas fixas bimestrais e as cotas variables pola totalidade dos consumos do bimestre. Non será aplicable esta modalidade de facturación mensual a usuarios de “só alcantarillado e depuración” debido á escasa contía das súas cotas fixas.

Para obrigados ao pagamento con bonificación do 50% das cotas fixas, o importe da factura dos meses impares calcularase sobre as correspondentes cotas fixas bonificadas.

3. Facturación mensual de grandes consumidores. Os obrigados ao pagamento con consumos iguais o superiores a 2.000 m³/ano poderán solicitar desdobrar a factura bimestral en dúas mensuais.

A factura mensual será pola metade do importe das cotas fixas bimestrais polos servizos de abastecemento, alcantarillado e depuración, máis o correspondente consumo mensual e, no seu caso, a cota mensual de aluguer de contador e a cota mensual de mantemento do módulo de lectura remota de consumo vía radio.

ARTIGO 10. COTAS FIXAS DE SERVIZO REDUCIDAS.

Aplicarase unha redución do 50% das cotas de aboamento/servizo de subministración /abastecemento, alcantarillado e depuración establecidas nos apartados **I.1, I.2 e I.3** do Artigo 5 desta Ordenanza aos usuarios domésticos que resulten exentos da taxa de lixo

vivendas conforme ao disposto no artigo 4 da ordenanza fiscal reguladora que reproducimos a continuación:

“1. Estarán exentos de pagamento da taxa de lixo da vivenda que constituía a residencia habitual do solicitante, os membros de familias con ingresos brutos anuais, per cápita, inferiores a 4.166 € e 6.519 € para familias numerosas. O computo dos ingresos brutos farase respecto do exercicio inmediatamente anterior ao que se presente a solicitude.

Para desfrutar desta exención haberá de cumprirse amais a condición de que a titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non supere o valor catastral total de 50.538 €.

O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais de todas as persoas que convivan nunha vivenda entre o número total daquelas.

“ No caso dunha persoa cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65%, computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grao de discapacidade fose igual ou superior ao 33% e inferior ao 65% computarase como 1,5”.

1.1 No caso das familias numerosas deberán acompañar á solicitude o título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio no que deba producir efectos a exención.

1.2 No caso de persoas maiores de 65 anos, aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,50.

1.3 No caso de que nunha vivenda resida unha soa persoa aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,55.

1.4 No caso de que se dean simultaneamente as dúas circunstancias referidas nos dous parágrafos anteriores, aplicarase o coeficiente 0,35.

1.5 No caso de que nunha vivenda resida unha persoa vítima de violencia de xénero acreditada mediante sentenza firme, aplicarase ao seu ingreso bruto o coeficiente 0,35. Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza.

1.6 No caso do que nunha vivenda resida unha familia monoparental, na que só percibe ingresos o/a proxenitor/a, custodio/a e os fillos foran menores de 18 anos, aplicarase ao ingreso bruto o coeficiente 0,55.

Podará aplicarse este coeficiente no caso de que os fillos perciban prestacións de carácter público por motivo de discapacidade, invalidez, orfandade e similares.

Considerase familia monoparental aos efectos desta ordenanza, a definida no artigo 13 da lei 3/2011 de 30 de xuño de apoio á familia e á convivencia de Galicia”.

1.7 No caso de persoas que tendo cargas familiares, levasen en situación de desemprego mais de 22 meses ininterrompidos, aplicarase aos seus ingresos un coeficiente do 0,50. O cómputo dos 22 meses para a aplicación deste coeficiente iniciarase o 1 de xaneiro do ano anterior ao da solicitude”.



Concello de Vigo

1.8 No caso de persoas en situación de "dependencia en calquera dos seus tres grados", aplicarase aos seus ingresos un coeficiente do 0,50.

1.9 No caso das persoas dependentes do apartado 1.8 que fose maiores de 65 anos aplicarase un coeficiente do 0,35.

1.10 No caso das persoas dependentes do apartado 1.8 que fosen maiores de 65 anos e residan soas aplicarase un coeficiente do 0,30.

1.11 Presentaran solicitude de bonificación ou exención unha única vez os maiores de 65 anos que vivan sós. Nestes casos a Administración Tributaria do Concello actuará de oficio para aplicar a bonificación ou exención, se procede, nos sucesivos exercicios".

A cota de aboamento reducida aplicarase de oficio aos usuarios domésticos aos que lles fora recoñecido o beneficio fiscal na taxa de lixo vivendas. A relación de usuarios aos que deberá aplicarse as cotas fixas reducidas de subministración, alcantarillado e depuración será remitida á sociedade concesionaria do servizo con anterioridade ao 20 de maio de cada ano. Surtirá efectos no bimestre maio- xuño e continuará ata o bimestre marzo- abril incluído do ano seguinte.

ARTIGO 11. COBRO DA PRESTACIÓN.

2. O período voluntario de cobranza estenderase durante o prazo dos primeiros 15 días do bimestre natural seguinte ao de lectura e comprobación de consumos. No caso de facturas mensuais, os primeiros 15 días do mes natural.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

FACTURA MÁXIMA BIMESTRAL EN CONSUMOS DOMÉSTICOS DO PRIMEIRO TRAMO

A fin de que familias con 5 ou mais membros non sufran salto significativo respecto da tarifa vixente en 2020 por consumos correspondentes ao primeiro tramo de 6 m³/persoa/bimestre, establécese o seguinte límite máximo que continuará vixente ata que esta Ordenanza resulte modificada:

O importe total do recibo bimestral para uso doméstico -incluíndo os conceptos de cotas fixas e variables de abastecemento, alcantarillado e depuración, aluguer de contador e IVE- non poderá superar o importe de 36,97€ para consumos inferiores ou iguais a 6m³/persoa/bimestre. O exceso sobre consumos dende 6m³/persoa/bimestre liquidarase coa tarifa que corresponda ao seu tramo de consumo. O importe anterior de 36,97€ manterase en tanto os tipos correspondentes do imposto sobre o valor engadido (IVE) sexan o 10% para os servizos de abastecemento, alcantarillado e depuración e o 21% para aluguer de contador. No caso de que variasen estes tipos o importe de 36,97€ sufrira unha variación acorde coa variación dos tipos de IVE.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta modificación entrará en vigor o día seguinte ao da publicación no Boletín oficial da provincia, permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derogación expresas.

Comenzará a aplicarse no bimestre xullo-agosto de 2021, unha vez realizadas as modificacións informáticas para o cálculo das novas tarifas coa información que transmitirán os servizos tributarios do Concello á sociedade concesionaria sobre a relación de exentos 2021 da taxa de lixo vivendas para aplicación da cota de aboamento reducida prevista no Artigo 10 desta Ordenanza e así mesmo a relación de vivendas con 4 o máis persoas empadroadas para aplicación de extensión de tramos.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(670).-MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL OU UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL E DEROGACIÓN DA ORDENANZA 32 REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CON INSTALACIÓN DE POSTOS DE VENDA NA VÍA PÚBLICA. EXPTE. 2697/500.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 21/08/2020, dáse conta do informe-proposta do 17/08/2020, asinado pola técnica xurídica de Dirección de Ingresos e xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“1.NORMATIVA APLICABLE:

- Constitución española de 27 de decembro de 1978.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de réxime local de Galicia.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (en adiante, LXT).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (en adiante, LPAC).
- Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos.

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Con data 22 de maio de 2020 o Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda asinou orde de inicio de expediente de modificación de Ordenanza Fiscal nº 30.

Segundo.- Con data 24 de xullo de 2020 o Concelleiro Delegado de Economía e Facenda solicita ao Tribunal Económico Administrativo do Concello informe previo de legalidade sobre o texto de modificación elaborado pola Dirección de Ingresos, no que se inclúe a derogación da Ordenanza 32 ao terse incluído os supostos nela regulados na Ordenanza 30.



Concello de Vigo

Terceiro.- Con data 24 de xullo de 2020 o Tribunal Económico Administrativo do Concello emite informe previo de legalidade favorable ao texto que se incorpora no presente informe proposta.

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS.

A Concellería Delegada de Orzamentos e Facenda traslada a esta Dirección de Ingresos a necesidade de utilizar todas as ferramentas técnicas, dentro da legalidade aplicable ás Corporacións Locais, para contribuir á recuperación económica e social derivada da pandemia internacional xerada polo COVID 19, seguindo a liña das medidas tomadas polo Goberno Local de incentivo á actividade e redución de cargas tributarias e, en particular, as taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local.

Estas actuacións realízanse tendo en conta que, como sinala a Lei xeral tributaria, os tributos, ademais de ser medios cos que conseguir os recursos para financiar o gasto público, son tamén un instrumento da política económica aínda que esta finalidade extrafiscal non pode esquecer a propia finalidade recadatoria, é dicir, a de financiar o gasto público.

Así, a presente modificación da Ordenanza destas taxas realízase no contexto doutras medidas de redución da carga tributaria enmarcadas todas elas en políticas municipais dirixidas á protección da familia, a educación, ou o emprego.

Por outra parte, esta modificación da Ordenanza faise dentro das directrices e do necesario respecto à planificación económico-financeira da Concellería de Orzamentos e Facenda para os exercicios 2020 e 2021.

Neste contexto, segundo instrucións da Concellería de Orzamentos e Facenda, formúlase a proposta contida no presente expediente.

A regulación das taxas contidas na presente Ordenanza ten o seu marco legal no disposto nos Artigos 20 a 27 do TRLRFL.

Resulta especialmente relevante na presente proposta de modificación o exercicio das facultades potestativas do Concello en materia de taxas, no sentido de que “podendo” establecer taxas pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local “poden” non establecelas ou non suxeitar á taxas, determinados aproveitamentos ou utilizacións privativas, por motivos de interese xeral.

Segundo o anterior, no artigo 1º referido ao feito imponible, amais de especificar no apartado F) unha serie de supostos de ocupacións de dominio público local por motivos de actividades económicas, de venda, deportivas, festivas e culturais, regúlanse nos apartados 2 a 5, ocupacións de dominio público local que, por diferentes motivos, o Concello deixará fora do ámbito de aplicación desta Ordenanza:

-Decláranse non suxeitas as ocupacións de dominio público local do apartado F) do artigo 1.1, calquera que fose a súa ubicación dentro do municipio, incluídas no desenvolvemento de festividades, eventos e actividades declaradas expresa e individualizadamente polo Pleno do Concello “de especial interese ou utilidade municipal” por concorrer circunstancias sociais, culturais, científicas, educativas, histórico- artísticas, de promoción da cidade ou de fomento da economía ou o emprego local que xustifiquen tal declaración. Dita declaración estenderá os seus efectos ás sucesivas edicións en tanto non sexa revogada

-Inclúense neste texto as ocupacións inherentes as festas de Entroido, Reconquista, Semana Santa, Semana Grande das Festas de Vigo, Marisquiño e Nadal. Tamén as festas patronais e tradicionais de interese para barrios e parroquias.

-No apartado 3 establécese que non estarán suxeitas as ocupacións de dominio público local do apartado F) do artigo 1.1 enfocadas á dinamización económica e social de actividades comerciais e as súas extensións: campañas, rebaixas e promocións solicitadas e promovidas por asociacións de comerciantes, centros comerciais abertos e outras entidades asociativas de carácter comercial, inscritas no rexistro municipal de asociacións, sempre e cando na autorización destas ocupacións figure expresamente o carácter dinamizador económico e social da actividade comercial autorizada.

-No apartado 4 establécese que non estarán suxeitas as ocupacións de dominio público local do apartado F) do artigo 1.1 para exposición e actividades de carácter cultural, científico, educativo e artístico sempre e cando na autorización destas ocupacións figure expresamente ausencia de lucro.

-No apartado 5 establécese que non estarán suxeitas as ocupacións de dominio público local do apartado F do Artigo 1.1. e non incluídas nos supostos dos apartados 2 a 4 sempre que sexan declaradas pola Xunta de Goberno Local “de interese ou utilidade municipal” por concorrer circunstancias sociais, culturais, científicas, educativas, histórico- artísticas, de promoción da cidade ou de fomento da economía ou o emprego local que xustifiquen tal declaración. Dita calificación “de interese ou utilidade municipal” terá carácter puntual e non estenderá os seus efectos máis alá da edición para a que sexa declarada.

-

-No Artigo 3 establécense supostos de exención de conformidade co artigo 24.4 do TRLRFL para persoas en risco de exclusión social e entidades do artigo 2 e disposición adicional novena da Lei 49/2002 de 23 de decembro e colectivos inscritos no Rexistro Municipal de Asociacións.

-No “Artigo 4.4 Tarifas” esténdese a redución do 50% nas tarifas do Epígrafe B) Valados, puntais, andamios...vixente para os 30 primeiros días de ocupación, ata 90 días.

-Especifícanse as cotas do Epígrafe F) para os distintos supostos incluídos na Ordenanza Fiscal nº 32 que quedará derogada. Establécense cotas sensiblemente inferiores ás vixentes e diferenciadas segundo as características da ocupación, suxeitos que a realizan, rendabilidade esperada e interese público, permanecendo unicamente as tarifas vixentes para un suposto residual F.5) accións comerciais de marketing e publicidade que conlevan instalacións en vía pública para promoción e/ou presentación de produtos.

-No epígrafe G) relativo a entradas de vehículos (vados) engádese unha puntualización de carácter técnico para ponderar axeitadamente a tributación no caso de varias entradas a un garaxe.

Igualmente, realízanse correccións técnicas no Artigo 4.5 e 4.6 que clarifican a aplicación de Ordenanza.

As modificacións introducidas no “Artigo 6.- Normas sobre Ingresos” van destinadas a aportar claridade para a xestión do tributo.

Por último, régúlase con motivo da consecuencia da pandemia COVID-19 para o presente exercicio 2020 na Disposición Transitoria Segunda 1ª, unha bonificación extraordinaria do 100%



Concello de Vigo

nas cotas do epígrafe E “mesas e cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa”.

As cotas devengadas en 2020 e ingresadas por este concepto durante o período anterior ao 14 de marzo de 2020 terán a consideración de “ingreso a conta” da cota que resulte por este concepto no exercicio 2021. No caso de non devengarse a correspondente cota en 2021, procederase a tramitar expediente de devolución de ingresos.

Polo mesmo motivo, na Disposición Transitoria Segunda 2ª establécese, para o exercicio 2020, a non suxeición das ocupacións do epígrafe F do artigo 1.1 desta ordenanza e artigo 4 da Ordenanza fiscal nº 32 para as ocupacións vinculadas á actividades de dinamización comercial e cultural na rúa, así como a Campaña de Nadal 2020-2021.

O texto proposto remata cunha Disposición Derrogatoria do seguinte tenor literal: *“Queda derogada a “ordenanza 32 reguladora das taxas por aproveitamentos especiais con instalación de postos de venda na vía pública e, en xeral, en bens de dominio público municipais, autorizados ao amparo da ordenanza reguladora da venda na vía pública e espazos abertos”*

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar a continuación a estimación da repercusión orzamentaria nas partidas correspondentes do orzamentos de ingresos do Concello para os exercicios 2020 -2021.

A bonificación extraordinaria do 100% pola ocupación por mesas e cadeiras que se está aplicando excepcionalmente ao exercicio 2020 ten un impacto orzamentario neste exercicio de 40.000€ pero non terá impacto no exercicio 2021.

As declaracións de non suxeición ás taxas reguladas na presente ordenanza incluídas nos apartados 2 a 5 do Artigo 1 afectan ás partidas orzamentarias 33502 Postos e barracas dotada en 2020 con **25.000€**, partida 33900 Outros aproveitamentos da vía pública dotada con **125.000€** e 33902 Ingresos ocupación mercados ambulantes **100.000€**. Estímase un impacto orzamentario en cada unha das tres e para cada un dos exercicios 2020 e 2021, nun 50% do seu importe: **125.000€**.

5. INFORME SOBRE O IMPACTO DE XÉNERO.

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a quen teña a condición de contribuínte. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

6. INNECESARIEDADE DO TRÁMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, *“cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública”* a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

Segundo informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de 2018: “o trámite de

consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia”.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 24 de xuño de 2020, «unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”.

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudo e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudo e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.



Concello de Vigo

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modificase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».

Á vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno local a adopción do seguinte,

ACORDO:

1º) Aprobar a seguinte:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUENTES ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL OU UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL” (30), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:

ARTIGO 1.- FEITO IMPOÑIBLE

1.

F) Instalación de postos, casetas de venda, barracas, casetas de feira, carpas, tómbolas, tiouvivos, norias e outras atraccións de feira, circos, instalacións de ocio de inverno, deportes urbanos e outros, teatro, cine e outros espectáculos na rúa, así como extensión da actividade comercial ao dominio público local con expositores de produtos e instalacións desmontables para campañas promocionais de carácter ocasional.

2. Non estarán suxeitas as ocupacións de dominio público local do apartado F) do artigo 1.1, calquera que fose a súa ubicación dentro do municipio, incluídas no desenvolvemento de festividades, eventos e actividades declaradas expresa e individualizadamente polo Pleno do Concello “de especial interese ou utilidade municipal” por concorrer circunstancias sociais, culturais, científicas, educativas, histórico- artísticas, de promoción da cidade ou de fomento da economía ou o emprego local que xustifiquen tal declaración. Dita declaración extenderá os seus efectos ás sucesivas edicións en tanto non sexa revogada

Aos efectos do establecido no paragrafo anterior, considéranse “de especial interese ou utilidade municipal” as seguintes festas ou eventos: Entroido, Reconquista, Semana Santa, Semana Grande das Festas de Vigo, Marisquiño e Nadal.

Tamén terán a citada consideración de “de especial interese ou utilidade municipal” as festas patronais e tradicionais de interese para barrios e parroquias organizadas por entidades asociativas inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.

3. Non estarán suxeitas as ocupacións de dominio público local do apartado F) do artigo 1.1 enfocadas á dinamización económica e social de actividades comerciais e as súa extensións: campañas, rebaixas e promocións solicitadas e promovidas por asociacións de comerciantes, centros comerciais abertos e outras entidades asociativas de carácter comercial, inscritas no

registro municipal de asociacións, sempre e cando na autorización destas ocupacións figure expresamente o carácter dinamizador económico e social da actividade comercial autorizada.

4. Non estarán suxeitas as ocupacións de dominio público local do apartado F) do artigo 1.1 para exposición e actividades de carácter cultural, científico, educativo e artístico sempre e cando na autorización destas ocupacións figure expresamente ausencia de lucro.

5. Non estarán suxeitas as ocupacións de dominio público local do apartado F do artigo 1.1. e non incluídas nos supostos dos apartados 2 a 4 sempre que sexan declaradas pola Xunta de Goberno Local “de interese ou utilidade municipal” por concorrer circunstancias sociais, culturais, científicas, educativas, histórico- artísticas, de promoción da cidade ou de fomento da economía ou o emprego local que xustifiquen tal declaración. Dita calificación “de interese ou utilidade municipal” terá carácter puntual e non extenderá os seus efectos máis alá da edición para a que sexa declarada.

ARTIGO 3.- EXENCIONES E BONIFICACIONES

3. Estarán exentas das taxas polas ocupacións de dominio público local do apartado F) do artigo 1.1 as persoas que realicen venda ambulante, acreditadas para a venda, que se atopen en risco de exclusión social, previa valoración dos servizos sociais municipais.

4. Estarán exentas das taxas polas ocupacións de dominio público local do apartado F) do artigo 1.1 as entidades incluídas no artigo 2 e na Disposición Adicional Novena da Lei 49/2002, de 23 de decembro e colectivos inscritos no registro municipal de asociacións.

ARTIGO 4.- COTAS

A.2 SUPRÍMESE

A.4 SUPRÍMESE

Durante os 90 primeiros días de ocupación, as anteriores tarifas terán unha redución do 50%.

Epígrafe F) Actividades económicas e outras na vía pública

F.1. Venda ambulante, ocasional e “de tempada”: postos e casetas de venda.

Por m² ou fracción e día:

Categorías rúas:

1 ^a	2 ^a	3 ^a	4 ^a	5 ^a	6 ^a
1,35	1,05	1	0,70	0,60	0,50€

A superficie computable será a que ocupe o posto.

No caso de ocupación do dominio público local con mercadillos de carácter **periódico, ocasional ou sectorial** na vía pública aplicarase unha tarifa única de **1€/m²/día**

F.2. casetas de feira, tómbolas, tiovivos, norias e outras instalacións e atraccións de feira.



Concello de Vigo

Por m2 ou fracción e día:

Categorías rúas:

1 ^a	2 ^a	3 ^a	4 ^a	5 ^a	6 ^a
1,35	1,05	1	0,70	0,60	0,50€

A superficie computable será a que ocupe a instalación máis a correspondente superficie de seguridade.

F.3. Circos, instalacións de ocio de inverno, deportes urbanos e outros, teatros, cine e outros espectáculos na rúa.

Por m2 ou fracción e día:

Categorías rúas:

1 ^a	2 ^a	3 ^a	4 ^a	5 ^a	6 ^a
0,3	0,2	0,2	0,1	0,1	0,05 €

A superficie computable será a que ocupe a instalación mais a correspondente superficie de seguridade.

F.4. Extensión da actividade comercial -desenvolvida nun local radicado no municipio- ao dominio público local con expositores de produtos e instalacións desmontables para campañas proporcionais de carácter ocasional.

Por m2 ou fracción e día:

Categorías rúas:

1 ^a	2 ^a	3 ^a	4 ^a	5 ^a	6 ^a
1,35	1,05	1	0,70	0,60	0,50€

A superficie computable será a que ocupe a instalación mais a correspondente superficie de seguridade.

F.5. Accións comerciais de marketing e publicidade que conlevan instalacións en vía pública para promoción e/ou presentación de produtos.

Por m2 ou fracción e día:

Categorías rúas:

1 ^a	2 ^a	3 ^a	4 ^a	5 ^a	6 ^a
4,85	3,75	3,75	2,50	2,50	1 €

A superficie computable será a que ocupe o posto.

Cando a un garaxe se acceda por varias entradas aplicarase a cada unha delas a cota que corresponda segundo o tipo de garaxe e o numero total das súas prazas pero aplicando a cada entrada unha redución do 25%

5. Cando se trate de taxas por utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras dos servizos de subministracións que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza --agás as empresas de telecomunicacións que tributarán conforme ao epígrafe I.4. do artigo 4.4-- o importe daquelas consistirá, en todo caso e sen

excepción ningunha, no 1,5 % dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente en este termo municipal as referidas empresas.

O réxime especial de cuantificación do 1,5% dos ingresos brutos aplicarase ás empresas a que se refire este epígrafe 5, tanto se son titulares das correspondentes redes a través das que se efectúan as subministracións como se, non sendo titulares de ditas redes, o son de dereitos de uso, acceso ou interconexión ás mesmas.

6. En xeral, cando se utilicen procedementos de licitación pública sobre ocupacións suxeitas, o importe da taxa será o valor económico da proposición sobre a que recaia a concesión, autorización ou adxudicación, que será esixido na súa integridade.

Pola contra, cando concorra un suposto de non suxeición a esta taxa e un procedemento de licitación pública referido á ocupación non suxeita, un eventual ou posible importe económico resultado da adxudicación non terá a consideración de taxa por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local.

7.

As cotas deste apartado 7, terán a consideración de compensación ao Concello polos custos a que ten que facer fronte coma consecuencia do contrato de xestión do servizo de aparcamentos e serán esixidas conxuntamente coas taxas reguladas na presente Ordenanza.

2. Cando a ocupación de dominio público corresponda a empresas explotadoras de servizos de subministracións a que se refire o apartado 5 do artigo 4 da presente ordenanza así como empresas de telecomunicacións, finalizada a obra correspondente a cada licenza ou transcorrido o prazo de tres meses contado a partir da data da proposta de execución (PRX), deberá formularse, a efectos censuais, declaración de ocupación de dominio público segundo formulario dispoñible en <https://sede.vigo.org/ocupacion> identificado como "paso 3 de 3 declaración de ocupación de dominio"

O incumprimento da obriga sinalada no paragrafo precedente constitúe infracción tributaria tipificada no artigo 198.1 da LXT.

- Nas ocupacións realizadas con redes de telecomunicacións, durante o primeiro trimestre de cada ano natural os servizos tributarios practicaran a correspondente liquidación derivada do epígrafe I.4 do artigo 4 da presente ordenanza.

- As restantes empresas explotadoras doutros servizos de subministracións diferentes ás telecomunicacións ingresarán, polo procedemento de autoliquidación, no primeiro mes de cada semestre, o importe da taxa a que alude o apartado 5 do artigo 4 desta ordenanza, correspondente ao semestre anterior. As autoliquidacións practicadas terán o carácter de "a conta" da autoliquidación de regularización que se presentará antes do 30 de xullo do exercicio seguinte. A autoliquidación de regularización practicada en xullo deberá ir acompañada de Balance de Situación e Conta de Explotación da entidade, relativos ao exercicio precedente, certificados polo Presidente do Consello de Administración, así como informe da auditoría onde conste expresamente a facturación correspondente ao termino municipal de Vigo no citado período.



Concello de Vigo

3. Os titulares de caxeiros automáticos deberán practicar autoliquidación da correspondente cota anual segundo do epígrafe A.5 do artigo 4 durante o primeiro trimestre do ano natural

4. Os solicitantes de aproveitamentos sinalados no apartado B), C) e H) do Artigo 1º, deberán formular, solicitude/autoliquidación de taxas por todo o tempo solicitado. Dito documento poderá descargarse da páxina Web do Concello.

Se o tempo solicitado non resultare suficiente, deberán formular, con anterioridade o seu vencemento, solicitude de continuación co aproveitamento e autoliquidación complementaria.

No caso de que a anterior autoliquidación complementaria fose extemporánea será obxecto dos recargos regulados na Ordenanza Fiscal Xeral.

En todo caso, a efectos das competencias de inspección e control sobre o estado da vía pública por parte dos Servizos de Vías e Obras e Circulación Viaria, os solicitantes estarán obrigados a formular a baixa do aproveitamento.

De non terse formulado esta baixa, a Administración Tributaria do Concello poderá requirir o pagamento das taxas devengadas xunto cos recargos e sancións tributarias procedentes. Do mesmo xeito, a Alcaldía poderá impoñer a correspondente sanción por infracción de norma regulamentaria.

5.No caso do aproveitamento a que se refire o apartado H) do artigo 1, se a solicitude abranguera unha duración superior ao do período impositivo, nos exercicios sucesivos incluírase no padrón anual periódico con sistema de cobro por recibos.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

SEGUNDA

1ª Pola situación excepcional creada pola pandemia Covid-19 aplicarase, para o exercicio 2020, bonificación do 100% nas cotas resultantes da aplicación do epígrafe E) "Mesas, cadeiras, tribunas, tabladros e outros elementos análogos con finalidade lucrativa".

As cotas devengadas en 2020 e ingresadas por este concepto durante o período anterior ao 14 de marzo de 2020 terán a consideración de "ingreso a conta" da cota que resulte por este concepto no exercicio 2021. No caso de non devengarse a correspondente cota en 2021, procederase a tramitar expediente de devolución de ingresos.

2ª Declárase, para o exercicio 2020 a non suxeición das ocupacións do epígrafe F do artigo 1.1 desta ordenanza e artigo 4 da Ordenanza fiscal nº 32 para as ocupacións vinculadas á actividades de dinamización comercial e cultural na rúa, así como a Campaña de Nadal 2020-2021.

Por conseguinte, cando conorra un suposto dos indicados no parágrafo precedente cun procedemento de licitación pública referido á ocupación non suxeita, un eventual ou posible importe económico resultado da adxudicación non terá a consideración de taxa por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derogada a “ordenanza 32 reguladora das taxas por aproveitamentos especiais con instalación de postos de venda na vía pública e, en xeral, en bens de dominio público municipais, autorizados ao amparo da ordenanza reguladora da venda na vía pública e espazos abertos”

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. Estas modificacións entrarán en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comenzaran a aplicarse o 1 de xaneiro de 2021, sen prexuízo do disposto nas disposicións transitorias anteriores, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Someter a ditame do Tribunal económico-administrativo do Concello.

3º) Aprobación provisional en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(671).- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS. EXPTE. 2710/500.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20/08/2020, dáse conta do informe-proposta do 14/08/2020, asinado pola técnica xurídica de Dirección de Ingresos e xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.NORMATIVA APLICABLE.

- Constitución española de 27 de decembro de 1978.
- 12.Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local (en adiante, LRBRL).
- 13.Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL).
- 14.Lei 5/1997, de 22 de xullo, de réxime local de Galicia.
- 15.Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (en adiante, LXT).
- 16.Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas (Lei 39/2015).



Concello de Vigo

17.Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (LOEOSF).

18.Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade do goberno local.

19.Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia e Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento desta Lei.

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Mediante Acordo plenario de data 28 de setembro do 2015 aprobouse provisionalmente a última modificación desta ordenanza fiscal nº 5, quedando elevada a definitiva aquela aprobación por ausencia de reclamación en período de exposición pública. (expte. 2211/500).

Segundo.- O Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de modificación en data 06.08.2020.

Terceiro.- Con data 11 de agosto de 2020 o Tribunal Económico Administrativo do Concello emitiu informe previo de legalidade favorable sobre o contido da modificación que se incorpora no presente informe proposta.

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS.

A Concellería Delegada de Orzamentos e Facenda traslada a esta Dirección de Ingresos a necesidade de utilizar todas as ferramentas técnicas, dentro da legalidade aplicable ás Corporacións Locais, para contribuir á recuperación económica e social derivada da pandemia internacional xerada polo COVID 19, seguindo a liña das medidas tomadas polo Goberno Local de incentivo á actividade e redución de cargas tributarias e, en particular, no Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO).

Estas actuacións realízanse tendo en contra que, como sinala a Lei xeral tributaria, os tributos, ademais de ser medios cos que conseguir os recursos para financiar o gasto público, son tamén un instrumento da política económica aínda que esta finalidade extrafiscal non pode esquecer a propia finalidade recadatoria, é dicir, a de financiar o gasto público.

Así, a presente modificación da Ordenanza do imposto realízase no contexto doutras medidas de redución da carga tributaria enmarcadas todas elas en políticas municipais dirixidas á protección da familia, a educación, ou o emprego.

Por outra parte, esta modificación da Ordenanza faise dentro das directrices e do necesario respecto à planificación económico-financieira da Concellería de Orzamentos e Facenda para os exercicios 2020 e 2021.

Neste contexto, segundo instrucións da Concellería de Orzamentos e Facenda, fórmulase a proposta contida no presente expediente:

3.1. Reformúlase o texto das bonificacións contidas no artigo 3 da ordenanza no sentido de determinar no propio acordo de aprobación da ordenanza declaracións xenéricas de “especial interese ou utilidade municipal” que fundamentarán a aplicación concreta en vía de

xestión tributaria da correspondente bonificación, sen necesidade do pronunciamento plenario individualizado que esixía o texto vixente.

De conformidade do artigo 103.2 do citado RDL 2/2004 realízase no texto proposto unha xenérica “declaración de especial interese ou utilidade municipal” para todas as obras realizadas en edificacións preexistentes, destinadas á eliminación de barreiras arquitectónicas. Tamén, para as realizadas pola Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional en ou para establecementos educativos que figuren ou vaian figurar no inventario de bens do Concello, para as obras incluídas nos Plans Especiais de Protección e Reforma Interior de Bouzas, Casco Vello, edificios catalogados do PEEC e nas áreas de rehabilitación integral de Santa Clara (Cabral) e Coia.

Respecto da posibilidade de que, segundo o texto vixente, puidese ser declarada en expediente individualizado determinada obra “de especial interese ou utilidade municipal”, pertencente ao sector da pesca e conserva, amplíase a bonificación a outros sectores económicos estratéxicos da cidade e realízase unha declaración xenérica de “especial interese ou utilidade municipal” para que todas as construcións, instalacións e obras destinadas ao desenvolvemento das actividades que tributan no Imposto de Actividades Económicas nos epígrafes 416.1 e 416.2: Fábrica de Conservas de Pescado e outros produtos mariños, 612.8: Comercio Maior de Pescados, Crustáceos, Moluscos e outros, 643.1: Comercio Menor de Pescado e outros Produtos da Pesca, Grupo 361: Construción e montaxe de vehículos automóbiles e os seus motores, Grupo 362: Construción de carrocerías, remolques e volquetes, Grupo 363: Fabricación de equipo, componentes, accesorios e pezas de reposto para vehículos automóbiles, Grupo 371: Construción Naval e Grupo 372 Reparación e mantemento de buques.

Compre facer constar que a xa existente bonificación excepcional do 95%, posible mediante expediente individualizado “de especial interese ou utilidade municipal” en actividades da pesca e conserva obedeceu, no seu día, á “crise do Prestige” e que a actual situación económica, e os plans do Goberno local, diríxense ao apoio de sectores productivos estratéxicos da cidade con capacidade tractora do tecido socioeconómico.

Regúlase no texto proposto a posibilidade de declaración “de especial interese ou utilidade municipal” para outros supostos, segundo o establecido no apartado 9 do artigo 3.

3.2. Como medida coadjuvante á recuperación económica establécense nas disposicións transitorias medidas redutoras na carga fiscal para todas as obras non acollidas á exención ou bonificación do artigo 3. Establécese unha bonificación no 20% na cota do imposto xa con vixencia extraordinaria para o presente exercicio 2020 dende a data do acordo de aprobación do presente proxecto de modificación desta ordenanza pola Xunta de Goberno Local, extendendo a súa vixencia a todo o exercicio 2021 segundo se dispón na Disposición Transitoria 1ª.

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar a continuación a estimación da repercusión orzamentaria na partida do Imposto sobre construcións, instalacións e obras para os exercicios 2020 e 2021:



Concello de Vigo

Segundo os datos obrantes nos servizos tributarios do Concello en relación ao importe da previsión orzamentaria de 1.800.000 € na partida 29000 do orzamento de ingresos para o exercicio 2020, a bonificación extraordinaria proposta na Disposición Transitoria 2ª non terá impacto orzamentario negativo.

En relación a previsión orzamentaria a realizar na partida correspondente para o exercicio 2021, o seu importe debería ascender a 2.500.000€. Non obstante, realizarase unha previsión para o orzamento de 2021 de 2.000.000€ como consecuencia da aplicación da bonificación do 20% para o próximo exercicio 2021, estimándose por esta bonificación un impacto orzamentario de 500.000€.

5. INFORME SOBRE O IMPACTO DE XÉNERO.

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a quen teña a condición de contribuínte. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

6. INNECESARIEDADE DO TRAMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015 DO 1 DE OUTUBRO DO PAC.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, *“cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública”* a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

O informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 é coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de 2018 na innecesariedade de consulta previa no caso de modificación dunha ordenanza fiscal.

Segundo a Dirección Xeral de Tributos: *“o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia”*.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 11 de agosto de 2020 obrante neste expediente, *«unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria,*

suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”.

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudio e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudio e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modificase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame»....

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,



Concello de Vigo

ACORDO:

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓN E OBRAS” (5), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:

ARTIGO 3.- EXENCIONS E BONIFICACIONES

2. Decláranse “de especial interese ou utilidade municipal” e gozarán dunha bonificación do 95% na cota do Imposto, de conformidade co artigo 103.2 a) do RDL 2/2004 as construcións, instalacións e obras realizadas sobre edificacións existentes, por iren destinadas ou implicar a eliminación de barreiras arquitectónicas. Esta bonificación aplicarase de forma exclusiva sobre o importe da cota que resulte de multiplicar o presuposto de execución material das obras especificamente destinadas á eliminación de barreiras arquitectónicas polo tipo impositivo.

3. Decláranse “de especial interese ou utilidade municipal” e gozarán dunha bonificación do 95% na cota do imposto, de conformidade co artigo 103.2 a) do RDL 2/2004 as construcións, instalacións e obras que realizadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en ou para establecementos educativos que figuren ou vaian a figurar no inventario de Bens do Concello.

4. Decláranse “de especial interese ou utilidade municipal” e gozarán dunha bonificación do 50% na cota do Imposto, de conformidade co artigo 103.2 a) do RDL 2/2004 as construcións, instalacións ou obras destinadas ao desenvolvemento das actividades que tributan no Imposto de Actividades Económicas nos epígrafes 416.1 e 416.2: Fábrica de Conservas de Pescado e outros produtos mariños, 612.8: Comercio Maior de Pescados, Crustáceos, Moluscos e outros, 643.1: Comercio Menor de Pescado e outros Produtos da Pesca, Grupo 361: Construción e montaxe de vehículos automóbiles e os seus motores, Grupo 362: Construción de carrocerías, remolques e volquetes, Grupo 363: Fabricación de equipo, componentes, accesorios e pezas de reposto para vehículos automóbiles, Grupo 371: Construción Naval e Grupo 372 Reparación e e mantemento de buques.

5. Decláranse “de especial interese ou utilidade municipal” e gozarán dunha bonificación do 75% na cota do Imposto, de conformidade co artigo 103.2 a) do RDL 2/2004 as construcións, instalacións ou obras incluídas nos Plans Especiais de Protección e Reforma Interior de Bouzas e Casco Vello, así como nos edificios catalogados do PEEC, e nas Areas de Rehabilitación Integral de Santa Clara (Cabral) e Coia.

SUPRÍMENSE os seguintes parágrafos, ata o Apartado 6, e incorporáanse no Apartado 9.

6. As obras, construcións e instalacións necesarias para a posta en funcionamento dun proxecto empresarial de interese municipal (PEIM) entenderanse de especial interese por concorrer a circunstancia de fomento de emprego e gozarán dunha bonificación na cota deste imposto do 50%, de conformidade co disposto no artigo 103.2 a) do RDL 2/2004 . Os suxeitos pasivos deste imposto aportarán coa solicitude da Licencia de Obras o

correspondente acordo da Xunta de Goberno Local onde se cualifica a actividade como proxecto empresarial de interese municipal (PEIM).

7. Gozarán dunha bonificación do 50% da cota do Imposto as construcións, instalacións ou obras referentes a vivendas de protección oficial. Os solicitantes aportarán, xunto coa autoliquidación do Imposto, a correspondente cédula de calificación de protección oficial e aplicarán directamente a bonificación, sen prexuízo da comprobación administrativa

8. Gozarán dunha bonificación do 30% sobre a cota, as construcións, instalacións ou obras consistentes na instalación de sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo. Non obstante, para o caso de construción de uso residencial, a porcentaxe de bonificación ascenderá ao 95%. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que se acredite que os colectores ou captadores dispoñen da correspondente homologación da Administración competente. Non se concederá esta bonificación cando a implantación destes sistemas sexa obrigatoria a tenor da normativa específica na materia.

Esta bonificación alcanzará exclusivamente á parte de cota correspondente as construcións, instalación e obras destinadas estritamente a dito fin. Para gozar da bonificación, deberase aportar polo interesado un desglose do presuposto no que se determine razoadamente o custo que supón a construción, instalación ou obra á que se refire este presuposto.

9. Fora dos supostos enumerados nos apartados 2 a 8, e cando concorran razóns do artigo 103.2 a) do RDL 2/2004, poderán declararse outros supostos como "de interese ou utilidade municipal".

A "declaración de interese ou utilidade municipal" regulada neste apartado corresponderá ao Pleno da Corporación por maioría simple e fixará a contía da bonificación. A tal fin, de oficio ou a instancia de parte, deberá solicitarse do Pleno da Corporación a "declaración de interese ou utilidade municipal", argumentando os motivos de dita solicitude.

As bonificacións reguladas nos apartados 2 a 9 teñen carácter rogado e deberán ser solicitadas polos suxeitos pasivos do imposto.

A solicitude deberá realizarse unha vez concedida a correspondente licenzia de obra e dentro do prazo previsto para a presentación da correspondente autoliquidación do imposto.

A solicitude irá acompañada de copia da licenzia de obra e presuposto desglosado das construcións, instalacións ou obras, ou daquela parte das mesmas, para as que se solicita a "declaración de especial interese ou utilidade municipal".

Presentada a solicitude en prazo, o suxeito pasivo poderá practicar autoliquidación do imposto aplicando a bonificación solicitada de forma provisional e condicionada á resolución que a outorgue, previa constatación do cumprimento dos requisitos.

A tal fin, incorporarase informe técnico do departamento de Licenzias en relación as obras que supoñan efectivamente eliminación de barreiras arquitectónicas no caso das obras a que se refire o apartado 2 deste artigo.



Concello de Vigo

No caso das obras a que se refire o apartado 3, incorporárase informe favorable do departamento de Educación do Concello e informe do departamento de Patrimonio Municipal en relación á súa inclusión no Inventario de Bens do Concello.

No caso das obras a que se refire o apartado 4 contará con informe técnico favorable do Departamento de Licencias relativo á expedición de Licencia de Actividades e Instalacións, así como alta no censo do IAE nos epígrafes obxecto da bonificación.

No caso de obras a que se refire o apartado 5, informe favorable da Comisión de Seguimento do PEEC, Bouzas e Casco Vello.

A “declaración de interese ou utilidade municipal” quedará automaticamente sen efecto, sen necesidade de novo acordo en contrario, no suposto de que as obras que se realicen non se axusten á licenza concedida, así como no caso de caducidade da licenza. Notificarase ao interesado que a “declaración de interese ou utilidade municipal” queda sen efecto así como a conseguinte bonificación, a fin de que no prazo dun mes, aquél presente a correspondente autoliquidación complementaria. Transcorrido este prazo, sen que se produza a correspondente autoliquidación, o suxeito pasivo terá incorrido en infracción tributaria.

As bonificacións previstas no presente artigo poderán aplicarse de forma simultánea e sucesiva segundo a orde en que aparecen reguladas.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

1ª. Con efectos exclusivos para esta Ordenanza e para o exercicio 2021, considéranse de “especial interese ou utilidade municipal”, por concorrer circunstancias de recuperación económica e fomento do emprego, as restantes construcións, instalacións ou obras non incluídas nos supostos de exención ou bonificación do Artigo 3, cuxo inicio se produza no exercicio 2021 e aplicaráselles unha bonificación do 20% da cota.

2ª. Con carácter excepcional, para o presente exercicio 2020, considéranse de “especial interese ou utilidade municipal”, por concorrer circunstancias de recuperación económica e fomento do emprego, as restantes construcións, instalacións ou obras non incluídas nos supostos de exención ou bonificación do Artigo 3, cuxo inicio se produza con posterioridade ao Acordo de aprobación deste proxecto de ordenanza pola Xunta de Goberno Local e aplicaráselle unha bonificación do 20% da cota.

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. A presente modificación Ordenanza Fiscal entrará en vigor ó día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial

2º) Someter a Ditame do TEA do Concello.

3º) Aprobación provisional do Proxecto ditaminado en sesión plenaria.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(672).- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA CONCESIÓN DE LICENZAS DE CONSTRUCCIÓN, OBRAS E INSTALACIÓN. EXPTE. 2712/500.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o ditame favorable do Tribunal Económico Administrativo do 17/08/2020 e o informe de fiscalización do 19/08/2020, dáse conta do informe-proposta do 14/08/2020, asinado pola técnica xurídica de Dirección de Ingresos e xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1. NORMATIVA APLICABLE.

- Constitución española de 27 de decembro de 1978.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local (en adiante, LRBRL).
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de réxime local de Galicia.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (en adiante, LXT).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas (Lei 39/2015).
- Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (LOEOSF).
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade do goberno local.
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia e Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento desta Lei.

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- No BOP de 12 de decembro de 2016 publicouse a última modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola concesión de licenzas de construcións, obras e instalacións (50), con vixencia sen alteración dende 1 de xaneiro de 2017.

Segundo.- O Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de modificación en data 06.08.2020, na liña da proposta formulada pola Sra. Concelleira Delegada da Área de Urbanismo en expediente 12644-407.

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS.

A Concellería Delegada de Orzamentos e Facenda traslada a esta Dirección de Ingresos a necesidade de utilizar todas as ferramentas técnicas, dentro da legalidade aplicable ás Corporacións Locais, para contribuir á recuperación económica e social derivada da pandemia internacional xerada polo COVID 19, seguindo a liña das medidas tomadas polo Goberno Local de incentivo á actividade e redución de cargas tributarias e, en particular, as taxas pola concesión de licenzas de construcións, obras e instalacións.

Estas actuacións realízanse tendo en conta que, como sinala a Lei xeral tributaria, os tributos, ademais de ser medios cos que conseguir os recursos para financiar o gasto



Concello de Vigo

público, son tamén un instrumento da política económica aínda que esta finalidade extrafiscal non pode esquecer a propia finalidade recadatoria, é dicir, a de financiar o gasto público.

Así, a presente modificación da Ordenanza da taxa realízase no contexto doutras medidas de redución da carga tributaria enmarcadas todas elas en políticas municipais dirixidas á protección da familia, a educación, ou o emprego.

Por outra parte, esta modificación da Ordenanza faise dentro das directrices e do necesario respecto à planificación económico-financeira da Concellería de Orzamentos e Facenda para os exercicios 2020 e 2021.

Neste contexto, segundo instrucións da Concellería de Orzamentos e Facenda, fórmase a proposta contida no presente expediente, consistente en ampliar, para o exercicio 2021 a exención prevista no Artigo 5.1.; para aplicala tamén á obras de reforma ou adaptación de locais para actividades económicas cunha superficie de ata 150m². Inclúese para o exercicio 2021 a exención das taxas de licenzas de primeira ocupación de naves industriais, edificios comerciais, de oficinas, de servizos, etc e das taxas de licenzas de primeira ocupación ou posta en marcha de actividades.

Realízase a presente modificación de conformidade cos Artigos 20 ao 27 do TRLRFL, en particular segundo o artigo 24.4.

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar a continuación a estimación da repercusión orzamentaria na partida da taxa de licenzas de obras da Xerencia Municipal de Urbanismo para o exercicio 2021.

Segundo os datos obrantes nos servizos tributarios da Xerencia Municipal de Urbanismo en relación ao importe efectivo desta taxa no exercicio 2019, aquel foi de 1.185.818,37€

A previsión orzamentaria nas partidas do presuposto da Xerencia de Urbanismo 32100 e 32200 para o exercicio 2020 ascenderon á 1.143.444,56 €. Non obstante segundo datos efectivos a 31 de xullo de 2020 estas partidas acadarían a 31 de decembro un importe aproximado de 1.000.000€.

En relación á previsión orzamentaria a realizar na partida correspondente para o exercicio 2021, o seu importe debería reducirse nun 10%, estimándose pola exención incluída nesta modificación de Ordenanza un impacto orzamentario aproximado de 100.000€. Inclúese neste expediente estimación de custos e ingresos para o exercicio 2021 realizado por técnico da Xerencia de Urbanismo en expediente 12644-407.

5. INFORME SOBRE O IMPACTO DE XÉNERO.

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a quen teña a condición de contribuínte. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

6. INNECESARIEDADE DO TRAMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015 DO 1 DE OUTUBRO DO PAC.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, *“cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública”* a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

O informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 é coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de 2018 na innecesariedade de consulta previa no caso de modificación dunha ordenanza fiscal.

Segundo a Dirección Xeral de Tributos: *“o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia”*.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 15 de xuño de 2018, *«unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”*.

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudio e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral



Concello de Vigo

para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudo e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modificase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame»....

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO:

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA CONCESIÓN DE LICENZAS DE CONSTRUCCIÓN, OBRAS E INSTALACIÓN” (50), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

1ª Para o exercicio 2021 amplíase a exención regulada no Apartado 1 do artigo 5 ás obras de reforma ou adaptación de locais para actividades económicas cunha superficie de ata 150 m²

2ª Para o exercicio 2021 gozarán de exención as licenzas de primeira ocupación de naves industriais, edificios comerciais, de oficinas, de servizos, etc; así como as licenzas de primeira utilización ou posta en marcha de actividades.

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª Esta modificación entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2021, ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresas.”

2º) Someter a Ditame do TEA do Concello.

3º) Aprobación provisional do Proxecto ditaminado en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello, Páxina Web e Prensa Local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

a) Publicar o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

b) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(673).- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR LICENZAS DE ACTIVIDADES E INSTALACIÓN. EXPTE. 2713/500.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o ditame favorable do Tribunal Económico Administrativo do 17/08/2020 e o informe de fiscalización do 19/08/2020, dáse conta do informe-proposta do 14/08/2020, asinado pola técnica xurídica de Dirección de Ingresos e xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.NORMATIVA APLICABLE.

- Constitución española de 27 de decembro de 1978.
- 20.Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local (en adiante, LRBRL).
- 21.Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL).
- 22.Lei 5/1997, de 22 de xullo, de réxime local de Galicia.
- 23.Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (en adiante, LXT).
- 24.Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas (Lei 39/2015).
- 25.Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (LOEOSF).
- 26.Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade do goberno local.



Concello de Vigo

27.Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia e Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento desta Lei.

28.Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos e Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- No BOP de 12 de decembro de 2016 publicouse a última modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por licenzas de actividades e instalacións (50), con vixencia sen alteración dende 1 de xaneiro de 2017.

Segundo.- O Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de modificación en data 06.08.2020, na liña da proposta formulada pola Sra. Concelleira Delegada da Área de Urbanismo en expediente 12644-407.

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS.

A Concellería Delegada de Orzamentos e Facenda traslada a esta Dirección de Ingresos a necesidade de utilizar todas as ferramentas técnicas, dentro da legalidade aplicable ás Corporacións Locais, para contribuir á recuperación económica e social derivada da pandemia internacional xerada polo COVID 19, seguindo a liña das medidas tomadas polo Goberno Local de incentivo á actividade e redución de cargas tributarias e, en particular, as taxas pola concesión de licenzas de actividades e instalacións .

Estas actuacións realízanse tendo en conta que, como sinala a Lei xeral tributaria, os tributos, ademais de ser medios cos que conseguir os recursos para financiar o gasto público, son tamén un instrumento da política económica aínda que esta finalidade extrafiscal non pode esquecer a propia finalidade recadatoria, é dicir, a de financiar o gasto público.

Así, a presente modificación da Ordenanza da taxa realízase no contexto doutras medidas de redución da carga tributaria enmarcadas todas elas en políticas municipais dirixidas á protección da familia, a educación, ou o emprego.

Por outra parte, esta modificación da Ordenanza faise dentro das directrices e do necesario respecto à planificación económico-financeira da Concellería de Orzamentos e Facenda para os exercicios 2020 e 2021.

Neste contexto, segundo instrucións da Concellería de Orzamentos e Facenda, fórmulase a proposta contida no presente expediente, consistente en establecer para o exercicio 2021 exención nas taxas resultantes da aplicación do Artigo 5, apartado 1 desta Ordenanza para Licenzas de Actividades de superficie inferior ou igual a 150 m2.

No suposto de actividades de superficie superior a esta cifra de 150m2 resultarán exentos os primeiros 150m2. Neste suposto descontaranse 150m2 da superficie total e á superficie resultante aplicarase o tramo da tarifa do *Apartado 1.1. Superficie do local* que lle corresponda.

Realízase a presente modificación de conformidade cos Artigos 20 ao 27 do TRLRFL, en particular segundo o artigo 24.4.

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar a continuación a estimación da repercusión orzamentaria na partida da taxa de licenzas de actividades e instalacións da Xerencia Municipal de Urbanismo para o exercicio 2021.

Segundo os datos obrantes nos servizos tributarios da Xerencia Municipal de Urbanismo en relación ao importe efectivo desta taxa no exercicio 2019, aquel foi de 72.124,80€

A previsión orzamentaria na partida do presuposto da Xerencia de Urbanismo 32101 para o exercicio 2020 ascendeu á 73.258,44€. Non obstante segundo a estimación, para o exercicio 2020, realizada polos técnicos de Urbanismo no informe económico obrante neste expediente o importe a 31 de decembro sería de 44.637,72€.

Estímase segundo a presente proposta de exención -que modifica en parte a realizada en expediente 12644-407- un impacto orzamentario na partida 32101 de aproximadamente 5.000€.

5. INFORME SOBRE O IMPACTO DE XÉNERO.

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a quen teña a condición de contribuínte. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

6. INNECESARIEDADE DO TRAMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015 DO 1 DE OUTUBRO DO PAC.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, *“cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública”* a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

O informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 é coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de 2018 na innecesariedade de consulta previa no caso de modificación dunha ordenanza fiscal.

Segundo a Dirección Xeral de Tributos: *“o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia”*.



Concello de Vigo

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 15 de xuño de 2018, «unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”.

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudo e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudo e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modificase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame»....

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO:

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUENTES ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR LICENZAS DE ACTIVIDADES E INSTALACIÓN. 2021” (51), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Para o exercicio 2021 gozarán de exención nas taxas resultantes da aplicación do Artigo 5, apartado 1 desta Ordenanza para Licenzas de Actividades de superficie inferior ou igual a 150 m².

No suposto de actividades de superficie superior a esta cifra de 150m² resultarán exentos os primeiros 150m². Neste suposto descontaranse 150m² da superficie total e á superficie resultante aplicarase o tramo da tarifa do *Apartado 1.1. Superficie do local* que lle corresponda

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. Esta modificación entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2021, ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresas.”

2º) Someter a Ditame do TEA do Concello.

3º) Aprobación provisional do Proxecto ditaminado en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello, Páxina Web e Prensa Local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

a) Publicar o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.



Concello de Vigo

b) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(674).- CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DE SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO MEDIANTE PROXECTOS RELACIONADOS COA INVESTIGACIÓN, A INNOVACIÓN E O EMPREGO” CORRESPONDENTES AO ANO 2020. EXPTE. 17466/77.

Visto o informe de fiscalización do 05/08/2020, dáse conta do informe-proposta do 01/08/2020, da técnica de xestión do servizo de Emprego, pola xefa do servizo, polo concelleiro-delegado de Educación e polo concelleiro-delegado de orzamentos e Facenda:

“I. Obxecto da subvención:

As presentes bases reguladoras e convocatoria de subvencións para o fomento do emprego, tenen por obxecto a concesión, en réxime de concorrncia competitiva, de axudas económicas para o desenvolvemento de proxectos relacionados coa investigación, a innovación e o emprego a entidades sen ánimo de lucro, que se realicen como máximo entre o 1 xaneiro e o 15 de outubro de 2020

II. Competencia para a actividade de fomento do emprego:

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local que modificou á Lei 2/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), trata de clarificar, segundo a súa Exposición de Motivos, as competencias municipais, para evitar duplicidades coas competencias doutras Administracións, racionalizar a estrutura organizativa da Administración local e procede, xa que logo, a modificar o réxime competencial municipal coa modificación entre outros, dos artigos 25, 26 e 27 da LRBRL.

Neste marco normativo, a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

A Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coa competencia atribuída en materia de réxime local no artigo 27.2 do Estatuto de Autonomía e, respectando a autonomía que ás entidades locais lles recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución, aprobou a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013.

A devandita lei establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin *a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde o Servizo de Participación Cidadá e Emprego.

De conformidade co exposto, queda determinada a competencia municipal para o exercicio da actividade de fomento do emprego.

III. Beneficiarias:

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades sen ánimo de lucro que estean inscritas, no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), ou teñan solicitado a súa inscrición antes da aprobación das presentes bases pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

IV. Finalidade:

Estas axudas están dirixidas a que mediante a investigación e a innovación, se fomente o desenvolvemento de proxectos de investigación e innovación, preferentemente relacionadas co sector secundario, que poidan dar lugar a xeración de emprego e permitan:

- Facilitar a adquisición de experiencia no ámbito da investigación e a innovación en sectores de interese para o emprego en Vigo e Galicia.
- Fomentar as actividades ocupacionais e informativas de cara a unha integración laboral.
- Fomentar a investigación e o desenvolvemento de proxectos que melloren a actividade económica, preferentemente do sector secundario, cara a incidir na mellora real e o incremento do emprego.

V. Procedemento de concesión da subvención:

A convocatoria realízase en réxime de concorrencia competitiva.

VI. Tramitación:

As novidades introducidas nas bases reguladoras respecto de anteriores convocatorias son as seguintes:

- Modifícase a Base 4ª referente á contía total e crédito orzamentario, xa que en vez de 30.000,00€ nesta convocatoria destínanse 40.000,00€. Tamén se modifica a partida á que se imputa esta contía, sendo nesta convocatoria a partida 2410 4800008 "Axudas desenvolvemento de proxectos invest. relacionados coa innovación", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo
- Actualízase a Base 16ª relativa ao tratamento de datos de carácter persoal.
- Engádense dous Anexos que diferencian os custos subvencionables, o VII e VIII, o primeiro relativo aos custos salariais e de seguridade social con cargo á entidades, e o segundo relativo a outros custos subvencionables nesta convocatoria de axudas.

VII. Normativa de aplicación:

De acordo co disposto no artigo 17.2 da LXS as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións, ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

A este respecto, de acordo co disposto nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo do 2020 e, sen prexuízo da desexable ordenanza municipal reguladora das subvencións que se aprobe a tal efecto - resulta de aplicación para a elaboración das presentes bases o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006,



Concello de Vigo

de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2020 as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VIII. Tramitación electrónica:

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar estas solicitudes de subvención xunto coa documentación complementaria, a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org).

No caso de que se achegue a solicitude ou a documentación complementaria presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que tivese realizado a subsanación.

Así mesmo e, a tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, as entidades beneficiarias achegarán a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a presentación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

IX. Contía total e crédito orzamentario:

A contía total estimada destinada a estas subvencións para o exercicio orzamentario do 2018 do Concello de Vigo é de **40.000,00 €** (corenta mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800008, denominada "Axudas desenvolvemento de proxectos invest. relacionados coa innovación", dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo.

O importe máximo da subvención ou axuda será de 15.000,00 € e, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actividade ou actuación subvencionada.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Para facilitar a administración da axuda concedida poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o

destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa subvencionado, tal e como se establece na liquidación final.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local das bases reguladoras e convocatoria, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión da subvención.

X. Publicidade:

Publicaranse, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o fomento do Emprego mediante proxectos relacionados coa investigación, a innovación e o emprego” e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- Os modelos de formularios oficiais, que se publicarán na páxina web (www.vigo.org) a disposición dos usuarios.

A tal efecto, tense procedido a elaborar unha convocatoria, así como as bases reguladoras e un extracto da mesma en galego e castelán.

XI. Órgano competente:

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local. Xa que logo, de conformidade co disposto na vixente LRBRL e de acordo coas delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, correspóndelle á Xunta de Goberno Local a adopción do presente acordo.

XII. Recursos:

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.



Concello de Vigo

De conformidade co anteriormente exposto, a tenor do previsto nas bases reguladoras da subvención, do artigo 23.3 da Lei de Subvencións de Galicia, e nos termos e condicións, alcance e contido dos informes de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o gasto por importe de 40.000,00 € (corenta mil euros), que se imputarán con cargo á partida orzamentaria 2410 4800008 "Axudas desenvolvemento de proxectos invest. relacionados coa innovación", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2020.

SEGUNDO: Aprobar a convocatoria, o extracto da mesma, as Bases reguladoras da convocatoria de "Subvencións para o fomento do emprego mediante proxectos relacionados coa investigación, a innovación e o emprego" correspondentes ao ano 2020 e os modelos de formularios oficiais, que se achegan ao presente acordo.

TERCEIRO: Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria de "Subvencións para o fomento do Emprego mediante proxectos relacionados coa investigación, a innovación e o emprego" e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- Os modelos de formularios oficiais, que se publicarán na páxina web (www.vigo.org) a disposición dos usuarios.

Contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(675).- CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DAS AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2020, NO ÁMBITO DOS PROGRAMAS DE FOMENTO DO EMPREGO. EXPTE. 17467/77.

Visto o informe de fiscalización do 05/08/2020, dáse conta do informe-proposta do 01/08/2020, da técnica de xestión do servizo de Emprego, pola xefa do servizo, polo concelleiro-delegado de Educación e polo concelleiro-delegado de orzamentos e Facenda:

“I. Obxecto:

A Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá dando continuidade a súa actividade de fomento de emprego, como medida de apoio ás persoas emprendedoras da nosa cidade, desenvolve o Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas, co obxecto de reforzar as axudas que convocan outras administracións cara ao emprendemento.

II. Competencia para a actividade de fomento do emprego:

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local que modificou á Lei 2/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), trata de clarificar, segundo a súa Exposición de Motivos, as competencias municipais, para evitar duplicidades coas competencias doutras Administracións, racionalizar a estrutura organizativa da Administración local e procede, xa que logo, a modificar o réxime competencial municipal coa modificación entre outros, dos artigos 25, 26 e 27 da LRBRL.

A Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coa competencia atribuída en materia de réxime local no artigo 27.2 do Estatuto de Autonomía e, respectando a autonomía que ás entidades locais lles recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución, aprobou a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013.

A devandita lei establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos (apartado terceiro a) nin a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndose elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais. A este respecto, compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello segundo o artigo 80.2.p) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia a participación da formación de activos desempregados e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

Neste marco normativo, a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

De conformidade co exposto, queda determinada a competencia municipal para o exercicio da actividade de fomento do emprego.



Concello de Vigo

III. Beneficiarias:

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, as comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e as persoas que causen alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional constituídas no período comprendido entre o 1 de abril de 2019 e o 31 de marzo de 2020 que cumpran coas obrigas e os requisitos establecidos nas bases reguladoras desta convocatoria que se achegan no expediente.

Non poderán solicitar estas axudas as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.

IV. Finalidade:

Esta convocatoria pretende colaborar dunha forma activa na xeración de emprego no municipio apoiando a posta en marcha de novos proxectos empresariais outorgando especial atención á situación social das persoas promotoras que creen o seu propio posto de traballo, dándose preferencia aos colectivos con maior dificultade de inserción no mundo laboral, e a creación de emprego, por conta propia ou allea, tal e como recolle a base 1.6 Criterios de avaliación.

Por outra banda, esta convocatoria tórnase máis relevante coa finalidade de atenuar as secuelas derivadas da crise económica xerada polo COVID-19 e potenciar a actividade económica do municipio apoiando á continuidade e á reactivación da actividade empresarial e o mantemento do emprego.

V. Procedemento de concesión da subvención:

A convocatoria realízase, ao amparo do disposto nos parágrafos primeiro e terceiro do artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no réxime de **concorrenza competitiva**. No caso de que o montante total das solicitudes debidamente presentadas supere o orzamento previsto na partida dedicada a tal fin, a concesión das subvencións realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, en función dos criterios de avaliación recollidos na base 1.6 e conforme aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

VI. Contido:

As bases reflicten o contido mínimo esixido nos artigos 17 da LXS e 14 da LSG, en canto ao obxecto, requisitos das beneficiarias, procedemento de concesión, criterios obxectivos de outorgamento, contías, crédito orzamentario, compatibilidade con outras subvencións, procedemento de concesión así coma órganos competentes, composición do órgano colexiado, prazo e forma de xustificación. E atenden aos principios reguladores das subvencións establecidos nos artigos 8.3 LXS e 5.2 LSG.

As novidades introducidas nas bases reguladoras respecto de anteriores convocatorias son as seguintes:

- Na *base 1ª* reorganízase a orde de presentación dos apartados, en concreto das *bases 1.4 e 1.5*.
- Na *base 1.4 Tipo, contía das axudas e gastos subvencionables* no relativo aos gastos subvencionables elimínase a subvención para calquera tributo municipal (comunicacións previas, IVTM, etc.) atendendo ás medidas implementadas polo concello cara ás empresas para atenuar as secuelas económicas derivadas polo COVID-19; no apartado *a) Gastos de constitución e apertura* redúcese o número de apartados aínda que recollen o mesmo contido (así o apartado a.3 recolle os apartados a.4 e a.6 da convocatoria anterior). Tamén se elimina a subvención do apartado *a.7 Modelo 600 da Xunta de Galicia* porque pola experiencia de convocatorias anteriores é un gasto que as empresas raramente solicitan. No apartado *b) Existencias iniciais de mercadorías* se inclúe a subscripción a revistas e libros profesionais tal e como consta no apartado 3.3 do *Anexo III. Memoria xustificativa do proxecto empresarial*. No apartado *e) Subministracións e gastos correntes* se inclúen os gastos da formación recibida cando sexa imprescindible na actividade a desenvolver e se elimina a cota dos equipos de seguridade porque é un coste reducido que raramente se solicita. Por último, nesta *base 1.4* se inclúe un parágrafo relativo aos documentos de xustificación de pago que non se admitirán, o que tamén se reflicte na *base 4.2. Documentación*.
- Na *base 1.5 Obrigas*, a obriga de manter a actividade empresarial pasa a ser de seis meses desde a data de concesión desta axuda, para favorecer o seu cumprimento. Así mesmo, se amplía o período no que deberá manterse exposto o cartel informativo do financiamento do Concello de Vigo.
- Na *base 1.7 Alteración das condicións de tramitación e concesión das axudas* adáptase o contido segundo a obriga do apartado 1.5 de manter a actividade empresarial seis meses desde a data de concesión da axuda. Deste xeito, tamén se actualiza o contido do parágrafo no caso de reintegro nas situacións do cese da actividade ou da modificación das condicións.
- Na *base 4.1. Solicitudes* se inclúe un parágrafo informando da necesidade de solicitar cita previa para a atención presencial no concello por mor da situación xerada polo COVID-19.
- Na *base 4.2 Documentación* elimínase o contido repetitivo e actualízase segundo as modificacións realizadas nos anexos para a solicitude da axuda.
- Na *base 4.3 Prazo de presentación* nesta convocatoria pasa a ser de 10 días hábiles dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP. Por outra banda, se inclúe un parágrafo cara a presentación da solicitude en prazo e forma.
- Na *base 5ª Concesión das axudas e tramitación do pagamento* redúcese o prazo de resolución e notificación do procedemento a catro meses contados a partir da publicación da convocatoria.
- Os anexos se presentan organizados para distinguir a tramitación da solicitude da tramitación da xustificación da subvención no caso de concesión desta.
- No *Anexo I. Solicitude* actualízase o contido e se inclúe o contido do *Anexo VII Declaración responsable doutras axudas e de axudas en réxime de minimís* aínda que se mantén para a xustificación da axuda.
- No *Anexo II. Declaración responsable* se inclúe o contido dos Anexos II e III da convocatoria anterior.
- No *Anexo IV. Relación de facturas presentadas* elimínase a columna do IVE pola dificultade que teñen os/as solicitantes no caso das facturas que repercuten varios tipos de IVE o que tamén se reflicte no *Anexo VI. Declaración responsable do perceptor*.

En xeral, realizáronse correccións e adaptacións nalgúns parágrafos para unha maior comprensión do texto e a correspondente actualización de datas.

VII. Normativa de aplicación:



Concello de Vigo

De acordo co disposto no artigo 17.2 da LXS as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións, ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

A este respecto, de acordo co disposto nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo do 2020 e, sen prexuízo da desexable ordenanza municipal reguladora das subvencións que se aprobe a tal efecto - resulta de aplicación para a elaboración das presentes bases o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2020, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VIII. Contía total e crédito orzamentario:

Para a convocatoria do ano 2020 destas "Axudas Municipais á Creación de Empresas" destínase un importe total de **70.000,00€** (setenta mil euros), da partida orzamentaria 2410 470 00 01 denominada "Axudas á creación de empresas" do vixente orzamento do 2020.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local das bases reguladoras, remitiuse o expediente para informe da Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión da subvención.

IX. Publicidade:

Publicaranse, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria de "Axudas municipais á creación de empresas" e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org. Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org.
- Os modelos normalizados para a presentación das solicitudes facilitaranse na páxina web www.vigo.org.

A tal efecto, tense procedido a elaborar unha convocatoria, así como as bases reguladoras e un extracto da mesma en galego e castelán.

X. Recursos:

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime

Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

XI. Órgano competente:

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co artigo 127.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local o *desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal.*

De conformidade co anteriormente exposto e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar o gasto por importe total de 70.000,00 € (setenta mil euros), que se imputarán con cargo á partida orzamentaria 2410 4700001 "Axudas á creación de empresas" dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2020.

SEGUNDO. Aprobar a convocatoria, o extracto da mesma e as Bases Reguladoras das Axudas Municipais á Creación de Empresas 2020, no ámbito dos programas de fomento do emprego, que se achegan no expediente.

TERCEIRO: Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria e as bases reguladoras da convocatoria das "Axudas Municipais á Creación de Empresas" en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org); a publicación que determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- Os modelos normalizados de solicitude facilitaranse na páxina web www.vigo.org.



Concello de Vigo

Contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(676).- PROXECTO DE CONVENIO, COA ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC, PARA A ORGANIZACIÓN DO XXVI FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL. EXPTE. 8476/335.

Visto o informe xurídico do 28/07/2020 e o informe de fiscalización do 10/08/2020, dáse conta do informe-proposta de data 23/07/2020 asinado polo xestor técnico dos expedientes de Festas, pola concelleira de área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“A concelleira delegada da Área de Festas e Turismo resolveu en data 1 de xullo de 2020 que se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración coa Asociación cultural Interfolc, para a organización do XXVI Festival folclórico internacional Concello de Vigo.

O Festival folclórico internacional recolle unha serie de actuacións en barrios e parroquias da cidade de grupos de folclore que representan a cultura doutras rexións ou países. Este programa ten sido desenvolvido en todas as súas edicións anteriores pola Asociación cultural Interfolc (CIF G-36.892.271), que conta como fins, entre outros e segundo os seus estatutos, os de: difundir o folclore; defender e conservar a difusión da danza autóctona de Galicia; organizar festivais; propagar o nome de Galicia a través das súas danzas e música; o estudo, investigación e arquivo de datos folclórico-culturais.

A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

A Asociación cultural Interfolc está en condicións de organizar o XXVI Festival folclórico internacional, conforme ao Programa e ao Presuposto, recollidos como Anexo do texto do convenio. A presente edición do Festival se desenvolverá os días 21, 22, 23, 27, 28 e 29 de xullo e 17, 18, 19, 24, 25 e 26 de agosto de 2020, con oitenta e seis actuacións en barrios ou parroquias do termo municipal, encadrándose así mesmo dentro do programa “Vigo en Festas 2020”.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O Concello de Vigo vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor para potenciar, difundir e apoiar o folclore entre toda a cidadanía, especialmente nos distintos

barrios do termo municipal, achegando as tradicións e as culturas doutros países e do resto de comunidades autónomas.

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación da concesión dunha subvención nominativa polo procedemento de réxime directo. Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo artigo 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e pola Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

O convenio é un dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades convenientes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades. Este convenio regularase igualmente pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da LG 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

O obxecto deste convenio é fomentar, promocionar e achegar o folclore popular, nacional e internacional, á cidadanía.

O Concello de Vigo e a Asociación cultural Interfolc veñen asinando dende o ano 1995 e de forma ininterrompida convenios de colaboración similares para desenvolver este evento, acadando uns resultados moi satisfactorios para ambas as partes. Na lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei 7/1985, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003 e 26.1 da LG 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

A presente axuda acóllese ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2.a da Lei 38/2003, atopándose a tal fin previsión nominativa a favor da Asociación cultural Interfolc no vixente orzamento. O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación 3380.489.0007, prevé a concesión dunha subvención directa de carácter nominativo, a través do correspondente convenio, por importe de 63.000,00 (sesenta e tres mil) euros, a favor da Asociación cultural Interfolc para coadxuvar aos gastos do desenvolvemento do programa "Festival folclórico internacional".



Concello de Vigo

Este convenio, de carácter anual, queda suxeito ao cumprimento pola entidade dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social. A entidade encargárase da organización xeral do evento e asumirá todos os gastos derivados da mesma (contratación dos grupos folclóricos, seguros de responsabilidade civil e de accidentes, etc...) e que, segundo a proposta de Programa e de Presuposto presentado (que figura como anexo do convenio), ascenden a 90.536,00 euros.

Pola súa banda, o Concello de Vigo, ademais de achegar a cantidade económica de 63.000,00 euros, solicitará a presenza dos servizos de Protección civil e Policía local nos espectáculos.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007. Así mesmo, queda facultada a concelleira delegada da Área de Festas e Turismo para asinar o citado convenio, ao amparo do Decreto de delegación de competencias da Alcaldía en virtude do decreto de 18 de xuño de 2019 e acordo da Xunta de Goberno de data 20 de xuño de 2019.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade da concelleira da Área de Festas e Turismo e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA:

“1º.- Que se aprrobe o texto do convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Asociación cultural Interfolc, CIF B-36.892.271, para a organización do XXVI Festival folclórico internacional Concello de Vigo.

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 63.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, a favor da Asociación cultural Interfolc, con cargo á aplicación presupostaria 3380.489.0007 (Convenio Festival folclórico internacional-Interfolc) do programa presupostario de Festas para o vixente exercicio económico.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(677).- CONVENIO DE COLABORACIÓN CON AUGAS DE GALICIA PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN “MELLORA DO SISTEMA DE SANEAMENTO DE TEIS. PRIMEIRA FASE. TERMO MUNICIPAL DE VIGO, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020. EXPTE. 593/441.

Visto o informe de fiscalización do 12/08/2020, dáse conta do informe-proposta de data 29/07/2020, asinado pola técnica de xestión-Servizos Xerais, polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

Primeiro.- O sistema de saneamento de Teis inclúe unha rede de colectores que se estenden polos municipios de Vigo e de Redondela, varios bombeos intermedios e unha estación depuradora de augas residuais (EDAR) cun tratamento biolóxico de aireación prolongada con eliminación de nitróxeno, deshidratación de lodos mediante centrífuga e desinfección con UV. Na devandita rede de colectores detectáronse importantes infiltracións de augas brancas que provocan unha sobrecarga hidráulica continua. Asemade, as masas de augas costeiras na contorna da EDAR non conseguen os obxectivos ambientais para as augas de baño.

Por estas razóns, a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia, mediante resolución de 2 de marzo de 2018 (DOG de 8 de marzo de 2018), decidiu licitar un contrato de servizo para a redacción dun proxecto construtivo da obra de “Mellora do sistema de saneamento de Teis, no concello de Vigo”, cofinanciada nun 80 % pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 (clave OH.336.1149), no que se analice a viabilidade e as alternativas das actuacións necesarias para mellorar o sistema de saneamento de Teis, reducir as infiltracións detectadas na rede de colectores e mellorar os bombeos intermedios.

Segundo.- En data 26 de decembro de 2019, Augas de Galicia remite proxecto de “MELLORA DO SISTEMA DE SANEAMENTO DE TEIS. CONCELLO DE VIGO “ redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos Dña. Raquel Vázquez Seoane (SERVE INGENIEROS S.L.) cun orzamento de licitación de NOVECIENTOS SETENTA E NOVE MIL OITOCENTOS NOVENTA E OITO con SESENTA E OITO CÉNTIMOS (979.898,68 €) e data novembro de 2019, para informe técnico de compatibilidade urbanística, o cal foi emitido pola Xerencia de Urbanismo en data 10 de febreiro de 2020.

O antedito proxecto, tras realizar unha análise da problemática e das posibles solucións e unha valoración económica das mesmas, recolle unicamente aquelas actuacións consideradas prioritarias:



Concello de Vigo

- Renovación do colector de marxe do río Paraixal (parcial)
- Ampliación e mellora da rede separativa na contorna da rúa Baixada ós Ríos.

Terceiro.- Con data 6 de marzo de 2020, recíbese no Concello borrador dun Convenio de colaboración entre Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia e o Concello de Vigo para a execución da actuación “MELLORA DO SISTEMA DE SANEAMENTO DE TEIS. PRIMEIRA FASE. TERMO MUNICIPAL DE VIGO (PONTEVEDRA)” cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80%, no marco do programa operativo FEDER GALICIA 2014-2020.

Cuarto.- En data 26.06.2020, o Concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, resolveu iniciar expediente para a elaboración e aprobación por parte do Concello de Vigo e da Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia dun convenio de colaboración para a execución da actuación “MELLORA DO SISTEMA DE SANEAMENTO DE TEIS. PRIMEIRA FASE. TERMO MUNICIPAL DE VIGO (PONTEVEDRA)” cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80%, no marco do programa operativo FEDER GALICIA 2014-2020.

Quinto.- Consta no expediente memoria xustificativa que xustifica a necesidade e idoneidade do convenio, asinada en data 30.06.2020 polo Enxeñeiro Xefe do Servizo de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, co conforme do Concelleiro delegado da Área. Segundo a devandita memoria, os pactos que se incorporan ao Convenio estímense conformes ao interese público municipal.

Sexto.- O Xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais en data 17.07.2020 emite informe xurídico concluíndo que non existe inconveniente legal para que a Xunta de Goberno Local aprobe o convenio entre a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia e o Concello de Vigo para a execución da actuación “MELLORA DO SISTEMA DE SANEAMENTO DE TEIS. PRIMEIRA FASE. TERMO MUNICIPAL DE VIGO (PONTEVEDRA)” cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80%, no marco do programa operativo FEDER GALICIA 2014-2020.

FUNDAMENTOS

1.- Lexislación aplicable

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante, LRBRL).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

□Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

□Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

□Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (en adiante, TRRL)

□Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local

□Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia.

□Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

□Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de Subvencións.

□Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

□Bases de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo.

II.- Convenio

A celebración de convenios de colaboración entre entidades de dereito público, atópase prevista nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector Público, así como nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia

En canto ó seu contido e procedemento, axustado á lexislación de procedemento administrativo e de subvencións, detállase no informe xurídico obrante no expediente.

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, a necesidade do mesmo e as competencias dos intervenientes recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia. Asemade consta na devandita memoria a xustificación de cumprimento do principio de sustentabilidade financeira, de conformidade co recollido no artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

O obxecto do convenio é establecer as condicións básicas para a colaboración entre a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia e o Concello de Vigo que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes nunha primeira fase da “Mellora do sistema de saneamento de Teis”, a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento. En virtude do convenio, Augas de Galicia comprométese a financiar a execución da actuación de “Mellora do sistema de saneamento de Teis. Primeira fase” ata a cantidade máxima de 1.075.000,00 euros, constatándose a suficiencia das achegas económicas comprometidas pola administración autonómica.

III.-Publicidade



Concello de Vigo

Será necesaria a publicación do convenio de colaboración no Portal de Transparencia do Concello de Vigo para os efectos de dar cumprimento ao disposto no artigo 8.1. b) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

IV.- Procedemento e competencia

Consta no expediente de aprobación do convenio, os documentos necesarios para a súa tramitación: Orde de inicio, Memoria do convenio e texto do mesmo e Informe xurídico.

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello de Vigo.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio .

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia para a execución da actuación “MELLORA DO SISTEMA DE SANEAMENTO DE TEIS. PRIMEIRA FASE. TERMO MUNICIPAL DE VIGO (PONTEVEDRA)” cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80%, no marco do programa operativo FEDER GALICIA 2014-2020, transcrito como Anexo.


Segundo.- Solicitar da Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia a aprobación e subscripción do citado convenio que se anexa.

Terceiro.- Comprometerse a dar cumprimento ás condicións do convenio nos termos do mesmo.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión Municipal ós efectos de publicidade.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN "MELLORA DO SISTEMA DE SANEAMENTO DE TEIS. PRIMEIRA FASE. TERMO MUNICIPAL DE VIGO (PONTEVEDRA), COFINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NUN 80%, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

Lugar, data

REUNIDOS

Dunha parte, Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, nomeada polo Decreto 95/2018, do 26 de setembro, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010 e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Doutra parte, Abel Caballero Álvarez, alcalde do concello de Vigo, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

EXPOÑEN

Primeiro.- O Concello de Vigo ten atribuídas competencias en materia de saneamento de auga potable en base á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que nos seus artigos 25.2 c), 26.1 a) e 86.2, configura o saneamento e depuración de augas residuais como un servizo de competencia local, nos termos establecidos pola lexislación da comunidade autónoma.

Neste senso, o artigo 80.2 l) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, sinala como competencia atribuída ás entidades locais o tratamento de augas residuais, delimitando a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia o reparto competencial neste eido, resultando competencia das entidades locais, en materia de execución de obras, as que teñan por obxecto a rede de sumidoiros (artigo 5.1 b)), redes de distribución (artigo 27.2 c)), a execución de calquera obra no eido do saneamento e/ou a depuración que non teña sido declarada de interese público por algún dos medios do artigo 28 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (artigos 27.2 a)) en relación co artigo 5.1 c)).

Ademais, en materia de prestación do servizo, atribúese competencia ás entidades locais para a prestación do servizo respecto de instalacións non comprendidas no artigo 32 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, respecto daquelas instalacións das que non se solicite a súa asunción do servizo pola Xunta de Galicia de acordo co establecido na disposición transitoria quinta, así como a prestación do servizo de saneamento (artigo 5.1.c)).



Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
"Unha maneira de facer Europa"




Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/08/2020 11:25	Páxina 6 de 14
Expediente 593/441	CSV: 2AE186-AFE4BF-A28183-6JTWXD-FMBW1P-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

ASINADO POR: Técnica De Xestión (Ruth María Gallego Santos) 28/07/2020 12:37:24 - Xefe Servizo Administrativo E Control Orzamentario (Óscar Coso Serral) 28/07/2020 13:11:04 - The Alcalde - Concelleiro Fomento E Servizos (Francisco Javier Pardo Espiñeira) 28/07/2020 14:51:04

Documento asinado



Segundo.- A entidade pública Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Entre estas competencias atópanse, con carácter xeral, e de acordo co establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, a ordenación administrativa e a planificación das obras hidráulicas non declaradas de interese xeral (artigo 4.1 a) e, de xeito concreto, no ámbito do saneamento e a depuración, correspóndelle a ordenación dos servizos de saneamento en alta (artigo 11.5 a)) e a elaboración dos criterios de coordinación das actuacións das entidades locais (artigo 11.5 b) e 26.2d)), entre outras. En calquera caso, as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia exerceranse sempre de conformidade co principio de garantía e eficacia do servizo público de abastecemento (artigo 3.1 f)).

Terceiro.- A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do saneamento e depuración de augas residuais terá por finalidade contribuir á execución do bo estado ecolóxico das augas e dos ecosistemas asociados mediante o cumprimento dos obxectivos establecidos na lexislación aplicable, fomentándose a reutilización das augas depuradas cando isto sexa viable.

Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de saneamento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularse a través de diversos mecanismos como son, a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das entidades locais galegas (artigo 11.3 d), e a regulación e ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).

Cuarto.- O artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o 194 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Quinto.- As obras que se pretenden executar ao abeiro deste convenio consisten na mellora do sistema de saneamento de Teis, no termo municipal de Vigo.

Preténdese con esta actuación acometer unha serie de melloras na rede de saneamento existente que permitan, por unha banda, reducir os problemas de infiltracións de augas brancas que están a provocar unha sobrecarga hidráulica continúa; e, por outra, que as masas de augas costeiras no entorno da estación depuradora de augas residuais melloren os obxectivos medioambientais para augas de baño.



Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
"Unha maneira de facer Europa"



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/08/2020 11:25	Páxina 7 de 14
Expediente 593/441	CSV: 2AE186-AFE4BF-A28183-6JTWXD-FMBW1P-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



**XUNTA
DE GALICIA**



UNIÓN EUROPEA



galicia

En consecuencia, a execución das obras de saneamento obxecto deste convenio trátase dunha competencia atribuída á entidade local que está ademais vinculada a un servizo público cuxa prestación resulta tamén unha competencia da administración local. Polo tanto, queda acreditado o interese principal do concello na súa promoción.

Non obstante, considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, o Concello de Vigo e Augas de Galicia, cada unha dentro do seu ámbito competencial de acordo co exposto nas cláusulas anteriores, así como o deber de colaboración entre administracións establecido na normativa de aplicación, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación das súas actuacións, motivos polos que, as partes subscriben este convenio de colaboración con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto deste convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Vigo que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes nunha primeira fase da "Mellora do sistema de saneamento de Teis. Termo municipal de Vigo (Pontevedra)", a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento, nos termos establecidos nas cláusulas seguintes.

SEGUNDA.- OBRIGAS XERAIS DE AUGAS DE GALICIA

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, Augas de Galicia obrigase a:

1. Levar a cabo as actuacións consistentes na contratación da execución, dirección das obras e da seguridade e saúde, e a xestión delas ata completar a súa finalización conforme aos proxectos aprobados e formalizar os actos de recepción de conformidade co estipulado na lexislación vixente, e cos efectos sinalados na cláusula sexta.
As actuacións expresadas abarcan, de ser o caso, as execucións de proxectos modificados, complementarios, revisións de prezos e proxectos de liquidación ata que as construcións merezan a plena conformidade de Augas de Galicia, por producirse o acto formal de recepción e atoparse en condicións de ser entregadas ao concello para a súa incorporación ao servizo e uso público.
2. Controlar a calidade e a seguranza e saúde das obras de referencia durante a súa execución.
3. Durante o prazo de garantía das obras de referencia, reparar aqueles defectos imputables á súa execución e que se manifesten con posterioridade ao acto de recepción. Esta garantía non cubrirá os danos por un uso inadecuado das instalacións, nin os debidos a actos vandálicos, nin as deterioracións debidas ao paso do tempo, nin defectos ou danos por incumprimentos da normativa vixente.
4. Financiar as actuacións de acordo co estipulado na cláusula quinta.
5. No ámbito das súas facultades, colaborar co concello no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, calquera dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento da actuación, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra hidráulica.



Xacobeo 2021

Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
"Unha maneira de facer Europa"



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/08/2020 11:25	Páxina 8 de 14
Expediente 593/441	CSV: 2AE186-AFE4BF-A28183-6JTWXD-FMBW1P-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

ASINADO POR: Técnica De Xestión (Ruth María Gallego Santos) 28/07/2020 12:37:24 - Xefe Servizo Administrativo E Control Orzamentario (Óscar Cosco Sainza) 28/07/2020 13:11:04 - The Alcalde - Concelleiro Fomento E Servizos (Francisco Javier Pardo Espiñeira) 28/07/2020 14:51:04

Documento asinado



XUNTA DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA



galicia

TERCEIRA.- OBRIGAS XERAIS DO CONCELLO

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, o concello obrígase a:

1. Someter o proxecto das obras de referencia a información pública, mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo non inferior a 20 días hábiles, e emitir unha certificación acreditativa de telo sometido a este trámite, á que se xuntará, de ser o caso, un informe onde se dea contestación ás alegacións presentadas. No caso de que, debido ao alcance do proxecto ou ás afeccións que produza, o concello entenda que non procede este trámite de información pública emitirá certificación neste sentido.
2. Prestar, con carácter previo á licitación das obras de referencia por parte de Augas de Galicia, conformidade co proxecto redactado. Noutro caso, Augas de Galicia poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos neste convenio, sen mais trámites que a comunicación ao concello.
3. A efectiva posta a disposición de Augas de Galicia antes do inicio das obras, dos terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado, para a execución das obras a que se refiren as actuacións descritas na cláusula primeira, así como a reposición de servizos e servidumes. Se os terreos non foran propiedade da entidade local, esta deberá tramitar o correspondente procedemento de expropiación forzosa. Neste suposto, con carácter previo ao inicio das obras e en relación con todos os bens afectados, o concello deberá acreditar o pago ou, no seu defecto, a consignación na Caixa Xeral de Depósitos do depósito previo á ocupación e da indemnización polos prexuízos derivados da rápida ocupación.
4. Asumir a realización das xestións pertinentes, ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, entre os que non haberá liquidación ningunha de tributo municipal, a que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello o titular destas; asumindo tamén o pagamento de calquera taxa, canon ou imposto, de carácter non local, derivado da construción ou explotación das obras de referencia.
No caso de que o proxecto das obras de referencia requira o seu sometemento a trámites de avaliación ambiental, asumir a condición de órgano promotor e substantivo ante o órgano ambiental competente, realizándose de xeito simultáneo ao trámite de información pública.
5. Recibir as obras e, como titular delas, asumir a súa posta en servizo, explotación, mantemento e conservación.
6. A subrogación naqueles contratos de subministro que, se é o caso, tivesen que ser asinados durante o desenvolvemento das obras de referencia para posibilitar a súa execución e que deban ter continuidade unha vez recibidas estas.
7. A utilización das instalacións executadas de acordo coa finalidade prevista.
8. No ámbito das súas facultades, colaborar con Augas de Galicia no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, calquera dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento da actuación, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra hidráulica.



Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
"Unha maneira de facer Europa"



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/08/2020 11:25

Páxina 9 de 14

Expediente 593/441

CSV: 2AE186-AFE4BF-A28183-6JTWXD-FMBW1P-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



XUNTA DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA



galicia

CUARTA.- OBRIGAS EN RELACIÓN A PROXECTOS MODIFICADOS E COMPLEMENTARIOS

No caso de que durante a execución das obras de referencia fora necesario modificar o proxecto ou realizar un proxecto complementario, estes proxectos serán redactados, supervisados e aprobados por Augas de Galicia.

O concello deberá remitir a Augas de Galicia a documentación que a entidade considere necesaria para a súa redacción, previo requirimento. Noutro caso, Augas de Galicia poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos neste convenio, sen mais trámites que a comunicación ao concello.

Con respecto a estes proxectos, Augas de Galicia e o Concello acordan que sexa de aplicación o mesmo réxime establecido para o proxecto primitivo nas cláusulas segunda e terceira deste convenio.

QUINTA.- RÉXIME DE FINANCIAMENTO E OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO

O custo total para a actuación de referencia contemplada neste convenio financiarase integramente por Augas de Galicia ata unha cantidade máxima dun millón setenta e cinco mil euros (1.075.000,00 €). Para o financiamento desta cantidade, Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado na conta 230 "Investimentos xestionados para outros entes públicos" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia. A achega de Augas de Galicia de anualidades futuras está condicionada á existencia de crédito nos seus correspondentes orzamentos. Os compromisos de gasto plurianuais aprobados por Augas de Galicia para financiar a cantidade máxima establecida son os seguintes:

Ano	Importe (Euros)
2020	75.000,00 €
2021	1.000.000,00 €

As baixas do orzamento que se produzan como consecuencia da adjudicación dos concursos de execución das obras de referencia repercutirase a Augas de Galicia. Do mesmo xeito, os incrementos derivados de posibles modificacións do proxecto de execución destas obras así como das eventuais liquidacións definitivas serán asumidas por esta entidade ata a cantidade máxima fixada no parágrafo anterior.

A execución das obras de referencia serán cofinanciadas pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020. A actuación enmárcase dentro do Programa Operativo no Obxectivo Temático 6 "conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos", Prioridade de Investimento 6.2 "o investimento no sector da auga para cumprir os requisitos do acervo da Unión en materia de medio ambiente e para abordar as necesidades, determinadas polos Estados membros, dun investimento que vaia máis alá de ditos requisitos", Obxectivo Específico 6.2.1 "culminar os requisitos da Directiva Marco da Auga a través do investimento en infraestruturas de saneamento, depuración e reutilización de augas residuais, e mellora da calidade da auga". Unha maneira de facer Europa. Polo que, deberanse observar os criterios de elixibilidade, xestión, publicidade e control propios dos documentos de programación e da normativa comunitaria de aplicación ao FEDER. Respectaranse, polo tanto, as normas de subvencionabilidade do gasto do Programa Operativo do citado fondo europeo, así como as normas de información e publicidade establecidas nas Guías de Publicidade e nas demais normas comunitarias que sexan de aplicación.



Xacobeo 2021

Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
"Unha maneira de facer Europa"



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/08/2020 11:25

Páxina 10 de 14

Expediente 593/441

CSV: 2AE186-AFE4BF-A28183-6JTWXD-FMBW1P-H1


Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

ASINADO POR: Técnica De Xestión (Ruth María Gallego Santos) 28/07/2020 12:27:24 - Xefe Servizo Administrativo E Control Orzamentario (Óscar Cosco Sainza) 28/07/2020 13:11:04 - The Alcalde - Concelheiro Fomento E Servizos (Francisco Javier Panto Espiñeira) 28/07/2020 14:51:04

Documento asinado



No caso de que a Comisión Europea adoite decisións que impliquen correccións financeiras e/ou descertificacións de fondos europeos, consecuencia de causas imputables á entidade local ao ocasionar atrasos na execución das obras ou pola incorrecta explotación do executado, o concello obrígase a asumir os ditos importes económicos.

SEXTA.- TITULARIDADE E ENTREGA DAS OBRAS

Titularidade das obras.- O concello adquire a titularidade das obras de referencia de xeito orixinario. Esta adquisición a título orixinario obedece ao feito de que a execución das obras de referencia trae causa, en definitiva, do exercicio dunha competencia de carácter local e da súa vinculación á prestación dun servizo tamén de competencia local, sendo a actividade desenvolvida por Augas de Galicia, de acordo co establecido neste convenio, de carácter instrumental, de auxilio e de prestación de colaboración técnica e financeira para o exercicio destas competencias por parte do seu lexítimo titular, sen prexuízo de que coa dita asistencia prestada por Augas de Galicia se contribúa tamén a acadar os obxectivos de execución da planificación, coordinación coa entidade local e de garantía dunha subministración eficaz, principio que preside as actuacións de Augas de Galicia neste ámbito.

Entrega.- Augas de Galicia, unha vez producido o acto formal de recepción das obras, poñerá en coñecemento do concello que, como titular das obras de referencia, asume a obriga de recibilas no momento no que estas sexan postas á súa disposición, iniciándose o cumprimento e a execución por parte do concello das prestacións derivadas das obrigas contraídas en virtude deste convenio e da normativa de aplicación en canto á súa explotación, mantemento e conservación.

Para estes efectos, a recepción por parte do concello da notificación que efectúe Augas de Galicia, onde se deixe constancia do remate das obras de referencia así como da súa recepción en conformidade por parte de Augas de Galicia, suporá a perda da posesión inmediata das instalacións por parte de Augas de Galicia e equivalerá á súa posta a disposición a favor do concello, entendendo que estas quedan sometidas á esfera da súa vontade. Polo tanto, considerándose entregadas as obras de referencia, darase inicio para o concello, a partires desta data de recepción da notificación, como titular e posuidor inmediato, ao cumprimento e á execución das prestacións derivadas das obrigas contraídas en virtude deste convenio e as establecidas na normativa de aplicación en canto á súa explotación, mantemento e conservación.

O réxime anterior será de aplicación no caso de existir recepcións parciais de obra, sempre e cando as obras recibidas por Augas de Galicia en conformidade poidan ser destinadas ao uso público con independencia do resto de obra pendente de recibir, cuxa posta a disposición do concello terá lugar, do mesmo xeito, unha vez efectuada a súa recepción.

Non obstante o anterior, Augas de Galicia, de acordo co regulado neste convenio e no disposto na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, conservará, unha vez entregadas as obras de referencia ao concello, as competencias relativas á súa inspección facultativa e poderá ordenar os traballos necesarios para a boa utilización das obras, o que será de obrigado cumprimento para a entidade local.

SÉTIMA.- RELACIÓN LABORAL



Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
"Unha maneira de facer Europa"



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/08/2020 11:25	Páxina 11 de 14
Expediente 593/441	CSV: 2AE186-AFE4BF-A28183-6JTWXD-FMBW1P-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



**XUNTA
DE GALICIA**



UNIÓN EUROPEA



galicia

A subscripción deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo con carácter indefinido, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a entidade pública empresarial Augas de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

OITAVA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por dous representantes de Augas de Galicia e outros dous representantes do Concello de Vigo para desenvolver as seguintes actuacións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Actuará como presidente un dos representantes de Augas de Galicia, con voto de calidade.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do convenio.

Os membros desta comisión de seguimento poderán asistir ás reunións desta acompañados do persoal técnico que consideren oportuno. Ademais, cando se considere oportuno, a comisión de seguimento poderá requirir a asistencia técnica necesaria para a avaliación e análise das distintas cuestións sobre as que deban adoptarse acordos.

NOVENA.- NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo.

Todo litixio, controversia ou reclamación resultantes deste convenio ou relativo a este, á súa interpretación ou execución, ao seu incumprimento, resolución ou nulidade, resolverase pola xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O convenio terá efectos desde a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31.12.2021. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas neste convenio.

UNDÉCIMA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Os compromisos de gasto plurianuais aprobados por Augas de Galicia, recollidos neste convenio, poderán ser reaxustados unilateralmente por parte de Augas de Galicia, co límite da cantidade máxima prevista na cláusula quinta do convenio e sempre que non aumente o número de anualidades, para acomosalos ao importe de adjudicación e ao ritmo de execución das obras de referencia, sen que este reaxuste necesite da tramitación dunha addenda ao convenio.



Xacobeo 2021

Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
"Unha maneira de facer Europa"




Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/08/2020 11:25	Páxina 12 de 14
Expediente 593/441	CSV: 2AE186-AFE4BF-A28183-6JTWXD-FMBW1P-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

ASINADO POR: Técnica De Xestión (Ruth María Gallego Santos) 28/07/2020 12:37:24 - Xefe Servizo Administrativo E Control Orzamentario (Óscar Couso Serres) 28/07/2020 13:11:04 - The Alcalde - Concelheiro Fomento E Servizos (Francisco Javier Pardo Espiguelin) 28/07/2020 14:51:04

Documento asinado



Calquera outra modificación no contido deste convenio, requirirá acordo unánime entre Augas de Galicia e o Concello de Vigo e tramitarse a través dunha addenda.

DUODÉCIMA.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

Será causa de extinción automática do convenio:

- o cumprimento do seu obxecto
- o transcurso do seu prazo de vixencia
- que a Unión Europea non cofinancie as obras a través dos seus fondos estruturais ou de investimento.

Ese convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- o mutuo acordo entre as partes asinantes
- a inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes
- a inviabilidade financeira da actuación como consecuencia de atrasos na licitación e/ou adjudicación das obras.

A resolución con causa nalgún dos supostos anteriores non levará asociada indemnización a ningunha das partes.

Ademais, será causa de extinción por resolución o incumprimento do contido do convenio ou das obrigas establecidas para cada unha das partes, sen prexuízo da esixibilidade dos danos e responsabilidades imputables ao causante, que, no seu caso, incluírá a indemnización que lle corresponda ao contratista como consecuencia da resolución do contrato ou demora no inicio ou execución das obras. Neste suposto, antes da resolución do convenio, a outra parte deberá notificar á parte incumplidora un requirimento cun prazo máximo para que leve a cabo os compromisos que se consideran incumplidos. Unha vez transcorrido ese prazo, se persiste o incumprimento, a parte que dirixiu o requirimento notificará á outra parte a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

No suposto de que o convenio se extinga por causas imputables ao concello, as instalacións executadas ata ese momento poranse a disposición do concello, considerándose a tódolos efectos entregadas ao concello titular delas, con efectos liberatorios para Augas de Galicia.

Non obstante todo o anterior, se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en execución, as partes, a proposta da comisión de seguimento, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que se consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización. Neste caso, durante o transcurso deste prazo, as cuestións relativas á titularidade das obras e á cesión da posesión rexeranse polo disposto na cláusula sexta deste convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- RESPONSABILIDADE POR INCUMPRIMENTO DO DEREITO DA UNIÓN EUROPEA


De acordo co previsto no artigo 5.4 do Real decreto 515/2013, do 5 de xullo, polo que se regulan os criterios e o procedemento para determinar e repercutir as responsabilidades por incumprimento do dereito da Unión Europea, o réxime de obrigas e responsabilidades por incumprimentos que contén este convenio, considérase instrumento axeitado para a determinación das correspondentes responsabilidades.



Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
"Unha maneira de facer Europa"



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/08/2020 11:25	Páxina 13 de 14
Expediente 593/441	CSV: 2AE186-AFE4BF-A28183-6JTWXD-FMBW1P-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



DÉCIMO CUARTA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

DÉCIMO QUINTA.- PUBLICIDADE

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas nel, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, asinan as partes este documento por triplicado exemplar, no lugar e data do encabezado

A presidenta
de Augas de Galicia

O alcalde
do Concello de Vigo

Ethel María Vázquez Mourelle

Abel Caballero Álvarez



Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
"Unha maneira de facer Europa"



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 28/08/2020 11:25

Páxina 14 de 14

Expediente 593/441

CSV: 2AE186-AFE4BF-A28183-6JTWXD-FMBW1P-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

18(678).- PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA TABOADA LEAL-TRAMO 1, ENTRE RÚA DON BOSCO E RÚA VENEZUELA”. EXPTE. 4683/443.

Visto o informe de fiscalización do 10/08/2020, dáse conta do informe-proposta de data 31/07/2020, asinado pola técnica de xestión da área de Servizos Xerais, polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, polo xefe do servizo xurídico-Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento e Servizos, en data 12.05.2020 resolveu autorizar o gasto e o contrato para para redacción do proxecto de humanización da rúa Taboada Leal, entre a rúa Ronda de Don Bosco e a rúa Venezuela a favor da empresa SOLTEC INGENIEROS S.L (B36881415).

II.- A empresa SOLTEC INGENIEROS S.L presenta borrador do proxecto “HUMANIZACIÓN DA RÚA TABOADA LEAL-TRAMO 1, ENTRE RÚA DON BOSCO E RÚA VENEZUELA”, redactado polo Enxeñeiro industrial D. Daniel Prieto Renda e cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCOCENTOS SESENTA E CINCO MIL DOUSCENTOS CORENTA E TRES EUROS CON NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS(565.243,95 €).

III.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, en data 21.05.2020, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, na mesma data resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- O devandito proxecto comprende as obras de humanización da rúa Taboada Leal entre rúa Don Bosco e rúa Venezuela, mantendo unha coherencia estética coas actuacións xa executadas no entorno e realizando unha renovación íntegra de pavimentos e servizos. As obras proxectadas pódense resumir nas seguintes actuacións:

- Ordenación do entorno, o acceso rodado mantense dun único sentido ascendente, desde a rúa Ecuador ata a rúa Venezuela, e de dobre sentido desde a rúa Ecuador ata a Ronda de Don Bosco. Require renovación, modernización e actualización do trazado viario existente.
- Executarase unha renovación e firmes en calzada e beirarrúas, incluídos de pasos de peóns, zonas de vao de peóns e accesos a garaxe. Incorporación de nova sinalización vertical, así como novo marcado do viario, con delimitación de carril, prohibición de parada e estacionamento, pasos de peóns, etc.
- No se permitirá o aparcamento en ningún das marxes. Na reordenación da rúa mellórase o acceso e circulación de persoas con mobilidade reducida mediante o tratamento de pavimentos, e a inclusión de vaos de peóns.

- Os criterios de homoxeneización empregados na urbanización do complexo viario do entorno, mantendo ancho de beirarrúas entre 2.90 y 3.00 m, utilizándose materiais similares aos utilizados na actuación da vía ciclista.
- Localización de novo mobiliario urbano: papeleiras, bancos e formación de refuxio de contedores. Renovaranse os alcorques existentes mantendo o arborado consolidado actual en ambos marxes, con instalación de refuxios de contedores para carga lateral dereita e novas xardineiras nas interseccións coas rúas Ecuador e Ronda de Don Bosco, así como novo mobiliario urbano (bancos y papeleiras) partindo da base dunha mellora estética do propio espacio urbano e un maior aproveitamento do mesmo. Incluírse novo arborado no tramo desde o cruce coa rúa Ecuador ata a súa intersección coa rúa Ronda de D. Bosco, no caso de que non se puidesen recuperar os exemplares existentes que se pretenden replantar.
- Instalación de rego: Incorporarase para as zonas axardinadas instalación de rego localizado e independente con sistema de rego por goteo en 1 único sector (novos alcorques e refuxio de contedores).
- Substitución das luminarias existentes por outras mais eficientes, marca Carandini modelo Pechina LED de 85W (temperatura 3000K, factor de mantemento 0.85) que cumpre os criterios de eficiencia enerxética demandados polas exixencias actuais de aforro e sostibilidade. Ampliación da rede semaforica existente, desde arqueta existente á altura rúa Venezuela ata súa conexión na rúa Ronda de D. Bosco.
- Renovación íntegra da rede de abastecemento e deseño de novo trazado de mallado de rede. Novo sistema separativo de pluviais e saneamento a través da arqueta sifónica situada na rúa Venezuela.
- Actuación sobre a Travesía de Taboada Leal: Renovación íntegra da rede de abastecemento existente, da rede saneamento e pluviais existente e do pavimento existente.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de SETE (7) meses.

V.- A Enxeñeira da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. E Asis. Municipal, emite en data 30.07.2020 informe, indicando o seguinte:

“Xa que a contía do proxecto é inferior a 500.000,00 euros, e a actuación non afecta á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra, o presente informe ten carácter facultativo. Art. 235



Concello de Vigo

da lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014..

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do

Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de **“HUMANIZACIÓN DA RÚA TABOADA LEAL-TRAMO 1, ENTRE RÚA DON BOSCO E RÚA VENEZUELA”** redactado polo Enxeñeiro industrial D. Daniel Prieto Renda, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCOCENTOS SESENTA E CINCO MIL DOUSCENTOS CORENTA E TRES EUROS CON NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS(565.243,95 €) e sinatura dixital de data 17 de xullo de 2020.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(679).- PROXECTO DE ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN MEDIOAMBIENTAL: “PERCORRIDOS MEDIOAMBIENTAIS DE OUTONO A CARÓN DOS SENDEIROS LOCAIS POLOS MONTES DE VIGO, DENTRO DO PROGRAMA “CAMIÑO A CAMIÑO 2020”. EXPTE. 14911/306.

Dáse conta do informe-proposta de data 13/08/2020, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente e pola concelleira de área:

“ANTECEDENTES:

A concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable en data do 7 de agosto de 2019, acordou a iniciación de procedemento para a elaboración e aprobación do proxecto de sensibilización medioambiental coa temática Percorridos Medioambientais de Outono a carón dos sendeiros locais polos montes de Vigo, dentro do programa Camiño a Camiño 2020.

O Servizo de Medio Ambiente redacta o mencionado proxecto que recolle oito percorridos medioambientais polos sendeiros locais dos montes de Vigo, para un total de 800 participantes, que se desenvolveran nos meses de setembro e outubro de 2020.

O número previsto de participantes por percorridos será de 100 persoas, que a súa vez se dividirán en grupos de 25 persoas para o cumprimento da normativa Covid-19 vixente.

As actividades realizadas polos sendeiros locais de Vigo van dirixidas ao coñecemento do hábitat do termo municipal de Vigo, tanto nas súas dimensións de flora e fauna como de conformación do ecosistema e das dinámicas humanas de adaptación a este, coñecemento do patrimonio cultural e arqueolóxico o carón dos sendeiros. Para isto, desenvolveranse



Concello de Vigo

percorridos por espazos cunha riqueza botánica e cultura particular: sendeiros locais de Beade-Bembrive, Candeán, Zamáns, Oia, Valadares, Matamá-Comesaña, Coruxo, Saiáns.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

O artigo 25.2., apartados b) e l), da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, outorga competencias aos Municipios, nos termos da lexislación do estado e das CC.AA., no “medio ambiente urbano” e, tamén, “ocupación do tempo de lecer”.

A Área municipal de Medio Ambiente e Vida Saudable ten atribuído en virtude da resolución da alcaldía do 26 de xuño de 2019, competencias en materia medioambiental, entre as que destacan, desenvolver programas e campañas de información, educación, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente, tamén, o fomento de hábitos de vida saudables.

A protección do medio ambiente exerceuse non so a través dos procedementos de disciplina medioambiental, senón tamén a través de políticas de sensibilización, educación e concienciación da cidadanía en materia medioambiental.

As distintas leis sectorias, tanto estatais como da C.A. de Galicia, recollen dentro dos seus principios inspiradores a educación ambiental, a sensibilidade e concienciación da cidadanía polo respecto e protección do medio ambiente.

A Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia establece no seu artigo 2.e, como un dos principios inspiradores da Lei, o da promoción da educación ambiental e da concienciación cidadá, en tódolos sectores sociais, para una eficaz defensa dos valores ambientais, a fin de que, de acordo coa información obxectiva, completa e actual, poida participar a totalidade da poboación na defensa do seu medio ambiente.

Neste sentido, a Concellería de Medio Ambiente ben realizando actividades de sensibilización e educación medioambiental, fundamentalmente no entorno de Vigo e bisbarra.

As actuacións realizadas sempre buscan, ademais de trasladar coñecementos básicos sobre o medio ambiente, percibir directamente estes coñecementos coa experiencia de camiñar e de realizar accións interpretativas sobre o terreo.

Nesta liña, esta concellería pretende continuar con rutas medioambientais que fomenten a sensibilización da cidadanía polo medio ambiente, coñecemento do hábitat da área de influencia de Vigo, tanto nas súas dimensións de flora e fauna como de conformación do ecosistema e das dinámicas humanas de adaptación a este coñecemento do patrimonio cultural e arqueolóxico o carón dos sendeiros. Para isto, desenvolveranse percorridos por espazos cunha riqueza botánica e cultura particular: sendeiros locais de Beade-Bembrive, Candeán, Zamáns, Oia, Valadares, Matamá-Comesaña, Coruxo, Saiáns.

O orzamento estimado do proxecto ascende a un total de 18.137,90 euros (VE engadido).

O orzamento, de máximos, é unha mera estimación e a posibilidade da súa execución virá determinada pola dispoñibilidade orzamentaria axeitada e suficiente cuxa fiscalización, cando proceda, se levará a cabo nos correspondentes expedientes administrativos precisos para súa efectiva execución.

A estes efectos a Concellería de Medio Ambiente iniciou o procedemento administrativo núm. 14926/306: convenio de colaboración coa entidade Vego Supermercados, S.A.U. que desenvolverá as actividades prevista e, por tanto, sen custe para a Administración municipal.

Na presente anualidade non haberá gastos de transporte de autobús, por canto o desprazamento ó lugar de inicio do percorrido será por conta dos usuarios en atención as medidas de protección fronte á COVID-19.

O proxecto proposto configúrase, por tanto, como unha actividade conforme co interese público municipal e axustada ao ordenamento xurídico.

En virtude do apartado Primeiro, 4 da resolución de delegacións de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 18 de xuño de 2019, correspóndelle a esta a “aprobación de calquera programa, plan, proxecto, campaña ou promoción de actividade e ou servizos de competencia municipal”.

En mérito dos antecedentes e fundamentos expostos, formúlase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

Aprobar o proxecto de actividades de sensibilización medioambiental: “Percorridos Medioambientais de outono a carón dos sendeiros locais polos montes de Vigo,” dentro do programa Camiño a Camiño 2020, redactado polo Servizo de Medio Ambiente en data do 13 de agosto de 2020, que recolle oito rutas medioambientais por polos sendeiros locais dos montes de Vigo para un total de 800 participantes que se desenvolveran nos meses de setembro e outubro de 2020.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(680).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE CATRO FUNCIONARIOS DE CARREIRA COMO POLICÍAS LOCAIS, OEPS 2010-2011 E 2014-2015-2016. EXPTE: 36142/220.

Visto o informe de fiscalización do 07/08/2020, dáse conta do informe-proposta do 06/08/2020, asinado polo técnico de Organización e Planificación, pola xefa de Área de RR HH e Formación e pola concelleira-delegada de área, que di o seguinte:



Concello de Vigo

I.- Antecedentes:

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de abril de 2019, foron nomeados funcionarios en prácticas con cargo a prazas vacantes de Policía, entre outros, os aspirantes D. J. García Miguélez, NIF ***2935**, D. J.C. González Fortes, NIF ***6214**, D. D.L. Pena Pereira, NIF ***6069** e, D. B. Pérez Pérez, NIF ***9502**, tomando posesión con data 22 de abril de 2019.

Por acordo do mesmo Órgano de data 13 de febreiro pasado, foron cesados como funcionarios en prácticas, por non ter superado o curso selectivo para o acceso a categoría de policía dos corpos da policía local de Galicia, convocado mediante resolución do 25 de febreiro de 2019, nos termos do informe remitido pola Academia Galega de Seguridade Pública en data 06 de febreiro anterior, no que se indicaba que os referidos funcionarios deberán repetir unha parte do próximo curso selectivo que se convoque por un total de catro semanas.

Por Resolución da Academia Galega de Seguridade Pública do 20 de febreiro de 2020, DOG de 2 de marzo actual, foi convocado un curso básico selectivo para o acceso á categoría de policía, escala básica dos corpos da Policía Local.

A Academia Galega de Seguridade Publica (AGASP), en documento 200037496 rexistrado na Plataforma ORVE en data 05/03/20, anexado ao expediente 35555/220, procedeu a convocar novamente aos aspirantes relacionados anteriormente a realización dun novo curso selectivo, polo que procedía novamente o seu nomeamento como funcionarios en prácticas para poder participar no referido curso, que ía dende o 23 de marzo ao 24 de abril, ámbolos dous días incluídos.

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 12 de marzo de 2020, acordou a adopción de medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19 (DOG núm. 49 bis, do 12 de marzo), complementado polas previsións contidas na Resolución da Dirección Xeral, do día 13 de marzo de 2020, pola que se dispón a suspensión temporal da actividade académica docente da Academia Galega de Seguridade Pública e, polo tanto, do curso básico selectivo para o acceso á categoría de policía, correspondente a 12ª promoción de policía local de Galicia, en que se acordou que o alumnado dese curso selectivo, que acababa de comezar, se incorporase de xeito inmediato (16 de marzo de 2020) aos seus respectivos concellos para realizar, de xeito extraordinario, un período de prácticas, no marco do curso selectivo.

En base ao anterior, coa declaración da emerxencia sanitaria en Galicia, con data 12 de marzo, as actividades presenciais da AGASP foron suspendidas polo Consello da Xunta.

O 16/05/2020, o CECOP acordou o reinicio dese curso teórico, e con data 18 de maio o director xeral da AGASP resolveu as medidas que se acordan para dito reinicio da formación presencial na Academia, polo que os alumnos referenciados deben incorporarse as clases na AGASP durante o período comprendido entre o 08/05/2020 e o 03/07/2020.

A Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), en documento 200059883, rexistrado na Plataforma ORVE en data 20/05/20, anexado ao expediente 35558/220, procedeu a convocar novamente aos aspirantes relacionados anteriormente a realización dun novo curso selectivo, polo que procedía novamente o seu nomeamento como funcionarios en prácticas para poder participar no referido curso, que tivo lugar durante o período comprendido entre o 08/05/2020 e o 03/07/2020, ámbolos dous días incluídos.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 28 de maio de 2020, acordou o nomeamento o nomeamento como **funcionarios en prácticas** con cargo ás prazas convocadas de **POLICÍA LOCAL**, os aspirantes D. J. García Miguélez, NIF ***2935**, D. J.C. González Fortes, NIF ***6214**, D. D.L. Pena Pereira, NIF ***6069** e, D. B. Pérez Pérez, NIF ***9502**, e que propostos polo Órgano de Selección, por ter superados todos os exercicios da oposición libre e, que foron convocados pola Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) en segunda convocatoria, segundo documento 200059833, rexistrado na Plataforma ORVE en data 20/05/2020, anexado ao expediente 35558/220, tomando posesión con data 08 de xuño de 2020.

Con data 30/07/2020, a Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), en documento 200138264, rexistrado na Plataforma ORVE en data 30/07/20, anexado ao expediente, comunica a éste concello que os referidos catro funcionarios en prácticas, “entre os días 8 de xuño a 3 de xullo de 2020 realizaron a recuperación deste curso, obtendo a cualificación aptos de acordo coa xuntanza do claustro de profesorado e titoría celebrado con data 20 de xullo de 2020”, polo que en consecuencia “**superaron o curso selectivo para o acceso a categoría de policía, dos corpos da policía local de Galicia**, convocado mediante resolución do 25 de febreiro de 2019”.

II - Consideracións legais :

O artigo 35 da lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, indica que o modo de ingreso na categoría de policía realízase polo sistema de oposición libre, e require ademais da superación das probas selectivas, aprobar un curso de formación na AGASP e superar un período de prácticas.

O artigo 19 o decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril de coordinación de policía locais textualmente di “*unha vez superado o curso selectivo de que se trate e o período de prácticas, a academia emitirá informe ao concello correspondente certificando tal circunstancia, de xeito que se poida proceder ao nomeamento como funcionario de carreira e a toma de posesión na prazo ou posto concreto*”.

En consecuencia procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).



Concello de Vigo

III - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Xefa da área de Recursos Humanos e Formación e da tenente de alcalde e concelleira-delegada da área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por decretos da Alcaldía de 18/06/2019 e 26/06/2019, e acordos da XGL de 20/06/2019 e 04/07/2019 e, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de recursos humanos que subscribe, coa conformidade da Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte,

PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO: Nomear **funcionarios de carreira** con cargo ás prazas vacantes de **Policía Local** incluídas na OEP 2010-2011-2014-2015-2016, aos seguintes funcionarios en prácticas, nomeados pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria, de data 28 de maio de 2020, ao ter superado satisfactoriamente o curso teórico-practico previsto nas bases da convocatoria:

- 1- **D. J. García Miguélez, con DNI ***2935****
- 2- **J.C. González Fortes, con DNI ***6214****
- 3- **D.L. Pena Pereira, con DNI ***6069****
- 4- **B. Pérez Pérez, con DNI ***9502****

SEGUNDO.- Os aspirantes nomeados deberán tomar posesión da súa praza como funcionarios de carreira no prazo de 1 mes a partir da publicación dos nomeamentos no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto na Base 16ª das Xerais da convocatoria.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos interesados, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, ás Xefaturas das Áreas de Mobilidade e Seguridade e do Servizo de Policía Local, así coma ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

CUARTO: Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social".

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(681).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO INTERINO DUN SUBALTERNO PARA O SERVIZO DE CONSERXERÍA. EXPTE: 36256/220.

Visto o informe de fiscalización do 24/08/2020, dáse conta do informe-proposta asinado o 24/08/2020 pola técnica de Admon. Xeral da Área de RR HH e pola concelleira-delegada de área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Con data de sinatura electrónica, a Xefa da Área de Réxime Interior, solicita o nomeamento dun/dunha sublaterno/a, dada a renuncia da persoa nomeada anteriormente, manifestando o urxente nomeamento para correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

II.- En resposta a esta petición, a concelleira-delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, mediante instrución de servizo de data 14/08/2020 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo, para proceder baixo a modalidade que resulte oportuna, ao nomeamento interino dun/dunha sublaterno/a.

III.- Con data de sinatura electrónica, emítase informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:



Concello de Vigo

*"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

"El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, ditada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**"*

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de catro meses (ata o 31/12/2020), dentro dun período de doce meses.

O/a funcionario/a interino/a percibirá o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 155-subalterno/a), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data



Concello de Vigo

15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito da Xefa da Área de Réxime Interior (con referencia á renuncia do efectivo anteriormente nomeado-expte 35139-220), así coma na Instrución de servizo da concelleira-delegada Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, na que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico emitido pola técnica de avaliación e formación que consta no expediente (trámite 20) e ao cal nos remitimos na súa integridade para evitar reiteracións innecesarias, o nomeamento interino proposto por un período máximo de catro meses (ata o 31/12/2020), dun/dunha Subalterno/s para conserxería, supón un gasto de **7.453,65 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **2.461,68 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

Indicando que debe solicitarse a anulacion do crédito sobrante nos mesmos no seguinte xeito:

AC no 17872 por importe de 3.726,82€

AC no 17872 por importe de 1230,84 €

O custo do referido nomeamento imputarase a aplicación orzamentaria 92001400000 do orzamento do exercicio 2020, no que respecta a retribucións e a aplicación orzamentaria 920.0.1600099 no que respecta aos custes da seguridade social.

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa que obra no expediente

“Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Subalterno/a, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

- Que verificadas as listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Subalterno, por acumulación de tarefas, a M. Cid Rodríguez, con dni ***4579**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta

de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”

A mesma aceptou expresamente mediante escrito que consta anexado ao expediente optar ao referidos nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de recursos humanos e formación e da sra. concelleira-delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por decretos de alcaldía en datas 18/06/2019 e 26/06/2019 e por acordos da xunta de goberno local de datas 20/06/2019 e 04/07/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como Subalterno (cod.155), ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de catro meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificadas nas necesidades do servizo de conserxería pola renuncia do efectivo nomeado no expediente 35139-220.

O gasto de este expediente supón un importe de **7.453,65 €**, ao que haberá que engadirse a cantidade de **2.461,68 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas por un período máximo de catro meses (dende o 01/09/2020 ata o 31/12/2020), como **Subalterno** a M. Cid Rodríguez, con dni *****4579****, na súa condición de seguinte aspirante na lista que superou todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento farásese de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorra o prazo máximo dos catro meses (ata o 31/12/2020) dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto posto cód. 155-sublaterno/a, sendo adscrito ao Servizo de COnserxería sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables,



Concello de Vigo

restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral da funcionaria interina nomeada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo á aspirante nomeada, ao Servizo de Conserxería, á intervención xeral, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(682).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e cero minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/rs.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez